

infraestruturas

Proxectan construír un centro de enogastronomía na Fábrica da Luz. **Páx. 4**

medio rural

O Concello reúnese coas comisións das festas patronais das parroquias. **Páx. 8**

entrevista

Elvira Paloma Fernández Domínguez, presidenta da Asociación Concepción Arenal. **Páx. 14**

economía

Aprobados os Orzamentos no primeiro pleno do novo alcalde. **Páx. 17**

cultura

FaCeLa Fest e Candeloria son as citas musicais máis próximas, xa con programación. **Páx. 18**

O final das obras volve ser punto de debates



Eleccións á dirección do PSOE provincial

Á esperada candidatura de José Tomé súmase outra encabezada por Iván Castro. **Páx. 11**

Nova vida ao Parque Infantil de Tráfico


Comezaron os cursos de educación vial para escolares nas instalacións da Milagrosa. **Páx. 21**

Miguel Fernández



Entrevista ao novo alcalde de Lugo trala toma de posesión. **Páx. 12-13**

Club de Lectura de Lugo



Está coordinado por María Fernández, que fala da súa historia. **Páx. 20**

LaLiga Genuine



Un equipo cun gran labor deportivo, social e transformador. **Páx.31**

O Pleno apoia o Plan Deputación

Foi aprobado por unanimidade o reparto dos cartos en cada un dos 67 concellos. **Páx. 29**

**PREFABRICADOS
Y HIERROS
TOURÓN**

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



**NUEVO
SERVICIO:
PLANTA DE
HORMIGÓN**



Móvil: 692 946 694

629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

**Prefabricados y Hierros
TOURON, S.L.**

Vilar de Sarria, 34

27614 Sarria - Lugo

Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501

Móvil: 629 802 700 - 629 817 933

email: hierrostouron@gmail.com

As obras do centro histórico protagonizan o debate social

O alcalde de Lugo, Miguel Fernández, inspeccionou os traballos que se están a realizar no centro histórico da cidade, dentro do proxecto denominado ‘Corazón Verde’ e comprometeuse a que as obras no casco antigo estean rematadas antes do 15 de xuño.

Este compromiso acadouse tras unha reunión coas empresas encargadas de executar os traballos, onde se fixo este prazo, agás que xurdan imprevistos como o achado de restos arqueolóxicos de gran relevancia.

Así, a data límite para as intervencións nas rúas Santo Domingo e Rúa Teatro será ese 15 de xuño, mentres que os traballos na Rúa Montevideo, onde se produciu un recente descubrimento arqueolóxico, deben concluír antes, concretamente o 15 de maio.

O achado na Rúa Montevideo revelou fornos romanos e fragmentos de vasillas, un descubrimento significativo que podería retrasar parcialmente as obras. Este xacemento atópase na zona de Montevideo, por riba do cruce con Rúa Nova.

O alcalde manifestou a súa confianza en que as obras avanzarán conforme ao previsto, respectando os prazos establecidos, agás novas sorpresas arqueolóxicas que poidan xurdir.

Porén, a sociedade luguesa non cre que se cumpran ditos prazos, xa que xa van dous anos de obras, coas súas respectivas prórrogas, cando estaban previsto levalas a cabo nun prazo de 10 meses. “Queren rematar as obras no casco histórico de Lugo antes do 15 de xuño para ter a cidade lista antes do Arde Lucus, e iso está ben, tendo en conta que o Concello se cargou o evento do ano pasado

xustamente porque estaba a cidade toda levantada”, sostén un veciño.

Por outra parte, non só molestan as obras e os desperfectos no chan, a sociedade de Lugo tamén critica o baleiro das prazas peonalizadas, xa que o proxecto ‘Corazón verde’ pouco verde ten. Así, algún lembra a tala de árbores, teixos concretamente, “injustificada” que se fixo na praza de Ferrol.

Así como tamén se critica a decoración, na que destacan bancos de estilo moderno e de aceiro xa oxidado “que non pegan ben co espazo”, tal e como sostén o deseñador e historiador da Arte Guille Tort, que opina que “os bancos da praza de Ferrol son doutro tipo de espazo público, non pegan nun casco histórico”. Así, sostén que “é unha mágoa crear un espazo peonil e grande, no que destaca o cuartel de San Fernando, a Muralla e o colexio A Milagrosa, pero os ollos vanse aos bancos ou aos farois”, comenta e engade: “Os elementos decorativos dunha praza dun casco histórico non deberían ser protagonistas, senón integrarse no espazo como un elemento máis, facendo un conxunto harmónico, e no caso de Lugo é todo o contrario”.

Ademais, cre que a disposición destes elementos “é agresiva”, xa que hai pouca separación entre os farois, que ademais, “sobran”. No caso concreto da rúa Montevideo, Tort explica que “a rúa xa estaba ben iluminada, xa que había focos de luz pegados á fachada dos edificios, pero agora os farois interrompen a vista. Antes quen cruzaba a Rúa Nova con Montevideo, podía ver perfectamente a Muralla e coa peonalización pode-



ría conseguirse unha paisaxe, pero con tantos farois, entorpécese esa imaxe. Deberían explicarnos para que valen tantos focos de luz postos sen unha dirección concreta”, critica.

CIRCULACIÓN VIARIA. Actualmente, está en vigor un novo plan de tráfico municipal, que eliminou xa o tráfico rodado pola Rúa Nova, consolidando esta vía como un espazo exclusivo para peóns, ao igual que a Rúa San Marcos, que tamén recuperou o seu uso peonil.

Para culminar estes traballos, é necesario ocupar o cruce entre a Rúa Nova e a Rúa Montevideo, mentres que continúan tamén as actuacións na Rúa Bolaño Ribadeneira, no tramo comprendido entre Rúa Nova e Rúa Quiroga Ballesteros.

Así, servizos de emerxencia, residentes e usuarios do aparcadoiro da Rúa Ramón y Cajal acceden e saen pola Rúa Montevideo en dobre sentido, cun carril habilitado en cada dirección, eliminando o acceso e saída pola Rúa Nova.

Por outro lado, o tramo de Montevideo entre Ramón y Cajal e Rúa Nova está reservado para residentes e servizos de emerxencia, tamén en dobre sentido pero cun único carril de circulación.

Finalmente, os vehículos que acceden á Rúa Nova desde a zona da Praza da Soidade e que van cara a Montevideo, deben desviarse polo Carril dos Fornos, continuar por Rúa María Balteira e saír por Montevideo en dirección á Porta de Bispo Odoario. En resumo, os vehículos que necesitan acceder á Rúa Montevideo desde Bispo Odoario ata Rúa Nova fano entrando e saíndo por Bispo Odoario.

Pola súa parte, os que se dirixan á zona da Praza de Ferrol, Bolaño Rivadeneira, Amor Meilán, San Froilán ou Quiroga Ballesteros (no tramo entre Bolaño Rivadeneira e San Froilán) deben utilizar como vía de entrada e saída a Rúa San Fernando, segundo o plan de tráfico anunciado polo Concello.

●

●

●

●

UNIVERSIDAD

Grado en:

ROBÓTICA

Matemáticas I, II y III

Estadística

Física I y II

BIOQUÍMICA

Matemáticas

Física

Química general e inorgánica

Química - Física I

Bioestadística

ENX. AGRÍCOLA

ENX. FORESTAL

Matemáticas I, II y III

Estadística

Física I y II

ENX. PROCESOS QUÍMICOS IND.

Matemáticas I y II

Física I y II

Métodos Estadísticos

ENXEÑARÍA CIVIL

Matemáticas I, II y III

Estadística

Física I y II

PROFESORADO ESPECIALIZADO PARA CADA MATERIA

ABAU

(Antigua selectividad)

BAC - E.S.O.

ACCESO CICLOS

Matemáticas - Física

Química - Lengua

Gallego - Inglés

Historia - Filosofía

Biología - Geología

Geografía

Historia del Arte

j.m.rivas

ACADEMIA

ALTO PORCENTAJE DE APROBADOS

ATENCIÓN PERSONALIZADA

GRUPOS REDUCIDOS

Preparación específica para subir nota en ABAU

QR CODE

C/ Dr. Fleming, 8 - Tel.: 982 81 56 22

jmrivas.es



O problema do tráfico en la ciudad: descoñecemento ou mala sinalización?

O tráfico en Lugo volve estar no centro do debate cidadán. Máis alá das críticas ao proxecto Corazón Verde polas obras que conxestionan o centro histórico, outro punto conflitivo repítese con frecuencia nas queixas veciñais: as rotondas ou glorietas, interseccións en aparencia sinxelas pero que, na práctica, supoñen unha dor de cabeza para moitos condutores.

A chamada Glorieta Xaquín Lorenzo Xocas, onde conflúen varias arterias importantes, como a Avenida Ramón Ferreiro, a Avenida Alcalde Anxo López Pérez, a Avenida Rodríguez Mourelo e a rúa Vilalba, é un dos focos de maior conflitividade. A presenza de semáforos e a pouca e confusa sinalización provocan unha circulación caótica nas horas punta que os veciños e veciñas denuncian. O Goberno municipal, consciente desta problemática, explica que a decisión de colocar a rotonda “foi técnica e consensuada por diferentes servizos municipais tras estudar como dar solución ao tráfico nesa zona. Temos que ter en conta que se trata dunha zona sensible debido á grande cantidade de centros escolares que se atopan na zona e pode

converterse nunha praza nas grandes festas da cidade. Sabemos que o tráfico conflúe nesa zona en determinadas horas, coincidindo coas horas de entrada e saída dos centros de ensino”. Por iso, adiantan que “se vai renovar a sinalización horizontal e vertical nesa zona para mellorar a circulación”. Ademais, engaden que os servizos técnicos municipais, amparándose nunha das mellores empresas de Galicia, abalan a ordeñación do tráfico na confluencia, aínda que se están a estudar diferentes solucións dada a sensibilidade do espazo”.

Pola súa parte, José Manuel Gómez, presidente da Asociación Galega de Autoescolas, considera que “o deseño do cruzamento é problemático dende a súa concepción. O primeiro que debemos dicir é que iso non é unha rotonda, é unha praza de circulación xiratoria, xa que non seguimos un percorrido circular como esixe unha glorietta. É un cruzamento cun elemento redondo no medio que nin sequera está elevado”. A isto súmase, di, unha deficiente sinalización: “Está pouco sinalizada. Hai un ceda o paso que debería estar máis visible, e en dous puntos existen si-

nais verticais, pero a horizontal está borrada. Ademais, os semáforos non teñen as fases claras como antes: agora están en vermello ou ámbar, e iso xera confusión. Deberíamos volver ao semáforo tradicional de verde, ámbar e vermello”.

Así, cando os semáforos están en vermello, poden pasar os peóns; cando se poñen en ámbar, non. Os condutores que soben da rúa Vilalba esperan no semáforo ata que se pon en ámbar e arrancan o coche sen mirar se xa hai algún vehículo á súa esquerda para circular de forma xiratoria. O resultado, segundo o presidente da Asociación, é evidente: “Quen coñece o cruzamento vai lento, pero quen non, dubida ou actúa por instinto. Iso xera estrés, case accidentes constantemente e unha circulación imprevisible. A lei da selva”.

A sensación de inseguridade fixo que algúns condutores eviten directamente pasar por esta zona. “Hai xente que prefire non pasar por alí. Non sabes quen ten a prioridade. Está mal sinalizado e xera confusión”, insiste Gómez. “Incluso hai coches que quedan detidos no medio da praza na hora punta, o que colapsa aínda

máis a circulación”.

AS NORMAS DA DGT. Desde o Concello de Lugo reafírmase en que é unha rotonda e, polo tanto, nela haberá que cumprir as normas de circulación establecidas pola Dirección Xeral de Tráfico, que son claras: débese ceder o paso aos vehículos que xa circulan por dentro da rotonda, utilizar os intermitentes para indicar a saída e respectar tanto a sinalización vertical como horizontal, ademais dos semáforos cando os haxa. Sen embargo, estas directrices non sempre se aplican correctamente. “O problema non é que a xente non saiba usar as rotondas, é que se esquece das normas”, afirma Gómez, presidente da Asociación Galega de Autoescolas. “Todos tivemos que aprendelas, pero logo relaxámonos, un acostúmase a facer o que ve ou simplemente por preguiza non se fai ben”.

Ademais, entre os erros máis comúns está o uso incorrecto dos carrís: “O importante é circular pola dereita, pero a xente vai pola esquerda, que debería ser só para adiantar. Para saír da glorietta hai que ir polo carril dereito, e iso tampouco se res-

pecta”. Así, apunta que, durante as súas clases aos diferentes alumnos, presenciou situacións estresantes que puideron causar un accidente: “Presenciei moitos case-accidentes, pero por sorte a xente vai lento por medo, porque non saben a quen ceder o paso. Hai moita xente que evita pasar por alí e non vai”, explica.

Desde a Asociación Galega de Autoescolas propoñen unha solución: reforzar a educación viaria. “Debería haber campañas de concienciación constantes. Non só polas normas básicas, senón porque cada vez hai máis cambios. Por exemplo, “moita xente non sabe que o adianto a bicicletas está permitido en liña continua se non vén ninguén polo carril contrario, e tampouco aplica a distancia de seguridade”, apunta Gómez.

O presidente propón tamén a colaboración entre entidades: “A Policía Local podería facer campañas formativas, e desde a nosa Asociación estaríamos encantados de organizar cursos co Concello. Incluso se poderían subvencionar”. Sen embargo, tamén sinala que a propia xente é a causa de que non se organicen estes cursos, porque “se non o paga, non o valora e non vai”. Gómez conclúe cunha reflexión: “Temos dous problemas: o descoñecemento das normas e a falta de vontade social. E ambos deberían preocuparnos se queremos unha cidade máis segura e ordenada en materia de tráfico”.

CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

Implantes Dentales

Cita Previa:

982 228 428 · 608 938 993



Camiño Real, 36-38 Entlo -27004 Lugo

www.clinicadentaltest.es



Arroxo insta á Xunta de Galicia a investir na rehabilitación da Tinería

Na súa primeira comparecencia tras a Xunta de Goberno, o tenente alcalde de Lugo, Rubén Arroxo, ins- tou á Xunta de Galicia a actuar de xeito equilibrado en todos os con- cellos do país.

O representante municipal cuestio- nou a disparidade de investimen- tos, comparando os 12 millóns de euros anunciados para Ferrol co es- tado de abandono no que se atopa o barrio da Tinería en Lugo, onde a maior parte do patrimonio depen- de da administración autonómica. “Leva 16 anos sen unha interven- ción real”, denunciou.

Arroxo tamén puxo en dúbida a recente proposta do Partido Popu- lar sobre o Pazo de Dona Urraca, recordando que no ano 2008 xa se convocara un concurso de ideas para este espazo sen que a Xunta chegase a executar ningunha das iniciativas presentadas.

Ademais, sinalou a falta de actua- cións noutras edificacións de rele- vancia. “A Casa Torre segue aban- donada e nos fornos limitáronse a retirar unha chapa metálica dete-

riorada para substituíla por unha estrutura de madeira, algo que tentaron vender como unha gran intervención”, criticou. Segundo Arroxo, a rehabilitación da Tinería é unha cuestión urxente que a Xunta non pode seguir adiando.

O Tenente Alcalde subliñou que é positivo que a Xunta destine fon- dos á recuperación de Ferrol, pero insistiu en que “o investimento en rehabilitación debería ser equita- tivo en todas as cidades galegas”. Lembrou que a administración autonómica ten a competencia en materia de vivenda e que non pode ignorar a situación dun barrio como o da Tinería, que posúe tres Patrimonios da Humanidade e so- fre unha precariedade evidente.

Por último, Arroxo reiterou a ne- cesidade de apostar pola rehabi- litación urbanística en todas as ci- dades galegas, especialmente nun contexto de crecente dificultade no acceso á vivenda. “Agora é máis ne- cesario ca nunca que a Xunta asu- ma a súa responsabilidade e actúe con decisión”, concluíu.

O polígono das Gándaras será ampliado ata os 1,6 millóns de m2

A conselleira de Economía e In- dustria, María Jesús Lorenzana, anunciou a ampliación do polígono industrial das Gándaras, en Lugo, que aumentará a súa superficie nun 28%, ata acadar os 1.600.000 metros cadrados. “Hoxe é un día importante para a cidade de Lugo e para toda a súa contorna”, destacou Lorenzana durante a súa visita ao parque em- presarial.

Durante a súa intervención, a titular de Economía explicou que a Xunta vén de sacar a licitación o proxecto de urbanización de dúas novas fases de obras (VI e VIIIB), que suporán a incorporación de 352.153 metros cadrados máis ao polígono. “Con esta ampliación, a capacidade do parque pasa de 1,2 millóns de metros cadra- dos a 1,6 millóns”, subliñou.

Lorenzana enmarcou esta actuación dentro da estratexia autonómica de desenvolvemento de solo industrial, co obxectivo de promover un crece- mento equilibrado en toda Galicia. “Queremos apostar con forza pola provincia de Lugo, porque cremos no seu potencial para atraer e con- solidar proxectos empresariais. Para nós é fundamental satisfacer a de- manda alí onde realmente existe”, afirmou.

A conselleira lembrou que a Xunta



leva investidos xa preto de 60 mi- llóns de euros neste parque empre- sarial, e que no 2024 destináronse máis de 400.000 euros adicionais para a mellora da seguridade e das infraestruturas dos polígonos exis- tentes na provincia.

O polígono das Gándaras, onde ac- tualmente operan máis de 130 em- presas, é un dos enclaves industriais máis consolidados da área. As novas fases de urbanización servirán para mellorar as redes de comunicación internas e a conexión exterior do parque, reforzando a súa integración no contorno urbano. Trátase dunha demanda histórica do tecido empre- sarial local.

Na actualidade, o parque conta con dous accesos desde a Rolda Norte,

mediante as rúas Aller Ulloa, Ramón María (antes rúa A) e Cardóniga Ca- rro, Rafael (antes rúa C), ademais de conexións mediante pasos elevados co polígono do Ceao.

A ampliación inclúe unha nova co- nexión con este polígono a través do paso elevado sobre a vía do tren na terminal de mercadorías situada no noroeste do parque, o que facilitará un acceso máis directo á autovía A6. Así mesmo, mellorarase a segura- de do enlace coa estrada a Muxa mediante a construción dunha ro- tonda.

A conselleira destacou que o des- envolvemento futuro destas novas fases permitirá unha disposición escalonada do solo, adaptándose á demanda presente e futura. D

JORNADAS DEL

LECHAZO

DEL 4 DE ABRIL
AL 4 DE MAYO

Ven a descubrirnos...

(carta habitual también disponible)

Para más información 982 30 40 40

Proxectan construír un centro de enogastronomía na Fábrica da Luz

O Concello de Lugo vén de adxudicar a redacción do proxecto e a execu- ción dos traballos de rehabilitación da antiga Fábrica da Luz e a súa con- torna, coa finalidade de transforma- la nun moderno centro de enogas- tronomía.

Esta iniciativa enmárcase no Plan de Sostibilidade Turística en Destino (PSTD), ‘Et Edendo, Lucus: Un perco- rrido histórico pola enogastronomía’, financiado cunha achega de 2 mi- llóns de euros de fondos europeos Next Generation.

A empresa encargada dos traballos será Citanias Obras y Servicios SLU, cun orzamento de 554.212,94 euros. O proxecto prevé un prazo dun mes para a presentación definitiva da proposta de obra, que será supervi- sada e aprobada antes de iniciar os traballos. Posteriormente, contarase cun prazo de catro meses para a ex- ecución da rehabilitación, que come- zará unha vez realizada a comproba- ción do replanteo.

O novo centro de enogastronomía consolidarase como un referente dentro do modelo de turismo sos- tible polo que aposta o Concello de Lugo, aliñado coas políticas de trans-



formación e resiliencia da Unión Europea. “Queremos que Lugo sexa un destino de calidade, que atraia visitantes interesados na nosa cultu- ra e tradicións, pero tamén que esta iniciativa xere novas oportunidades para o sector hostaleiro e comercial da cidade”, engadiu Repetto.

Para a posta en marcha desta ini- ciativa, o Concello de Lugo e a Con- federación Hidrográfica do Miño-Sil asinaron un convenio que concede ao municipio unha concesión de 50 anos sobre o complexo, permitindo a súa recuperación e posta en valor. “Grazas a este convenio, non só re- cuperamos un edificio de gran valor

histórico e patrimonial, senón que o transformamos nun centro de re- ferencia para a divulgación da nosa enogastronomía e da sostibilidade ambiental”, explicou Repetto.

A iniciativa conta co respaldo dos principais axentes do sector turístico e gastronómico, ademais de institu- cións como a Universidade de San- tiago de Compostela e o Clúster de Turismo de Galicia. “Estamos a falar dun proxecto avalado pola cidadanía e polos profesionais do sector, que consideran esta proposta clave para posicionar Lugo como un destino enogastronómico de referencia”, concluíu o concelleiro.

A cidade ten en marcha varias obras, de peonalización e de mellora de vías

O Goberno local de Lugo continúa co desenvolvemento das obras de peonalización do Carril dos Loureiros, no barrio de Recatelo, un proxecto que busca mellorar a calidade de vida dos veciños e converter este espazo nun lugar máis accesible e sostible.

Así o destacou o tenente de alcalde, Rubén Arroxo, quen afirmou que este barrio se atopa nunha "situación estratéxica", entre a Muralla e o Parque de Rosalía, pero que, durante anos, "non se puxo en valor".

O proxecto de peonalización do barrio iniciouse entre 2020 e 2023, e en 2021 xa se retirou un carril da Ronda da Muralla preto de Recatelo. Ademais, este ano acometeuse a rehabilitación do muro de Frai Plácido Rei Lemos, coa construción dunha rampla accesible para conectar Recatelo coas costas do parque.

Actualmente, trabállase na mellora do Carril dos Loureiros, un proxecto que foi acordado coa veciñanza co obxectivo de completar as obras nesta zona.

O proxecto, elaborado polo Goberno de Lugo, inclúe a renovación de todos os servizos soterrados, a instalación de novas zonas verdes e o mobiliario urbano, así como o alumeadado público, avanzando tamén na implantación de puntos de luz LED de baixo consumo.

CELSE EMILIO FERREIRO. Xa están rematadas as obras de renovación do firme na rúa Celso Emilio Ferreiro, un proxecto que foi levado a cabo polo Goberno de Lugo para mellorar a calidade das vías da cidade.

As obras consistiron na reconstrución do paquete de firme en todo o seu espesor, co obxectivo de evitar que os defectos na capa base afectaran á capa de rodadura. A renovación incluíu a instalación dunha



nova capa de rodadura baseada en mestura asfáltica en quente, o que proporciona un selado eficaz contra a acción da auga superficial e asegura unha maior durabilidade da actuación. Unha vez pavimentada a vía, tamén se adaptaron os rexistros previamente existentes á nova cota da superficie e renovouse a sinalización, completando así a intervención para mellorar a accesibilidade e seguridade dos usuarios da rúa Celso Emilio Ferreiro.

AVENIDA DA CORUÑA. Deron comezo a renovación do asfalto na Avenida da Coruña, no tramo comprendido entre as rúas Perpetuo Socorro e Illas Cíes.

O proxecto, anunciado polo tenente de alcalde, Rubén Arroxo, responde ao obxectivo de atender as reclamacións veciñais e mellorar as infraestruturas viarias da cidade, tanto en zonas urbanas como periurbanas.

Os traballos levaranse a cabo en dúas fases para minimizar o impacto no tráfico. Deste xeito, garantirase a circulación en ambos sentidos, habilitando itinerarios alternativos para os condutores. A duración prevista das obras é dunha semana.

Para os vehículos que accedan á cidade pola Avenida da Coruña, recoméndanse as seguintes vías alternativas: Rúa Monte Faro e Avenida Infanta Elena; Avenida Reverendo Xosé Fernández Núñez, Rúa Alfredo

Vila, Rúa Curros Enríquez e Rúa do Camiño Real, ou Rúa Illas Cíes, Rúa Alexandre Bóveda e Rúa Otero Pe-drayo.

Co fin de minimizar as afeccións nas líneas de autobuses urbanos, manterase en todo momento a posibilidade de xiro á esquerda en Avenida da Coruña cara a Rúa Illas Cíes. Para iso, restrinxirase o estacionamento nas primeiras prazas de aparcamento desta rúa durante o tempo que duren as obras.

Ademais, para facilitar as manobras de xiro dos autobuses urbanos en Rúa Poeta Curros Enríquez cara a Rúa do Camiño Real, tamén se restrinxirá o estacionamento nas primeiras prazas de aparcamento do marxe dereito desta rúa.

As rúas Mallorca, San Lourenzo e Perpetuo Socorro veranse afectadas cun acceso restrinxido exclusivamente a residentes, xa que estas quedarán sen saída cara á Avenida da Coruña debido aos traballos. Para facilitar o tránsito destes residentes, habilitarase unha circulación en dobre sentido de maneira provisional.

GARABALLA. Nun encontro coas veciñas e veciños da zona da Garaballa para supervisar as melloras executadas recentemente nesta contorna, os edís comprobaron o resultado dun proxecto que, segundo Arroxo, supón "unha importante mellora das vías públicas, permitindo optimizar os accesos e incrementar a seguridade da veciñanza do barrio".

Cun investimento total de 71.760,53 euros, actuouse no asfaltado das zonas con pavimento deteriorado n o barrio da Garaballa, á construción dunha nova beirarrúa e á instalación de novos sumidoiros e canalizacións para a recollida de augas pluviais.

O PP reclama a reposición do miliario da Praza de Armanyá

O Partido Popular de Lugo esixe ao goberno local a reposición do miliario da Praza de Armanyá, retirado hai 63 días despois de ser derrubado por un vehículo. O concelleiro popular Agustín Gallego denuncia que a ausencia deste monolito transmite "unha imaxe de abandono que a cidade non merece" e evidencia "a desatención do goberno local cara ao noso patrimonio histórico".

O pasado 25 de xaneiro, un vehículo derrubou este miliario de bronce de 2,5 metros de altura, instalado hai 17 anos como recordo da importancia de Lugo na época romana e das antigas vías XIX e XX do Itinerario Antonino. A peza foi retirada por operarios municipais, pero, transcorridos máis de dous meses, segue sen reporse e sen unha data prevista para a súa reinstalación.

"Os pequenos detalles, como a pronta reposición dun miliario, son os que contribúan a construír unha cidade que respecta e valora a súa historia. Non podemos permitir que a deixadez do goberno local empane a riqueza cultural de Lugo", subliña Gallego.

Ante esta situación, o concelleiro popular anunciou que presentará preguntas na comisión correspondente para esclarecer os prazos previstos para a reposición do miliario, as razóns da demora na súa reinstalación e a situación actual da peza.

"A falta de mantemento do patrimonio histórico non é un caso illado. A poucos metros da Praza de Armanyá, as ventás arqueolóxicas da rúa Doutor Castro presentan un estado de conservación mellorable. A pesar das intervencións previas para a súa reparación, a ausencia dun mantemento constante pon en risco a correcta exposición dos restos arqueolóxicos da cidade", critica.

PIZARRAS HERMANOS CASTEDO

SERVICIOS

- RECONSTRUCCIÓN DE TEJADOS VIEJOS
- TODO TIPO DE CUBIERTAS DE PIZARRA
- CUBIERTAS DE PANEL SANDWICH
- TODO TIPO DE MEDIANERAS
- VENTANAS VELUX - CANALONES
- VENTA DE TODO TIPO DE PIZARRA
- IMPERMEABILIZACIONES

Crta. Lugo - Fonsagrada, km.4 (Barbain) O CARQUEIXO - Lugo
Castedo, 13 - CASTROVERDE (Lugo) - Tels.: 982 231 874 / 610 558 035 - pizarrascastedo@hotmail.com

Os veciños das Gándaras esixen melloras no barrio

A Asociación de Veciños Gatos Roxos do barrio das Gándaras manifestou a súa preocupación pola escasa execución do Plan Paradai, cando se está a punto de cumprir 25 anos desde a súa firma. A organización denuncia que, a día de hoxe, “menos do 50 % das obras previstas no plan foron levadas a cabo, o que afecta gravemente á calidade de vida dos veciños e veciñas da zona”.

Moitas das propiedades do barrio continúan afectadas polo citado plan, o que dificulta as reparacións e reformas nas vivendas, así como as melloras nas rúas afectadas.

“A falta de avances na execución do Plan Paradai tamén está xerando unha gran incerteza entre os residentes, que levan anos solicitando solucións concretas para mellorar a súa situación”, explican.

A Asociación de Veciños presentou un conxunto de peticións históricas que levan anos sen atender, entre as que destacan un paso elevado sobre a Ronda Norte, fronte ao Campo de Fútbol das Gándaras, que permita o acceso seguro ao Parque Empresarial sen a necesidade de cruzar as rotondas.

Tamén recaman unha beirarrúa na rúa Virxe de Soidade que conecte a Calzada das Gándaras co Colexio, dada a alta densidade de tráfico na zona e a necesidade de asegurar o acceso seguro á comunidade escolar. Píden tamén a mellora das beirarrúas na Calzada das Gándaras e outra nova entre a Ronda Norte e a Residencia de Maiores.

Inclúen tamén o alumeadado público e beirarrúas nas vías de servizo da Ronda Norte.

Engaden a sinalización de rúa sen saída na rúa Torre de Doncos e melloras na infraestrutura de saneamento e abastecemento de auga nas rúas Miñato, Cortiña do Monte, Camiño das Regas e Pista Militar.

Denuncian o “perigoso” estado dun solar preto dun cruce na Milagrosa

A Asociación de Veciños, Comerciantes e Industriais do Distrito da Milagrosa recibiu numerosas queixas polo mal estado do solar situado na intersección das rúas Anselmo Sampedro e Eloy Maquieira.

Segundo os denunciante, dito solar atópase en total abandono e presenta diversas deficiencias que poñen en risco a seguridade dos veciños e dos transeúntes.

Un dos principais problemas sinalados é o estado do peche de bloque que dá á rúa Eloy Maquieira. Este muro, que parece estar inclinado, podería representar un grave perigo de derrubamento, poñendo en risco a seguridade das persoas que circu-

lan pola zona. A Asociación solicitou que se tomen as medidas necesarias para revisar a seguridade deste muro e que se proceda á súa reparación, conforme á normativa vixente.

Ademais, noutras partes do peche do solar atopáronse chapas metálicas que invaden a beirarrúa, ancoradas sobre chapas de ferro cravadas directamente no chan, o que provoca molestias aos peóns. A situación agrávase polo feito de que estas chapas están situadas de maneira irregular, fóra do solar e sobre a beirarrúa, afectando o paso seguro dos transeúntes.

Os veciños tamén denuncian o estado de abandono do solar na súa to-



talidade, que desde o exterior parece desprotexido e sen ningún tipo de mantemento. A Asociación solicitou aos servizos municipais de Urbanismo que elaboren un informe sobre a seguridade do muro e que se ordene a retirada das chapas metálicas que invaden a beirarrúa.

A preocupación dos veciños é palpable, xa que o solar colindante, ade-

mais de ser un foco de inseguridade, representa un risco de derrubamento que podería causar graves danos ás persoas que por alí transitan, especialmente aos nenos que xogan na zona. Por este motivo, insisten en que se tomen medidas inmediatas para solucionar os problemas de seguridade e mellorar a situación deste espazo público.

O PP pide o arranxo do tellado dun edificio da Avenida da Coruña

O Partido Popular vén de solicitar a convocatoria dunha xunta xeral extraordinaria de Evislusa co obxectivo de avanzar na recuperación do edificio situado no número 24 da Avenida da Coruña. A petición busca garantir a execución das obras para mellorar a seguridade e as condicións de vida dos veciños, que levan máis de dúas décadas esperando solucións.

O PP defende que a súa prioridade é ser parte da solución e actuar con responsabilidade, tras escoitar as inxerencias dos afectados. Por iso, instan ao goberno municipal a cumprir co decreto aprobado o pasado 26 de setembro de 2024, que per-

mite actuar de maneira inmediata para arranxar o tellado con fondos públicos, pasando logo a factura ao propietario que deixou o inmovible sen cuberta. Este mecanismo, coñecido como execución subsidiaria, permite á administración intervir en situacións de abandono para garantir a seguridade e o benestar dos veciños.

Desde o Partido Popular consideran que é urxente actuar, pois o edificio leva anos sen tellado, o que provoca filtracións, humidades e un deterioro progresivo que afecta tanto aos residentes como aos edificios lindeiros. Ademais, o risco de desprendementos é unha ameaza



constante para peóns e vehículos que circulan pola zona. Para os populares, a solución existe, pero falta vontade política para aplicala.

O PP tamén quixo sinalar que este non é un caso illado, e puxeron como exemplo un edificio na rúa Montero Ríos, onde o “goberno local segue derivando responsabilidades e evita compromisos claros”.

Segundo o grupo municipal, a acta da comisión recolle que, en relación a este edificio, o PP xa preguntara sobre a súa situación, que conta cun expediente de ruína desde 2023 e leva anos cun balado ocupando parte da beirarrúa. A propiedade solicitou a execución subsidiaria das obras de demolición polo Concello e actualmente estase tramitando.



koleccioname
C/ San Pedro 28



COMPRAMOS TUS JUGUETES



MARMOLES VILARO



ESPECIALISTAS EN

- PIEDRA NATURAL
- PORCELÁNICOS Y CUARZOS
- ENCIMERAS DE VANGUARDIA
- GRABACIONES EN PIEDRA
- MOLDURADOS

**De las más prestigiosas marcas del mercado*

 Políg. Ind. Balmao - Betote, S/N
27617 - Sarria (Lugo)

 Tel. 982 532 577 - Fax 982 532 577

 marmolesvilaro@hotmail.com

 www.marmolesvilaro.com

A Deputación impulsa a creación dun bosque comestible no Rato

O espazo permacultural Lugar de Reque, no paseo do río Rato en Lugo, acolle desde esta semana os traballos de creación dun bosque comestible, un innovador sistema agroforestal impulsado pola Vicepresidencia da Deputación de Lugo. Este proxecto prevé a plantación de máis dun centenar de especies vexetais que medrarán nos vindeiros anos, configurando un ecosistema sustentable nunha parcela de 400 metros cadrados.

O equipo responsable do proxecto xa iniciou o transplante e sementa de especies leñosas, froiteiras, arbustos, trepadoras, bulbos, tubérculos, plantas hortícolas e aromáticas, que se están a distribuír pola finca xunto ás especies autóctonas que medran de forma natural na contorna fluvial, como amieiros, salgueiros ou sabugueiros.

O deseño do bosque comestible baséase nun modelo de estratifi-



cación natural, combinando árbores de gran porte, plantas baixas e mesmo fungos, de maneira que o propio ecosistema será quen de regular a humidade do solo e xerar nutrientes de forma autónoma. Ademais, a selección das especies garante floracións e colleitas ao longo de todo o ano, favorecendo a biodiversidade e a autosuficiencia do sistema.

O vicepresidente da Deputación, Efrén Castro, destacou que “se trata do inicio dun traballo que se irá facendo máis visible co paso das estacións e o crecemento das plantas, e que avanza na recuperación e na revitalización deste espazo público como lugar de aprendizaxe destas técnicas de cultivo, que procuran un aproveitamento sostible dos recursos”.

Piden o nome de José Manuel Carballo para o Centro cultural do Sagrado Corazón

A Federación de Veciños Lucus Augusti enviou un escrito ao alcalde de Lugo, Miguel Fernández, solicitando que o Centro Municipal Sociocultural e de Servizos Sociais do Sagrado Corazón sexa rebautizado co nome de José Manuel Carballo Vázquez, ex presidente da Asociación Veciñal Porta de Lugo e recentemente falecido.

Desde a entidade resaltan o papel fundamental que Carballo desempeñou na súa comunidade e na vida deste centro, destacando a súa dedicación incansable por mellorar as infraestruturas e servizos do barrio do Sagrado Corazón. “O seu labor e compromiso deixaron unha pegada imborrable no barrio, loitando pola súa mellora constante a través da súa asociación veciñal Porta de Lugo”, apuntan.

Ademais, desde a Federación

mentionan diversos proxectos nos que Carballo tivo un papel crucial, como a creación do Parque do Sagrado Corazón, a rehabilitación do barrio, a dotación dun ascensor e a oferta de terreos para a construción dun novo colexio. Tamén negociaron con Abanca a cesión dos terreos do antigo colexio e participaron en loitas sociais en beneficio da comunidade lucense, como a creación do Parque de Paradai ou a mellora dos servizos sanitarios no Hospital Universitario Lucus Augusti (HULA), incluíndo iniciativas relacionadas coa hemodinámica, radioterapia, medicina nuclear e a unidade do ictus.

A Federación tamén fai fincapé no carácter exemplar de Carballo, cualifícalo de “líder, amigo e inspiración para todos” e asegura que a súa memoria debe ser recordada.

Continúa pola rúa Monforte a renovación da rede de alumado

O tenente alcalde do Concello de Lugo, Rubén Arroxó, anunciou que o Goberno de Lugo continúa a traballar no plan de renovación da rede de alumado público de Lugo, cunha nova actuación que mellorará o alumado das rúas Monforte, Luís Cordeiro, Narciso Peinado e Serra de Ancares. Arroxó explicou que “seguiamos traballando en distintas zonas da cidade para garantir un alumado público eficiente enerxeticamente e que garanta que non haxa zonas escuras nas rúas”.

O Goberno de Lugo retira, con esta

intervención, en total 28 luminarias de Vapor de Sodio con potencias entre 168 e 276W, instalando puntos LED de entre 3 e 25W, o que permitirá aforrar 886 kWh ao ano. O alumado permitirá unha maior harmonización da contorna, ao ser unha luz uniforme en toda a trama e ao unificarse a temperatura de cor. Con esta actuación mellorarase tamén a uniformidade lumínica, eliminando zonas escuras, e renovaranse elementos da instalación como caixas de conexión e condutores e reducindo o risco de avarías na rede.

Arroxó explicou que dende a chegada ao Goberno de Lugo “traballamos continuamente na redución do gasto público ao tempo que a veciñanza de Lugo pode desfrutar dun alumado eficiente”. Os criterios utilizados á hora de realizar estas actuacións son a recuperación das luminarias existentes adaptándoas ás novas tecnoloxías, reducir os residuos xerados e os custos de implantación e a renovación do resto de elementos que conforman a rede de alumado, o que diminúe as avarías e as molestias á veciñanza.

A Asociación Trapero Pardo esixe explicacións sobre o uso dos edificios do Vello Xeral

A Asociación Veciñal Trapero Pardo, do Barrio da Residencia en Lugo, fixo pública a súa preocupación e dirixiu unha serie de preguntas á Xunta, en relación ao estado de uso dunha parte dos edificios do Vello Xeral.

Segundo denuncian, unha parte das instalacións, concretamente os edificios que dan á rúa Serra de Outes, os que antigamente formaban parte do anexo da antiga Residencia, estarían actualmente sen ningún tipo de actividade, o que xera unha fonda inqueda entre a veciñanza. “Ven-

déusenos no seu día que o Vello Xeral tería plena ocupación e acollería múltiples servizos, pero a realidade semella moi distinta”, afirman desde a asociación.

A situación sería especialmente grave, engaden, se se confirma que estes espazos permanecen sen uso mentres o centro carece de servizos fundamentais como Radioloxía completa, Matrona ou Pediatría. “Non ten sentido que existan edificios baleiros mentres faltan servizos básicos”, sinalan.

FORMACIÓN PROFESIONAL
PARA LA INSERCIÓN LABORAL

CERTIFICADOS PROFESIONALES CON INICIO INMEDIATO

COMT0110 – Atención al cliente, consumidor y usuario

EOCO0208- Representación de proyectos de obra civil

HOTG0208- Venta de productos y servicios turísticos

estudios
rafer

¿FORMAS PARTE
DE UNA ASOCIACIÓN?

OFRECE A TUS ASOCIADOS
UNA FORMACIÓN GRATUITA
EN COMPETENCIAS DIGITALES

INFÓRMATE EN:

formación@estudiosrafer.es

663 30 33 82

www.estudiosrafer.es formación@estudiosrafer.es 666 483 504 / 982 22 26 49

O Goberno local presenta novos cursos no rural para colectivos veciñais

A concelleira de Participación e Servizos para a Veciñanza de Lugo, Cristina López, mantivo un encontro coas distintas asociacións veciñais do rural de Lugo co obxectivo de presentar os cursos que a Tenencia de Alcaldía está a organizar para o ano 2025.

As entidades veciñais poderán participar en formacións de temáticas variadas como cestería, repostaría ou restauración de mobles, entre outras.

Durante a reunión, a concelleira reafirmou o seu compromiso co tecido asociativo, destacando a importancia destes cursos “para recuperar actividades e oficios tradicionais da nosa cultura, e tamén innovar con novas propostas”. Ademais, sinalou que a Tenencia de Alcaldía traballa para fortalecer este tecido tamén “a través das partidas orzamentarias”, polo que insistiu en que “as axudas económicas e os obradoiros conviven e danse ao

mesmo tempo”.

Na xuntanza tamén participou a deputada de Cultura, Iria Castro, quen presentou as axudas da Vicepresidencia da Deputación de Lugo para asociacións culturais, cuxo prazo de solicitude está aberto desde o pasado luns.

Estas subvencións contan cun investimento total de 500.000 euros, repartido en dúas liñas: 315.000 euros destinados á realización de actividades culturais e 185.000 euros para melloras en instalacións e equipamento dos locais das asociacións.

Castro destacou que “seguimos reforzando esta liña de axudas para atender o crecente dinamismo das asociacións, unha rede fundamental para facilitar o acceso á actividade cultural e crear espazos de socialización e convivencia arredor da cultura e do patrimonio, especialmente nas parroquias e concellos máis pequenos”.



Completan traballos viarios no rural e recollen demandas da veciñanza

Remataron os traballos realizados en San Salvador de Muxa, Campiña, Santiago de Saa e Meilán, onde tamén recolleron as demandas da veciñanza para seguir avanzando na mellora das infraestruturas.

As intervencións en San Salvador de Muxa e Campiña foron executadas pola brigada municipal e o parque móbil, empregando recursos propios. Os traballos permitiron mellorar o firme en tramos deteriorados, atendendo ás demandas veciñais co obxectivo de incrementar a seguridade e fluidez da circulación.

Pola súa banda, as obras en Santiago de Saa e Meilán foron financiadas

a través do Plan Único Provincial da Deputación de Lugo 2024, cun investimento de 117.880,09 euros en Meilán e 107.645,24 en Santiago de Saa. As melloras consistiron na aplicación de aglomerado en quente para renovar o firme e na optimización do sistema de drenaxe, co obxectivo de garantir unha circulación eficiente e evitar problemas de acumulación de auga. En Meilán, centrouse na estrada que conecta a N-VI coa LU-P-2902, atravesando o núcleo rural de Guntín, mentres que en Santiago de Saa acondicionouse a vía que comunica a LU-612 cos núcleos de Barreiro, Faxilde e Cuiña.

O Concello reúnese coas comisións das festas patronais das parroquias

A concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, está a manter diversas xuntanzas con integrantes das comisións de festas das distintas parroquias de Lugo para comezar a traballar xa na colaboración da área de Cultura con estas actividades que se celebran ao longo de todo o ano. Ferreiro afirmou que os barrios contarán con grupos de música de todos os estilos.

“Desde a área de Cultura encargámonos de pagar a agrupación, facilitando achegar a cultura ás parroquias e a todos os barrios da cidade”, afirmou Maite Ferreiro, que engadiu “ampliarse a oferta de agrupacións dispoñibles e realizarse unha mellor xestión do diñeiro público”.

A Área de Cultura, ten reservados 20.000 euros no seu orzamento



para as festas das parroquias e dos barrios. As solicitudes deben ser feitas ante a Área de Cultura por integrantes das diferentes comisións ou asociacións que organicen as festas. A área de Cultura achegará de un grupo de música, tras a correspondente avaliación da solicitude, para

as festas de cada unha das parroquias ou barrios.

O Goberno de Lugo apoia a todas as agrupacións musicais de Lugo, incluíndoa en todas as actividades culturais e organizando ciclos exclusivos para as agrupacións locais como o Muralleando.



O PP pon en valor a obra de mellora da LU-546 ao seu paso por Nadela

O PP expresou o seu agradecemento á Xunta de Galicia pola recente intervención realizada na LU-546, no seu entronque en Nadela, que inclúe a reparación da zona de estacionamento diante do Centro de Saúde. “Esta actuación responde ás solicitudes dos veciños da zona e representa un importante avance en materia de seguridade e accesibilidade para os usuarios do consultorio”, explican os populares.

A intervención foi solicitada polos veciños durante a presentación da proposta do Grupo Popular para a humanización deste tramo, realizada o pasado 17 de febreiro.

Naquel encontro, os residentes trasladaron a necesidade de mellorar a zona de aparcamento, que presentaba desperfectos e dificultaba a mobilidade. A reparación actuou na eliminación dos proble-

mas de acumulación de grava na calzada, mellorando a seguridade viaria e facilitando o tránsito para os usuarios do Centro de Saúde.

CURSOS. O PP pon en marcha unha campaña informativa sobre educación viaria dirixida á veciñanza das parroquias rurais, con especial atención ás persoas maiores de 60 anos. A iniciativa, enmarcada no programa de actividades nos distritos, inclúe catro charlas en diferentes puntos do rural, coa colaboración de expertos en formación do subsector de tráfico da Garda Civil. Entre os temas a tratar están as claves para previr accidentes con vehículos agrícolas, o protocolo PAS (Protexer, Alertar e Socorrer) para actuar ante unha emerxencia viaria e a importancia dos sistemas de retención.

A Federación Veciñal Lucus Augusti supera as 300 asociacións

A Federación de Asociacións de Veciños de Lugo “Lucus Augusti” anunciou a incorporación de novas asociacións veciñais durante o ano 2024 e comezos de 2025, fortalecendo o seu compromiso coa participación cidadá e o desenvolvemento comunitario. Con estas novas adhesións, a Federación Veciñal supera as 300 asociacións federadas, consolidándose como a organización con máis entidades asociadas da provincia.

Entre as novas asociacións que se uniron á Federación atópanse a Asociación de Veciños Carballo D'Arroxo (Sarria), a Asociación Cultural e Veciñal Santiago de Viladonga (Castro de Rei), a Asociación de Veciños da Parroquia de Gondar (Lugo), a Asociación Veciños Cultural Deportiva Castelo Rato (Lugo), a Asociación Cultural San Sadurniño de Chave (O Saviñao), a Asociación de Veciños de As Carballeiras de Bosende Paredes Anguieiro (Lugo), a Asociación de Veciños de O Cadramón (O Valadouro), a Asociación Veciñal Cultural Deportiva “Os Grobos” (Becerreá), a Asociación Social Cultural e Artesá Amig@s de Friga (Lugo), a Asociación Mulleres Veciñais Lucenses (Lugo), a Asociación Veciñal Cultural das Parroquias de Cancelada (Becerreá), a Asociación Veciñal Santa Eufemia de Lemos (Monforte de Lemos) e a Asociación Cultural DeiQuí (Navia de Suarna).

Proximamente se levará a cabo unha campaña para a incorporación de novas asociacións na Terra Chá.

GREEN FIBER

A planta de fibras téxtiles de Altri é compatible cos selos de produción ecolóxica, DO e IXP

Tal e como sucede coas fábricas de Portugal, a actividade industrial é 100% coexistente coas explotacións agropecuarias

A planta de fibras téxtiles que Greenfiber deseñou para Palas de Rei é un proxecto baseado na economía circular, no que todo se optimiza: auga, residuos e enerxía

A planta de fibras téxtiles que Altri deseñou para Palas de Rei de ningún xeito afectará os selos de calidade de produción ecolóxica, denominación de orixe ou indicación xeográfica protexida xa que, tal e como recolle a Declaración de Impacto Ambiental (DIA) en base á análise da Axencia Galega da Calidade Alimentaria: “por unha banda, estes selos non teñen requisitos cuxo cumprimento poida quedar comprometido pola posta en marcha desta industria e, por outro, o proxecto industrial establece todas as medidas de protección ambiental ás que está obrigada”.

Isto é o que sucede xa nas localidades portuguesas nas que Altri está implantada, como Vila Velha de Ródão, municipio de interior tamén que ten no turismo e no sector agropecuario un dos piares da súa actividade económica con produtores de viño, olivas con selo ecolóxico, aceite de oliva, queixos, mel e



conservas de peixe de río. Neste sentido, “cando Altri construíu a súa planta de tratamento de augas, desenvolvemos xunto co concello un proxecto para tratar tamén as augas residuais das empresas e explotacións da contorna”, explica Pedro Baptista, director de Operacións de Altri en España e que no seu momento foi o máximo responsable da planta de Biotek en Vila Velha de Ródão.

A este respecto, Luís Pereira, alcalde da citada localidade lusa, ratifica que “a chegada de Altri supuxo un punto de inflexión para a fábrica, investindo en 18 anos un total de 130 millóns de

euros que cambiaron radicalmente non só a propia fábrica, senón tamén a economía e o benestar de Vila Velha de Ródão. Non é posible diferenciar cando a fábrica está a funcionar e cando non. Os investimentos que fixeron en cuestións como o tratamento da auga ou a eliminación de cheiros conseguiron que a convivencia non só coa poboación, senón coas explotacións agropecuarias, turísticas e demais empresas locais sexa óptima”. O rexedor explica, ademais, que: “o impulso económico da industria serviu para atraer a familias novas, que buscan oportunidades laborais e, ao mesmo

tempo, gozar da calidade de vida que lles proporciona unha contorna natural, como temos en Vila Velha de Ródão”. A planta de fibras téxtiles que Greenfiber deseñou para Palas de Rei é un proxecto baseado na economía circular, no que todo se optimiza: auga, residuos e enerxía. Trátase dun proxecto que marcará un fito na industria téxtil para Galicia ao converterse na primeira planta no mundo que integra nun mesmo comple-

“O impulso económico da industria serviu para atraer a familias novas, que buscan oportunidades laborais”



xo industrial os dous procesos chave para a produción de lyocell: a transformación da madeira de eucalipto en fibras solubles e a súa conversión directa en lyocell. Dous produtos de base celulósica para aplicacións téxtiles 100% biodegradables. Cun investimento de máis de 1.000 millóns de euros, creará ao redor de 2.500 postos de traballo, dos cales 500 serán empregos directos nunha planta que funcionará as 24 horas.



Olga Louzao, nova xefa de gabinete da Alcaldía luguesa

O alcalde de Lugo, Miguel Fernández, anunciou a incorporación de Olga Louzao ao seu equipo de confianza como xefa de gabinete. Esta nova figura desempeñará un papel clave na asesoría política do rexedor, ademais de xestionar o funcionamento interno do Concello e as súas relacións con outras institucións. Durante o anuncio, Fernández destacou as razóns da súa elección: “Nesta etapa quero formar un equipo no que prime a capacidade de traballo, a visión de futuro e o amor por Lugo. Por iso quero rodearme dos mellores, como Olga Louzao, unha persoa capaz, preparada e rigurosa, cunha traxectoria impecable e respectada por todos, que traballará para avanzar no Lugo que todos soñamos”. Con esta designación, o rexedor refuerza o seu equipo cunha figura experimentada e cun profundo coñecemento da política local. Olga Louzao (Lugo, 1979) é unha política lucense cunha destacada traxectoria na vida pública. Durante anos, estivo vinculada á política municipal, onde ocupou cargos de relevancia, consolidando a súa reputación como unha profesional rigorosa e cunha gran capacidade de xestión. Encabezou a lista de Ciudadanos ao Concello de Lugo nas eleccións municipais de 2015 por primeira vez, conseguindo entrar na Casa Consistorial, e volveu facelo ata 2023, cando a formación laranxa non obtivo ningún escano e tivo que despedirse da Corporación Municipal.

O PP suma á Xunta Local 13 novos membros

O presidente do Partido Popular de Lugo, Ramón Carballo, e a voceira do Grupo Municipal, Elena Candia, valoraron de forma positiva as novas incorporacións á Xunta local do partido. Ambos destacaron que “a chegada destas persoas é un reflexo da confianza que a cidadanía ten no PP de Lugo neste momento, así como do compromiso de moitos lucenses que queren sumar esforzos para construír un proxecto ilusionante para a cidade”. “A ampliación da Xunta Local, que con estas incorporacións supera os 100 membros, non só nos vai permitir chegar a máis barrios e parroquias, senón que tamén garante a representación de distintos sectores da sociedade, enriquecendo así o proxecto do noso partido”, dixo. Deste xeito, o Partido Popular de Lugo continúa fortalecendo a súa estrutura coa incorporación de novas voces que achegan diversidade, experiencia e ganas de traballar polo futuro do municipio. As 13 persoas que se incorporan á Xunta local son: Ana Isabel López Domínguez García (sanitaria),

Sara Barreiro Lázare (nutricionista), Marcos Otero Ouro (avogado), Alejandra Gual López (avogada), Javier Arias Fouz (licenciado de dereito), Juan José Rodríguez Prieto (docente), Paula Lago Prieto (comunicación dixital), Lydia González Sánchez (avogada), José Antonio Morado (xubilado), Rubén Costa (estudiante ADE), Nicolás Pérez (estudiante de Empresa e Tecnoloxía), María Mouriz (estudiante economía) e Gabriel Piñeiro (técnico turismo). Nesta xuntanza tamén se avanzou o calendario de actividades nos distritos para o vindeiro trimestre e que abarcan desde as charlas de seguridade viaria no rural en colaboración co subsector de tráfico pasando por encontros co comercio de proximidade. As actividades, que arrincaron o pasado mes de febreiro, están a desenvolverse con grande éxito de público. Outro dos puntos que se abordou na Xunta Local foi o da organización dunha homenaxe a Francisco Cacharro Pardo no décimo aniversario do seu pasamento.



O 010 celebra 20 anos de atención telefónica

O Servizo de Información Municipal 010 do Concello de Lugo cumpre 20 anos desde a súa posta en funcionamento, consolidándose como unha ferramenta esencial de comunicación entre a administración local e a veciñanza. Con motivo deste aniversario, o Tenente Alcalde, Rubén Arroxó, e a concelleira de Participación e Servizos á Veciñanza, Cristina López, realizaron unha visita ás instalacións do servizo. Durante a visita, Cristina López destacou a importancia do 010, que definiu como “unha peza clave na comunicación entre o Concello e as e os lucenses”. A edil anunciou ademais que “estamos traballando para poñer en marcha unha serie de melloras neste servizo que simplifiquen a atención a todas as persoas que chamen ao 010”, co obxectivo de optimizar a experiencia do usuario e garantir unha atención máis fluída e eficiente. López puxo tamén en valor o esforzo

realizado polo Goberno de Lugo no pasado mandato para municipalizar este servizo, permitindo que a atención sexa prestada por traballadoras municipais. “Unha medida moi importante que nos permitiu garantir a calidade do servizo ofrecido”, subliñou. O servizo 010 ofrece información sobre trámites municipais, actividades e eventos, e permite tamén realizar xestións como a solicitude de cita previa para distintos servizos municipais, entre eles: Augas, Cemiterio, Estatística, Información ao Consumidor, Rexistro, Tarxeta Cidadá e Tesourería. A concelleira de Participación sinalou que “este servizo é a ferramenta máis importante do Concello para abrir as instalacións municipais á veciñanza”. As persoas usuarias poden contactar co 010 a través do número 982 297 350, eliminando así os custos asociados ás chamadas a números especiais.

Lugo prepárase para a IX edición do Chicken Run

A paixón polas motos e o rock volve a Lugo coa novena edición do Chicken Run, un evento que reunirá afeccionados ao motor e á música en directo os días venres 30 e sábado 31 de maio. A cita terá lugar no Sin City Bar, situado na estrada Vella de Santiago, e contará cunha programación que inclúe concertos de bandas destacadas, exposicións de coches e bicis custom, así como unha zona de acampada para os asistentes. A xornada do venres contará coa música de Anna Dukke e The Bank

Robbers, mentres que o sábado subirán ao escenario Perro Futuro, The Mothercrow e Corazones Eléctricos, garantindo unha fin de semana de rock e boa enerxía. Ademais, os asistentes poderán gozar de food trucks e dun ambiente único que combina a cultura moteira coa mellor música en directo. Consolidado como un dos eventos de referencia para os amantes do motor e o rock en Galicia, o Chicken Run promete unha edición cargada de emoción e bo ambiente.

Asociacións denuncian a ausencia de Pediatría e Matrona no CIS

Diversas asociacións lucenses expresaron o seu rexeitamento á falta de servizos de Pediatría e Matrona no CIS do Vello Xeral, “un dos centros máis grandes da cidade, que foi inaugurado pola Xunta de Galicia en 17 ocasións”, aseguran. As entidades denuncian que, a pesar das repetidas promesas de que o centro contaría con todos os servizos médicos, tanto o servizo de Pediatría como o de Matrona están ausentes. Esta situación afecta a miles de asegurados, incluíndo aqueles procedentes do antigo centro de saúde Plácido Vila, que agora son derivados ao CIS do Vello Xeral. Para recibir atención pediátrica ou de matrona, os pacientes deben desprazarse á Praza do Ferrol, o que implica impor-

tantes molestias para as familias. A Xunta de Galicia promoveu o CIS do Vello Xeral como un centro moderno con todos os servizos necesarios para os cidadáns, sen embargo, as asociacións alertan de que isto non se corresponde coa realidade. O centro, a pesar de ser un dos máis grandes da cidade e contar cun PAC (Punto de Atención Continuada), carece de servizos básicos como a Pediatría e a atención de Matrona, que si se dispoñen noutras instalacións sanitarias de Lugo, como os centros de San Roque, Fingoi, Illas Canarias ou Sagrado Corazón. As entidades asinantes esixen á Consellería a inmediata implantación dos servizos de Pediatría e Matrona no CIS do Vello Xeral.

Marfer

INFORMATICA

INFORMATIZACIÓN DE EMPRESAS

Si tu programa de facturación no es actualizable a la nueva Ley Crea y Crece (VERIFACTU), llámanos y te informamos. Puede salirte gratis a través de "KIT DIGITAL".

SOMOS IMPLANTADORES DE KIT DIGITAL

SERVICIO TÉCNICO LUGO Y PROVINCIA

C/ Alvedro, 2 - Lugo. Tel.: 982 263 084. www.imarfer.com - correo@imarfer.com

José Tomé e Iván Castro optan á dirección do PSOE na provincia

O Comité Provincial do PSdeG-PSOE de Lugo aprobou as bases e o calendario do 5º Congreso Provincial Ordinario, que terá lugar o vindeiro 10 de maio na cidade de Lugo. Esta cita congresual marcará un momento clave para o socialismo lucense, consolidando o proxecto do partido na provincia e reforzando a súa estrutura para afrontar os retos dos próximos anos.

Toca renovar a dirección do partido e para iso José Tomé Roca, presidente da Deputación de Lugo e alcalde de Monforte de Lemos, confirmou a súa precandidatura á reelección como secretario Xeral do PSdeG na provincia. Con ampla traxectoria institucional e orgánica, reafirma o seu compromiso cun partido forte, unido e centrado en defender os intereses da provincia fronte a un Partido Popular que só mira polos seus propios intereses, esquecendo as necesidades da xente.

José Tomé Roca afronta esta nova etapa coa ilusión de seguir fortalecendo o proxecto socialista na provincia, escoitando á militancia e respondendo ás necesidades de todos os sectores produtivos e sociais que fan de Lugo unha terra con futuro. Subliña que a unidade e a fortaleza do partido son claves para garantir un mellor posicionamento na defensa dos servizos públicos, do benestar da cidadanía e do desenvolvemento económico da provincia. “Nós traballamos por máis sanidade, máis emprego, máis industria”, sinalou, en clara referencia á falta de compromiso do PP cos sectores estratéxicos da provincia de Lugo.

O seu proxecto para o PSdeG en Lugo pasa por manter e ampliar as alcaldías socialistas, recuperar as perdas e renovar o Goberno da Deputación. Pero o obxectivo vai máis aló: conseguir un cambio real



na Xunta de Galicia e garantir a continuidade dun goberno progresista en España que poña ás persoas no centro da política.

Para iso, Tomé aposta por reforzar as agrupacións locais, dotadas dos recursos necesarios e darlles máis protagonismo, tanto cando gobernan como cando están na oposición. A súa proposta inclúe un maior peso dos asuntos comarcais e provinciais dentro da Executiva do partido, apostando pola participación, a coordinación e a acción política efectiva.

Tomé Roca defende unha Galicia e unha provincia de Lugo que aposte pola reindustrialización sostible, a innovación e a creación de emprego de calidade, fronte a un PP que só se preocupa por manter os seus privilexios. “Mentres eles se dedican ás fotos e aos banquetes, nós traballamos para que Lugo teña un futuro con máis oportunidades para todos e todas”, asegurou.

A ALTERNATIVA. Iván Castro, deputado provincial e portavoz socialista en Paradelas presentou pouco despois a súa precandidatura.

Castro presentaralle á militancia da provincia un programa baseado en



“devolverlle a ilusión á militancia. Apostamos por un proxecto renovador que conte con todas e con todos, con humildade, traballo e proximidade aos concellos.”

Xunto a el están Mayra García Bermudez, ex-alcaldesa de Trabada, Juan José Díaz Valiño, exsecretario de organización provincial, José María Arias, alcalde de Castroverde, Marisol Morandeira, alcaldesa de Guitiriz, José Fernández, alcalde de Navia, Judith López e Alba Sinde portavoces no concello do Saviñao e Castro de Rei respectivamente, David Rodríguez, Secretario de Organización do PSdeG en Monterroso, tamén o acompañou a Secretaria de Organización das Xuventudes Socialistas de Lugo Elena Cordero. Iván Castro presenta unha candidatura na que conflúen compañeiros e compañeiras que ostentan responsabilidades de goberno como alcaldes e alcaldes, pero tamén a moitos portavoces en concellos onde o PSOE está na oposición.

A candidatura aposta por unha profunda renovación do PSOE de Lugo, pero ao mesmo tempo conta co respaldo de socialistas históricos que ven necesario “darlle un novo impulso ao Partido en Lugo”.



O Concello destinará máis de 140.000 euros a un cemiterio de mascotas

A instalación do cemiterio destinado a mascotas e animais de compañía situarase nas inmediacións do actual cemiterio municipal, nunha parcela anexa de aproximadamente 800 metros cadrados, tal e como informaron desde a Tenencia de Alcaldía do Concello de Lugo.

O alcalde en funcións do Concello de Lugo, Rubén Arroxo, xunto coa concelleira de Participación e Servizos á Veciñanza, Cristina López, e o edil de Infraestruturas Urbanas, Alexandre Penas, visitaron o espazo e destacaron a importancia desta iniciativa, sinalando que “trátase dunha proposta que a cidadanía levaba tempo reclamando e que será o primeiro cemiterio público de mascotas en Galicia”.

O novo espazo estará delimitado perimetralmente e contará cunha zona axardinada equipada con bancos e elementos deseñados para crear un entorno íntimo para o recordo dos animais falecidos. Ademais, disporá de espazos para almacenar as urnas das mascotas incineradas, así como dunha zona específica para depositar a chapa ou a cadea do animal.

O Concello de Lugo destinará un investimento de 141.570 euros para

esta actuación, priorizando o uso de materiais naturais e un deseño respectuoso coa contorna. Inicialmente, o cemiterio terá capacidade para 320 mascotas en columbarios individuais para urnas e unha área destinada á disposición de cinzas. Así mesmo, o espazo contará con 19 árbores que proporcionarán sombra e áreas de descanso con bancos. Os sendeiros da zona estarán decorados con pegadas de animais plasmadas en formigón.

Pola súa banda, a concelleira responsable do Cemiterio, Cristina López, subliñou o esforzo realizado nos últimos anos para mellorar o Cemiterio Municipal. “Neste tempo, levamos a cabo a primeira ampliación do cemiterio desde 2006 e melloramos espazos tanto na zona antiga como na nova”, explicou. Ademais, engadiu que “seguimos planificando traballos para mellorar o Cemiterio Municipal, atendendo tamén as solicitudes que nos fai chegar a cidadanía”.

Este novo cemiterio de mascotas responde a unha crecente demanda da cidadanía e marca un fito na creación de espazos destinados a honrar a memoria dos animais de compañía en Galicia.

CENTRO DE IMPLANTOLOGÍA Y ESTÉTICA DENTAL



CLÍNICA DENTAL
SaniDent

En un solo día puedes recuperar tu mejor sonrisa



IMPLANTOLOGÍA AVANZADA
Carga inmediata
Periodoncia
Ortodoncia invisible
Estética dental
Blanqueamiento dental

FINANCIACIÓN A SU MEDIDA

Avd. da Coruña, 82, Bajo- Lugo. clnicasanident@gmail.com
982 203 600 / www.clinicasanidentlugo.com

EXCLUSIVAS
APOL



¡NOS TRASLADAMOS!

MUY PRONTO NOS
ENCONTRARÉIS EN

PRAZA DA MILAGROSA, N.º 7

PAPELERÍA - LIBROS DE TEXTO
MATERIAL ESCOLAR - REGALOS ORIGINALES
ENMARCACIÓN PROFESIONAL

© WWW.NOVARUA.ES © 982217101 | CORREO@NOVARUA.ES @NOVARUA_APOLO

“As críticas son un impulso para facer as cousas cada vez mellor”

Miguel Fernández é o novo alcalde de Lugo logo da morte de Paula Alvarellos

Jessica Fernández

O pasado 11 de marzo, Miguel Fernández (Ribeira de Piquín, 1955) tomou posesión como alcalde de Lugo despois de ser elixido polos seus compañeiros do PSOE como sucesor de Paula Alvarellos, un cargo que asume con ilusión e ganas, xa que “para min ser alcalde non é un traballo, é unha oportunidade que desfruto”.

Como asume este cargo?

Moi animado e orgulloso por asumilo. Non hai nada que poida enorgullecer máis a alguén que cre na vocación do servizo público que ser alcalde da súa cidade. Polo tanto, estou encantado, responsabilizado, con ganas de seguir traballando e con moita forza.

Cre que debería ter sido alcalde antes ou cre que todo pasa no momento que debe?

Chegou cando tiña que chegar. Houbo outros momentos nos que houbo que facer cambios na Alcaldía e no grupo municipal decidiuse que había persoas cun perfil mellor para asumir esa responsabilidade, como foi Paula Alvarellos, que ademais se demostrou que foi un acerto, porque fixo unha gran xestión. E, agora, neste momento, dentro do grupo e do partido decidiron que era eu. Polo tanto, agradecido a todos e agora a tirar cara a adiante.

Despois de presentar o novo organigrama, como cre que van ser estes dous anos que quedan de legislatura?

Temos un grupo de concelleiros moi formados, moi preparados e moi implicados que levan un tempo traballando e, polo tanto, coñecen os servizos. Así, os cambios organizativos son de continuismo, basicamente. Houbo que incorporar un novo concelleiro e darlle unha área de responsabilidade

e tamén adaptar as distintas áreas aos diferentes perfís profesionais e persoais. Temos un grupo cohesonado, un grupo forte, e estou seguro de que se vai notar a nosa pegada nos dous anos que quedan.

Seguirase o camiño trazado ata o de agora, ou haberá algún cambio na forma de traballar?

Esta cidade sufriu unha primeira transformación en positivo co primeiro alcalde, Orozco, que a democratizou, que a abriu ao mundo e deulle visibilidade. Logo, veu a etapa de Lara Méndez, coa que traballei uns anos, polo que eu tamén son parte dese modelo e proxecto de cidade. Aí apostamos pola mobilidade, a sostibilidade, pola utilización de materiais autóctonos como a madeira e elementos estruturais, gañando espazos para a cidadanía, ampliando zonas de peonalización, potenciando o transporte público... É dicir, facendo unha cidade máis cómoda e harmónica. Agora, será unha nova etapa, na que temos unha serie de obras en marcha, e eu veño de participar de maneira moi activa neste modelo, polo tanto, será unha liña continuísta. Creo que fomos capaces de poñer en valor o patrimonio natural e histórico-artístico e nesa liña quero continuar.

Cales son os proxectos máis inmediatos?

O máis inmediato é rematar as obras do casco histórico e así o manifestei na propia toma de posesión. Eu creo que temos que rematar xa, pero tamén hai datos obxectivos para entender por que aumentou o tempo. Primeiro, porque unha parte moi importante da actuación é no subsolo; non é só o que se ve na superficie. Despois, a climatoloxía tampouco axudou e a aparición de restos romá-

nicos, igual. A pesar de que considero que as obras avanzan a un moi bo ritmo, eu quero rematalas xa porque sei que causan molestias aos veciños e prexuízos aos comerciantes e aos exteriores do centro. Polo tanto, demos unha data concreta e temos a firme convicción de cumprila. Logo, hai unha serie de obras que van comezar, como o desdoblamento da Duquesa, que facemos en colaboración tamén coa Deputación Provincial; tamén unha reivindicación histórica, que é a unión do río Rato co Miño; despois faremos unha obra de remodelación dun parque infantil na zona do Sagrado Corazón; e tamén hai prioridades como arranxar a rúa Fermín Rivera, onde hai problemas de avarías con demasiada frecuencia e é algo que queremos abordar o antes posible.

Como se toma o Goberno local e, concretamente vostede, as críticas?

As críticas son inevitables. O que sería peor é que te criticaran por non facer. Se te critican por facer, son lícitas e valóranse, porque sempre teñen unha parte de realidade, de verdade, e, por tanto, eu, desde logo, enténdooas como un acicate e como un impulso para seguir avanzando, para facer as cousas cada vez mellor. É importante entender e valorar a opinión de todos.

Cales son, desde o seu punto de vista, as necesidades máis urxentes da cidade?

Quero empezar dicindo que Lugo é unha cidade marabillosa e espectacular, e que os que nos visitan, que cada día son máis, así o entenden e o manifestan. Nós tamén o sabemos, pero ás veces custa interiorizalo e eu quero afondar nese orgullo de cidade, de satisfacción por vivir nunha cidade cómoda, harmónica, bonita, onde é sinxela a convivencia, onde se poden facer proxectos de emprendemento e de futuro... Por iso, quería afondar nese orgullo colectivo no que non queremos deixar a ninguén atrás e unha das necesidades de Lugo ten que ver co tema da inmigración, polo que creamos unha área específica cun novo concelleiro, porque hai máis do 10 % da poboación en Lugo procedente doutros países, e é necesario integralos, axudarlles, colaborar con eles, etc. Outro tema importante é a cohesión territorial, xa que queremos actuar no centro, pero tamén nos barrios e nas parroquias. Así, actuamos a través dunha dobre vertente: levamos a cabo grandes obras de transformación e modernización da cidade, e tamén facemos pequenas actuacións diarias que lle fan a vida máis cómoda e máis levadía á xente. Por iso a idea de estar en permanente escoita e contacto cos veciños e as veciñas.



E no ámbito rural do municipio?

Nós aspiramos a que as persoas poidan vivir no rural e vivir do rural. Para o primeiro, é necesario dar servizos, mellorando as conectividades, as infraestruturas... xa que temos máis de 1.100 quilómetros de estradas municipais e 3.750 puntos de alumado público e queremos seguir nesa liña de facer a vida cómoda, de dar servizos suficientes, e tamén apoiar calquera iniciativa de emprendemento para que a xente poida vivir do rural e facer o seu proxecto de vida. As parroquias en Lugo son o 80 % de territorio, son case un 20 % de poboación, e esa simbiose rural-urbano é unha cosa positiva que temos que valorar

“Sentín o alento de moitos veciños a dar o paso á Alcaldía e, por tanto, síntome con ganas de seguir sendo alcalde máis alá de 2027”

e potenciar.

Volvendo á cidade. Fálenos dos proxectos máis importantes a levar a cabo nos diferentes barrios.

O primeiro, temos a necesidade de actuar na Avenida Adolfo Suárez, a partir da Campiña, xa que é unha arteria moi importante de tráfico cara a cidade e que agora non ten o realce que merece. Logo, temos un proxecto moi ilusionante chamado Lugo Norte, que se trata de actuar nas marxes da Avenida da Coruña coa creación dun gran bulevar, con aumento de zonas verdes, de bancos, de dinamización do comercio e da hostalaría, e que implica tamén unha iniciativa de unión

da Intermodal co resto da cidade. Tamén é imprescindible a conexión do Polígono das Gándaras coa A-6, e a construción neste entorno dunha escola ou ludoteca infantil para que se poida conciliar a vida laboral e familiar, e avanzar tamén no Plan Paradaí, xa que á Serra de Meira hai que darlle unha saída e queremos que a Xunta se implique.

Tamén temos posto o ollo no Museo da Romanización, ou Museo Galaico Romano, como din algúns expertos, xa que o Concello fixo una inversión importante para conseguir o inmovible e temos ademais moitísimos restos arqueolóxicos sen catalogar e en distintas localizacións, polo que temos que pedir axuda. Igual que pediremos colaboración para o tema de promover os aparcadoiros en Fontiñas, propondo abrir a Avenida Vilaverde, coa que conseguiríamos gañar fluidez de tráfico e arredor de 300 prazas de aparcamento.

En definitiva, teremos a man tendida e ofreceremos facilidades para todos os proxectos que sexan beneficiosos para a cidade independentemente do partido político da Administración que se trate, pero sendo firmes e rigorosos á hora de esixir, xa que non queremos ser máis ca outras cidades, pero non nos conformamos con menos. E, por exemplo, con respecto ao canon da auga, os veciños levamos aportados máis de 12 millóns de euros nos últimos anos sen que houbera ningún retorno para esta cidade.

Un dos barrios no que máis foco poñen os veciños ultimamente é A Milagrosa.

O barrio da Milagrosa é un barrio moi importante, poboado e senlleiro, e por algunha razón ás veces trasládase unha imaxe irreal de que hai conflitos, de que hai problemas... pouco menos que é o Bronx, e non é verdade. É moi inxusto porque hai problemas como

¿QUIERES QUE TE AYUDEMOS CON TUS DOLENCIAS Y PREOCUPACIONES?

DESCUBRE NUESTRAS TERAPIAS NATURALES

- Par Biomagnético
- Terapia físico vascular Bemer
- Endocrino-Psicología
- Flores de bach...

...Y LA MEJOR NATUROPATÍA

Montero Ríos, 41 27002 - Lugo
Tel.: 982 251 827 josemanuel@verxel.es www.verxel.es

noutras zonas, pero estase controlando. Eu quería facer un chamamento á responsabilidade para que ningún estigmatice ningún barrio, tampouco A Milagrosa, porque se está facendo moito dano aos comercios, á hostalaría, aos veciños, xa que non hai nada absolutamente alarmante. Así, seguiremos traballando no barrio para poñelo en valor.

Non quería marchar sen preguntar pola protectora de Lugo.

Temos deseñado un proxecto moi ambicioso, bonito, innovador e moderno, utilizando os edificios e instalacións do antigo Matadoiro, que incluso o propio deseño se consensuara con algúns dos veterinarios da protectora, porque os técnicos aseguraban que a actual localización non era posible urbanisticamente. Pero agora hai certo consenso entre distintos técnicos de distintas administracións en que é viable na parcela actual e nós, que temos consignada nos orzamentos unha partida importante, máis a axuda que lle damos anualmente, non temos ningún inconveniente en, se é viable urbanisticamente, falar coas outras administracións (coa Deputación Provincial e a Xunta de Galicia) e negocialo. Nós o que queremos é darlle unha saída, porque sabemos que as actuais condicións da protectora non son as mellores.

Tendo en conta a cantidade de proxectos que pon enriba da mesa, entendo que vai ser complicado levarlos a cabo en dous anos. Ten pensado presentarse como alcaldable nas eleccións municipais de 2027?

Si, iso téño perfectamente claro. Cando eu din este paso foi porque o considero un orgullo e o meu grupo me apoiou, creo que conto coa colaboración de moitos funcionarios desta Casa, aos que teño que agradecer que nestas datas a mecánica seguira funcionando con normalidade, e co alento de moitas cidadás e cidadáns da rúa, xente do común, que estes días me animaron a dar o paso. Por iso, teño ganas, teño forza e serei alcalde desta cidade mentres os veciños queiran.



Compatibilizar o traballo á fronte do Concello e na Deputación, como se leva “estar a todo”?

Que isto é algo moi esixente é algo que xa sabemos. Creo que é cuestión de organizarse, de saber dosificar e saber sacar tempo para coidarse a un mesmo; eu son enfermeiro de profesión, polo tanto, algo de coidados debería saber. Sigo na Deputación por-

“Quero afondar no sentimento de orgullo de vivir nunha cidade cómoda, harmónica e bonita”

que non é viable que me substitúan os compañeiros concelleiros. Se non, pois daría paso, sen dúbida. Como iso non é posible, pero creo firmemente que a capitalidade da provincia ten que estar representada na Deputación, aí estou. Ademais, eu creo que cando fas un traballo que che gusta, no que estás ilusionado, que che apetece, no que te sentes cómodo, desfrutas. Eu desfruto falando cos veciños, intentando solucionar os seus problemas, polo que non o considero un traballo, creo que é unha oportu-

nidade de estar en contacto cos veciños, de mellorar as súas condicións de vida, de transformar a cidade e de modernizala, e formar parte diso é un orgullo.

Finalmente, quería pararme no futuro do partido, xa que acaba de ser o Congreso do PSdeG. Como ve as seguintes eleccións a representantes provinciais?

Temos un mecanismo establecido a nivel congresual, o congreso a nivel de Galicia, e seguiremos os pasos. Eu colaborarei co meu partido en todas as áreas, participarei en todo, como non podería ser doutra maneira. Veremos cantas persoas se deciden a dar o paso, cantas máis mellor, porque iso é enriquecedor; e toda a renovación que haxa que facer, farase, pero sempre contando coa experiencia de moitos compañeiros e compañeiras que levan moitos anos loitando por un partido e, sobre todo, por unha sociedade mellor. Un partido é un instrumento co que nos dotamos para mellorar a vida das persoas, que é o fundamental. Hai persoas moi cualificadas, moi capaces, moi preparadas que seguro que van dar o paso e van ter o apoio da militancia. Tivemos un congreso en Santiago que foi un modelo de participación e de cohesión, e iso seguro que se vai trasladar, primeiro á provincia, e a continuación, ao ámbito local da agrupación.

O novo organigrama do Goberno local de Lugo

A reestruturación do Goberno local mantén a continuidade coa anterior organización, pero introduce “pequenas modificacións co obxectivo de mellorar o funcionamento da Administración e aproveitar ao máximo os perfís políticos e profesionais do equipo de Goberno”, tal e como destacou o propio rexedor. Fernández subliñou a importancia dun equipo “cunha traxectoria contrastada en diferentes ámbitos de xestión”, convencido de que, coa colaboración dos traballadores municipais, se logrará “mellorar a eficiencia interna e incrementar o ritmo da tramitación administrativa, repercutindo na calidade dos servizos públicos”.

O novo organigrama estruturase en cinco grandes áreas: Alcaldía e Transición Ecolóxica; Xestión Integral de Recursos Internos, Urbanismo, Deportes e Xuventude; Dinamización Económica e Relacións Institucionais; Cohesión Social; e Cohesión Territorial.

TRANSICIÓN ECOLÓXICA. O propio Miguel Fernández encabeza esta área, que ten como eixo central a coordinación dos proxectos estratégicos da cidade e o impulso da Axenda 2030. Ademais, seguirá xestionando asuntos vinculados ao medio ambiente, cambio climático, xestión enerxética e de residuos, ciclo da auga, zonas verdes e limpeza viaria. Tamén asume a supervisión da estrutura administrativa e os servizos municipais de emerxencias como Policía Local, Bombeiros e Protección Civil.

RECURSOS INTERNOS. Pablo Permy continúa á fronte da área de Recursos Internos, encargándose

da contratación local, xestión económica e financeira, patrimonio municipal e persoal.

Jorge Bustos dirixirá Urbanismo, Deportes e Xuventude. Bustos asumirá tamén competencias en materia de prevención de drogodependencias, promoción do deporte e organización de eventos como o Arde Lvcvs. O alcalde destacou a súa formación como enxeñeiro como valor engadido para asumir o reto urbanístico.

COHESIÓN SOCIAL. Olga López Racamonde liderará esta área, que abarca os servizos sociais, promoción e reinserción social, centros sociais e programas de voluntariado. A área amplíase con dúas Concellerías específicas: Muller, Igualdade e Inclusión, a cargo de Ángeles Novo; e Movements Migratorios, baixo a responsabilidade de Waldir Sinisterra.

RELACIÓNS INSTITUCIONAIS. Mauricio Repetto mantén a coordinación desta área, centrada na promoción da actividade económica, comercio, emprego e formación. Tamén continuará xestionando a estratexia de fondos europeos e establecendo vínculos con entidades municipais e supramunicipais.

COHESIÓN TERRITORIAL. Ana González Abelleira seguirá á fronte desta área que garante a atención ás necesidades das parroquias e do ámbito rural. Estará encargada da conservación e obras nas vías públicas rurais, así como da dinamización sociocultural dos centros da zona rural. A área inclúe tamén o Parque Móbil, a Brigada de Maquinaria e as Unidades de Zona Rural.

Clinica dental Mosquera Otero

- CIRURÍA DENTAL
- PERIODONCIA
- ODONTOLOGÍA RESTAURADORA
- RADIOLOGÍA 3D
- ESCÁNER INTRAORAL
- ORTODONCIA
- IMPLANTOLOGÍA
- ESTÉTICA DENTAL
- PRÓTESIS
- ODONTOPEDIATRÍA

Te damos una razón PARA SONREIR

📍 Ronda Valle Inclán 1, Bajo. Lugo

☎ 982.803.132

✉ cdentallugo@gmail.com

🌐 www.mosqueraotero.es



O barrio de San Lázaro celebra as súas festas en abril

As veciñas e veciños do barrio de San Lázaro – A Ponte de Lugo preparan xa as súas tradicionais festas, que se celebrarán os días 4, 5, 6, 12 e 13 de abril, cun completo programa de actividades que combina música, deporte, gastronomía e cultura popular.

As celebracións comezarán o venres 4 de abril co tradicional pregón, ao que seguirá unha gran churrascada popular servida polo Bar Fénix. A xornada continuará coa actuación da orquestra Unión y Fuerza, e unha sesión musical a cargo do DJ Adrián Corral, que animará a noite con puro dance.

O sábado 5 de abril dará comezo cunha sesión vermú amenizada por La Hora Bruja. Pola tarde, disputarase un partido de fútbol entre equipos do barrio S.C.D. San Lázaro, seguido dun concerto da coral Ecos do Miño na igrexa de San Lázaro. A continuación, realizarase a entrega de trofeos, acompañada dunha gran queimada popular gratuíta no campo da festa. A noite estará protagonizada pola orquestra Marbella Gira 2025 e unha festa reguetón-electro latino co artista Desde la Ricura - JJ Compota.

O domingo 6 de abril, as actividades comezarán cunha misa solemne e procesión, seguida dun pasarrúas a cargo do grupo Airiños de Orbazai, que percorrerá os bares do barrio. A xornada continuará cunha sesión vermú e sesión de tarde con Grupo Explosión.

As festas retomaranse o sábado 12 coa presentación das carrilanas por parte das e dos pilotos, e posteriormente celebrarase o esperado descenso de carrilanas, que este ano acollerá a 1ª Proba Anual da Copa Galicia. Ao rematar, terá lugar a entrega de premios e unha actuación musical no campo da festa.

As celebracións pecharanse o domingo 13 de abril cunha tarde infantil con numerosas actividades e descontos nas atraccións. O broche final ás Festas de San Lázaro 2025 será a despedida oficial dese mesmo día.



“O ser humano necesita apoios, oportunidades, e ferramentas”

Elvira Paloma Fernández Domínguez, presidenta da Asociación Concepción Arenal, pon en valor o traballo con persoas en risco de exclusión social

Jessica Fernández
Cal foi a orixe da Asociación Penitenciaria Concepción Arenal?

A Asociación naceu porque as antigas CAS, Comisións de Asistencia Social provinciais, que se encargaban da atención aos liberados condicionais unha vez saídos da prisión, deixaron de xestionalos a finais dos 80. A Asociación naceu en 1989 como resposta a esa necesidade, para axudar a estas persoas a atopar traballo e a outras cuestións. Co tempo, ampliouse o perfil de usuario, atendendo tamén a xente en risco de exclusión social. De feito, hoxe en día trabállase con internos de centros penitenciarios, con familias, con mulleres en risco de exclusión ou vítimas de violencia de xénero... É dicir, trabállase con todas aquelas persoas que se achegan á asociación cunha necesidade e, ou ben se derivan a outro recurso externo, xa sexa do Concello ou doutro tipo de asociación que poida ofrecerlles o que precisan, ou se lles asesora a nivel de asistencia social e psicolóxica. En xeral, faise un traballo de atención psicosocial e, en certos programas, tamén hai un avogado para ofrecerlles asesoramento xurídico. Quero destacar o traballo de Marina Cillero, que foi presidenta durante moitos anos, de Juan Manuel Moreno, que foi vicepresidente e o motor da Asociación, e de Paula Alvarellos, que foi a miña predecesora como presidenta e que deu o impulso que a Asociación precisaba.

Como foi a evolución da Asociación desde os seus inicios ata hoxe?

A asociación evolucionou moito, xa que pasou de ser un recurso de atención a realizar programas, xornadas e, sobre todo, a ampliar o seu labor. As xornadas comezaron no 86, antes de que a asociación se formalizase no 89. Ao principio, a actividade estaba dirixida principalmente ás xornadas e á atención das persoas que saían e pasaban polo CAS, que se converteu no Servizo de Xestión e Penas Alternativas, pero co paso do tempo evo-

lucionou ao mesmo ritmo que a institución penitenciaria e a sociedade. O Estado agora presta máis atención ás necesidades do terceiro sector, e moitas das coberturas que debería dar a Administración pública están a ser atendidas por ONGs. Nesta área, a nosa asociación ampliou o seu catálogo de servizos. Pasamos de realizar só as xornadas e de axudar a alguén que se achegaba á asociación, a ter dous ou tres programas dentro das prisións. Polo tanto, necesítase máis axuda.

Que importancia ten esta asociación na cidade?

A asociación é necesaria, sobre todo, porque hai que achegar a sociedade ao entorno da reinserción. Os internos van saír en liberdade si ou si, porque non existe a condena perpetua e teñen que reintegrarse á sociedade. Desde as prisións trabállase para que estas persoas saian mellor de como entraron, para atender as súas carencias, para traballar sobre o delito cometido, para mellorar a nivel formativo e laboral... Esa reintegración require do apoio da sociedade. Se a sociedade non lles deixa volver a incorporarse ao tecido laboral ou aos recursos sociais e sanitarios da Administración, a nosa labor non ten sentido. As persoas nas prisións reciben cursos de formación co obxectivo de que poidan encontrar traballo no exterior ou recuperar a súa actividade laboral. Todo isto require dunha actitude aperturista por parte da sociedade e, sobre todo, que coñezan o que se fai dentro para que o valoren e comprendan que isto forma parte das obrigas de todos como cidadáns. Estamos nun Estado social e democrático de dereito e, de algunha maneira, todos debemos axudar a que as persoas do noso entorno poidan participar en igualdade de condicións.

Fálenos do traballo que se realiza desde a asociación.

A asociación traballa con persoas en risco de exclusión social, con internos e con familias de internos que teñen

necesidades económicas. Habitualmente traballamos con tres programas: un de Igualdade, que subvenciona a Xunta de Galicia, dirixido a mulleres para ofrecerlles atención psicosocial e xurídica; outro, o RIL, que subvenciona a Deputación, e que este ano estamos intentando que se nos conceda de novo, xa que non se nos aprobou a nominativa para 2024 e 2025. Este último é un dos máis importantes, xa que ten que ver coa reinserción laboral e vai dirixido a aquelas persoas que precisan incorporarse ao mercado laboral. Este programa axúdalles a buscar formación nos recursos que ofrece a Administración pública, co obxectivo de que poidan acceder ao mercado laboral. Tamén se realizan traballos dentro das prisións, como programas de prevención de recaídas e talleres de parentalidade para internos que son pais e teñen que aprender o seu rol na unidade familiar. Ademais, hai unha subvención do Concello para as xornadas penitenciarias, que tamén apoia a atención psicosocial na asociación.

Que persoas forman parte do voso equipo de traballo?

Contamos cunha psicóloga, cunha traballadora social e cun avogado que nos presta servizo para a parte xurídica en determinadas asociacións, ademais dalgún voluntario que tamén é avogado. Non temos unha bolsa de voluntarios moi ampla, pero con eles facemos talleres en centros penitenciarios, como en Monterroso, a nivel de lectoescritura, debuxo e pintura... Son actividades máis ocupacionais, pero que teñen un labor moi bonita e reintegrador, xa que son completamente voluntarias.

Por que é fundamental apostar pola reinserción?

Vivimos nun Estado democrático de dereito, onde a pena de morte foi abolida hai moitos anos. Temos un dos sistemas penitenciarios máis garantistas de Europa. Moitos vén a ver os programas que facemos, a

ver como traballamos, e todo isto ten que traducirse en traballo en rede. É un traballo de motivación cos internos e de concienciación coa sociedade, e por iso as xornadas teñen tamén un enfoque divulgativo e de concienciación social, para que a sociedade se implique na problemática social que nos afecta a todos. A min persoalmente paréceme que ao ser humano hai que darlle oportunidades, apoios e ferramentas para que se saiba manexar no futuro, e isto parte da base da educación: todo isto sen educación e sen valores non funciona. Os nosos menores deben estar ben educados, saber xestionar as súas emocións e aprender a resolver os seus problemas, o que os fará boas persoas.

As xornadas penitenciarias, en que consisten?

As xornadas son un evento que ten como obxectivo non só tratar un tema de actualidade, senón tamén concienciar. A maioría das veces, buscamos temas que estean relacionados co ámbito penitenciario, xurídico e social, sobre todo co ámbito social, educativo e pedagóxico, e tamén con modificacións de normativas legais que poidan afectar á sociedade. Nos últimos anos, as xornadas están dirixidas sobre todo á concienciación sobre problemáticas sociais que tamén afectan ao ámbito penitenciario, como a maternidade, a violencia de xénero, e outras cuestións que afectan aos pais, ás nais e á sociedade en xeral.

A APCA ten necesidades?

Non traballamos con fondos privados, facemos concertos solidarios para recadar fondos ou organizamos comidas solidarias. Consideramos que a xente xa ten as súas formas de facer donativos se queren, pero tamén recibimos algunhas subvencións. Con todo, non chega para cubrir todas as nosas actividades. Hai dúas persoas contratadas na asociación, pero o resto da directiva non cobra, e moita da xente que participa na asociación faíno de forma altruísta. Somos unha asociación moi humilde e traballamos para recibir un salario, pero ás veces é moi difícil atraer xente cando non podemos ofrecerlle seguridade. Iso tamén fai que non podamos emprender novos proxectos por falta de infraestrutura e apoio económico.

Cal é o plan de futuro da asociación?

Gustaríanos ter máis seguridade económica para asegurar a continuidade das actividades que realizamos. A nosa prioridade sería vivir de forma máis acomodada e poder garantir as actividades que facemos. Este ano hai un cambio importante no ámbito penitenciario, xa que os internos que saían en liberdade podían optar ao paro ou ao subsidio de excarceración, pero agora desapareceu por unha nova normativa interna. Isto dificulta moito o proceso para eles e tamén para nós, xa que moitas veces temos que atender a máis persoas, aínda que só sexa para orientalas nos trámites que deben facer.

Reforzarán o apoio ás mulleres migrantes vítimas de violencia

A Oficina de Inmigración do Concello de Lugo reforzará a súa labor de orientación e apoio, co obxectivo de informar e axudar na tramitación de solicitudes ás mulleres estranxeiras vítimas de maltrato, abuso sexual ou trata de seres humanos.

Esta iniciativa enmárcase no contexto dos próximos cambios legislativos que introducirá o novo Regulamento de Estranxeiría, cuxa entrada en vigor está prevista para o vindeiro 20 de maio.

Así o anunciou a concelleira da área, Olga López Racamonde, durante a súa participación nunhas xornadas organizadas pola Subdelegación do Goberno para analizar as modificacións que contempla o novo regulamento. A edil subliñou a relevancia de “asesorar a estas mulleres sobre as novidades normativas que as benefician, como as relativas ao reagrupamento familiar ou os cambios nos procedementos de solicitude de asilo político”.



López Racamonde detallou que as novas disposicións legais “permitirán ofrecer un respaldo aínda maior ás mulleres inmigrantes que foron vítimas de violencia machista, abuso sexual ou trata. As mulleres nestas circunstancias contarán cunha protección legal reforzada e cremos fundamental lembrar que desde a Oficina Municipal de Inmigración podemos brindar o asesoramento ne-

cesario e facilitar a xestión das súas solicitudes ante a Subdelegación do Goberno”.

Durante as xornadas informativas, a subdelegada do Goberno, Isabel Rodríguez, destacou que os cambios normativos “reforzan os dereitos das mulleres migrantes vítimas de violencia de xénero e violencia sexual para a obtención de permisos temporais de residencia e traballo”.

Lugo mobilízase contra o cancro cunha carreira e unha andaina solidarias

Lugo prepárase para acoller unha nova edición de Lugo en Marcha Contra o Cancro, un evento solidario organizado pola Asociación Española Contra o Cancro en Lugo que combinará deporte e sensibilización. A xornada terá lugar o sábado 12 de abril na praza da Horta do Seminario e contará con dúas modalidades de participación: unha andaina aberta a todas as idades, que percorrerá o adarve da Muralla a partir das 18:00 horas, e unha serie de carreiras que darán comezo ás 19:00 horas, incluíndo unha proba de 5 km para

adultos e carreiras infantís. O obxectivo é concienciar sobre a importancia dun estilo de vida saudable para a prevención do cancro, fomentando a práctica de exercicio físico e unha alimentación equilibrada. As inscricións xa están abertas e poden realizarse a través da web lugocontraocancro.es ou de maneira presencial na sede da Asociación, situada no Carril dos Loureiros, 17. A recollida de dorsais e camisetas estará dispoñible o venres 11 de abril de 16:00 a 19:30 horas e o sábado 12 de abril de 11:00 a 13:30 horas na sede

da Asociación. Ademais, o propio sábado pola tarde, a partir das 15:00 horas, tamén se poderán retirar na Praza da Horta do Seminario. Os prezos de inscrición variarán segundo a modalidade: tanto a carreira infantil como a andaina terán un custo de 5 euros para menores e 10 euros para adultos, mentres que a carreira de 5 km para adultos terá un prezo de 10 euros. Para aqueles que desexen colaborar pero non poidan participar, está dispoñible a opción do dorsal cero, unha achega solidaria sen necesidade de competir.

EN BREVE



DOWN LUGO. As asociacións Down Lugo e Raiolas recibiron os 16.182 euros recadados na gala solidaria Diez Raz10nes. O evento reuniu a 250 persoas que desfrutaron dunha experiencia culinaria única impulsada por empresas de restauración, comunicación, organización de eventos e diversas entidades sociais.



HORTOS URBANOS. O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, o alcalde de Lugo, Miguel Fernández Fernández, e o deputado de Medio Ambiente, Carlos López, realizaron a entrega de 89 hortos urbanos situados no Paseo do Río Rato. Deste total, 39 hortos foron renovados para antigos usuarios cuxa concesión estaba a piques de finalizar, e 50 hortos foron asignados a novos beneficiarios.



PRAZA DAS ILLAS. A concelleira de Participación e Servizos para a Veciñanza, Cristina López, mantivo un encontro coa Asociación Veciñal da Praza das Illas, onde reafirmou o seu compromiso para “ampliar o alcance das actividades organizadas anualmente a través das asociacións veciñais”. López afirmou que o goberno atenderá ás propostas e solicitudes presentadas tanto polo tecido asociativo como pola veciñanza de Lugo.

AGENDA CULTURAL DE GALICIA

Conciertos
Ferias ■ Festivales
Fiestas ■ Infantil
Humor ■ Gastronomía
Teatro ■ Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!

OCIO EN GALICIA

www.ocioengalicia.com

Lugo convoca as subvencións para asociacións sen ánimo de lucro

O Goberno Local apronbou a convocatoria de subvencións a asociacións sen ánimo de lucro para financiar actividades de interese social a desenvolver ao longo deste 2025. Será o mércores, na Xunta de Goberno Local, cando o Executivo Municipal de luz verde a esta convocatoria, coa aprobación dun orzamento de 38.000 euros, similar a de anos anteriores, reservados á execución destes programas de carácter social. A edil responsable desta área Olga López Racamonde destaca a importancia destas axudas para “por unha banda promover o desenvolvemento de programas de interese social ao tempo que favorecemos ao tecido asociativo da nosa cidade, incentivando a súa capacidade de traballo a prol da comunidade nos seus diferentes eidos de actuación, sempre en aras do benestar social”.

A concesión destas subvencións farase a través dun procedemento de concorrencia competitiva, ao que poderán concorrer as asociacións domiciliadas en Lugo, inscritas no Rexistro, que cumpran cos requisitos das bases publicadas no BOP, na páxina web do Concello, no Taboleiro Electrónico e no Portal de Transparencia do Concello.

Serán polo tanto beneficiarias destas axudas as entidades sociais que traballan con colectivos en risco de exclusión social, como persoas desempregadas de longa duración, menores de 25 anos demandantes de emprego, persoas maiores en situación de vulnerabilidade, persoas con diversidade funcional, minorías étnicas, reclusos ou ex reclusos ou persoas inmigrantes, entre outros colectivos desfavorecidos.

O PP local criticou a xestión do ciclo da auga

A voceira do Grupo Municipal do PP, Elena Candia, criticou a xestión do ciclo da auga por parte do Goberno local de Lugo, cualificándoa de “precaria e improvisada”. Segundo Candia, a principal preocupación da cidadanía é a calidade da auga e a rapidez na reparación das fugas, aspectos que considera deficientes na actualidade.

“O Concello non pode escudarse na falta de financiamento cando ingresou 34 millóns de euros en recibos de auga e sumidoiros na última década”, asegurou a popular. Ademais, cualificou de “moi grave” a sanción imposta ao Concello por incumprir os niveis mínimos de cloro na auga, xa que afecta directamente á saúde pública. “O preocupante non é só a sanción en si, senón que o goberno local nin sequera presentou recurso para defendela”, denunciou.

A voceira do PP tamén destacou que o contrato de monitorización da calidade da auga, que saíu a licitación en xuño de 2024, tardou case un ano en ser adjudicado, preguntándose “quen estivo prestando ese servizo durante ese tempo”. Ademais, denunciou a lentitude na reparación de fugas de auga, poñendo como exemplo un recente caso en Fermín Rivera onde a reparación tardou máis de 24 horas.

Candia insistiu en que os veciños de Lugo están pagando máis polo servizo de auga sen notar mellores, algo que considera “inaceptable”. Por iso, instou ao edil Miguel

Fernández a tomarse en serio a xestión deste servizo esencial, recordando que leva 13 anos funcionando con contratos caducados, como o da EDAR desde novembro de 2011 e o da ETAP desde febreiro de 2012. “Non é de recibo que un servizo municipal esencial estea nesta situación de abandono”, concluíu.

GOBERNO LOCAL. Fronte ás críticas do PP, a voceira do goberno municipal, Ana González Abelleira, defendeu a xestión da auga en Lugo, asegurando que “a cidade é un referente no ciclo da auga” grazas a un dos sistemas máis modernos de Galicia. Ademais, denunciou a falta de axuda da Xunta, á que acusa de deberlle a Lugo máis de 15 millóns de euros do Canón da Auga, fondos que non foron investidos na cidade. Abelleira explicou que Lugo conta cunha EDAR que garante a calidade da auga e que, ademais, a ETAP ten unha capacidade de produción de 54.000 m3/d, cun tratamento avanzado para eliminar contaminantes emerxentes. Segundo a voceira do goberno, estas infraestruturas foron deseñadas cun criterio de “vertido cero” para minimizar o impacto ambiental e optimizar o uso da auga.

Por todo isto, Abelleira acusou a Elena Candia de facer “demagogia” e de “mentir” para desgastar ao goberno municipal. “O PP escenifica perfectamente a súa forma de facer política: miente que algo sempre queda”, sentenciou.



Unha campaña busca fortalecer o comercio do barrio da Milagrosa

A Asociación de Veciños, Comerciantes e Industriais da Milagrosa está a levar a cabo unha campaña para fortalecer o comercio do barrio da Milagrosa, animando á veciñanza e ás persoas de zonas próximas a apoiar os establecementos locais.

A iniciativa consiste na distribución de 500 carteis nos que se expoñen 20 razóns para comprar no Barrio da Milagrosa. Estes carteis non só se repartirán dentro do propio barrio, senón tamén en zonas próximas, co obxectivo de achegar os beneficios do comercio local á maior cantidade posible de persoas.

Entre as razóns para elixir o comercio local da Milagrosa destacan aspectos como o prezo, a calidade dos produtos e servizos, o apoio ao comercio xusto, a proximidade do barrio, e a

profesionalidade dos comerciantes locais. Ademais, subliñan a seguridade que ofrece a compra en establecementos de confianza, así como a importancia de asegurar o futuro do barrio e fomentar a veciñanza e o crecemento económico.

Outras razóns que se destacan son o feito de que na Milagrosa “hai de todo” e a convicción de que “a Milagrosa o merece”, subliñando así a importancia de apoiar o comercio local como un acto de compromiso co desenvolvemento e benestar da comunidade.

A campaña busca incentivar aos veciños e veciñas a seguir apoiando o comercio do barrio, creando así un ambiente de colaboración e fortalecendo a identidade do Barrio da Milagrosa.

A CEL impulsa varios obradoiros multidisciplinares en abril e maio

A Confederación de Empresarios de Lugo (CEL), en colaboración coa Xunta de Galicia a través do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), impulsa os obradoiros multidisciplinares sobre Dixitalización, Sustentabilidade e Loxística Avanzada.

Esta iniciativa ten como obxectivo facilitar ás empresas da provincia de Lugo formación práctica para avanzar na súa transición ecolóxica.

O programa formativo abordará cuestións clave como a análise do ciclo de vida das empresas e os seus produtos, a descarbonización da cadea loxística, a xestión e valorización de residuos, a optimización do consumo enerxético e a simbiose industrial. Para iso, contarase coa participación de relatores especializados en cada materia, así como coa exposición de casos de éxito empresarial. As sesións de formación desenvolveranse entre os meses de abril e maio de 2025 en modalidade híbrida, combinando asistencia presencial e

online, para adaptarse ás necesidades de cada empresa.

O plan inclúe un total de cinco sesións teórico-prácticas, de tres horas de duración cada unha, que se celebrarán en horario de mañá (de 11:00 a 14:00 horas).

Ademais, os participantes terán a oportunidade de asistir a unha sesión Living Lab, que consistirá nunha visita a unha planta industrial con boas prácticas medioambientais, así como a un Think Tank final, un foro de peche para o intercambio de experiencias e solucións. O programa completárase con titorías periódicas individualizadas.

Esta formación está deseñada para ser altamente especializada e personalizada, ofrecendo prazas limitadas a só dez empresas. Está dirixida a persoas directivas e responsables de empresas agroalimentarias, así como a técnicos e responsables dos departamentos de innovación, I+D+i, sustentabilidade, procesos e calidade - medio ambiente.

LEYDAK
cocinas

SI QUIERES REFORMAR TU HOGAR...

MUEBLES DE COCINA Y DE BAÑO A MEDIDA
MAMPARAS · ARMARIOS EMPOTRADOS
ELECTRODOMÉSTICOS
REFORMA INTEGRAL DE VIVIENDA
INTERIORISMO Y DECORACIÓN

VEN Y CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO. ¡¡¡NOS ENCARGAMOS DE TODO!!!

Rúa da Liberdade 88, baixo. 27600 Sarria - Tel.: 646 606 335

Aprobados os Orzamentos no primeiro pleno do novo alcalde

O tenente alcalde do Concello de Lugo, Rubén Arroxo, subliñou á entrada do pleno municipal a relevancia da aprobación definitiva do orzamento municipal para o ano 2025.

Arroxo explicou que esta aprobación permitirá seguir avanzando nos proxectos previstos para o desenvolvemento da cidade. “Esta aprobación permitirános seguir mellorando Lugo e continuar co impulso das melloras previstas para os próximos meses”, afirmou.

Entre os proxectos destacados, Arroxo mencionou a transformación do Carril das Flores, que busca revitalizar unha das zonas máis emblemáticas da cidade. O proxecto tamén inclúe a mellora da entrada do Camiño Primitivo no casco histórico, onde se peonalizará parte da rúa para convertela nun espazo máis acolledor para residentes e turistas. Unha das intervencións máis importantes neste proxecto será a supresión do túnel existente, o que mellorará significativamente o entorno patrimonial da cidade, xunto coa mellora das infraestruturas da zona.

Ademais, os orzamentos do 2025 tamén contemplan importantes partidas para a repavimentación das rúas de Lugo, co obxectivo de mellorar a calidade das infraestruturas viarias e a circulación na cidade. Un dos proxectos máis destacados será a construción dunha rotonda no cruce entre a Ronda Fincoi e Alfonso X, o que mellorará significativamente a circulación nesta zona, que actualmente presenta problemas de tráfico.

O tenente alcalde tamén subliñou que os orzamentos inclúen importantes partidas para as festas do San Froilán e a actividade cultural, co fin de garantir a continuidade



dunha das festividades máis relevantes de Lugo, ademais de apoiar a programación cultural, que incluírá eventos no Auditorio Fuxan os Ventos.

Por último, Rubén Arroxo anunciou que nas vindeiras semanas comezará as obras que estaban previstas en orzamentos anteriores, como a peonalización da rúa da Milagrosa, e que a peonalización do carril dos Loureiros xa está moi avanzada, prevéndose que se remate en pouco máis dun mes.

A aprobación deste orzamento, destacou Arroxo, marca un paso máis no avance de Lugo cara a un modelo de cidade máis moderna, accesible e dinámica para todos os seus habitantes.

CRÍTICAS DO PP. O Grupo Popular, que decidiu non presentar proposicións, preguntas nin rogos para facilitar a reorganización do goberno, criticou que o Goberno local “perdera unha oportunidade para demostrar talante e diálogo, ao rexeitar as alegacións presentadas polos representantes dos traballadores municipais e a veciñanza”.

A voceira popular, Elena Candia, lamentou que o goberno rexeitase demandas como a implantación

efectiva da carreira profesional, o reforzo das brigadas municipais de augas e vías e obras, a ampliación da xornada do persoal de servizos sociais e o cumprimento das sentenzas xudiciais sobre o cadro de persoal público.

Por outro lado, denuncia que se rexeitaran peticións veciñais relacionadas coa seguridade, como a creación de beirarrúas en Virxe da Soidade ou na contorna da Residencia de Maiores das Gándaras, así como no tramo do barrio da Ponte que comunica coa parte alta do barrio co cemiterio, a eliminación de tapóns urbanísticos en Escultor Asorei, a cobertura do parque infantil da Fonte dos Ranchos ou mellorar os servizos no rural: o plan plurianual que permite dotar aos núcleos rurais de abastecemento; taxi a demanda; plan de reparacións; mantemento e desbroces das estradas; vaciado das fosas sépticas.

“A realidade política é que, hoxe, socialistas e nacionalistas aprobaron uns orzamentos sen ter en conta aos representantes dos traballadores, co rexeitamento da sociedade e sen contar cun consenso co grupo maioritario da corporación”, concluíron os populares.



O BNG acusa á Xunta de falta de proxecto e de atacar ao comercio local

A deputada do BNG no Parlamento galego, Montse Valcárcel, criticou duramente á Xunta de Galicia ao asegurar que “demostra cada día que non ten un proxecto claro para Lugo”.

Así o manifestou tras o debate plenario desta semana, no que o conselleiro Diego Calvo defendeu a conexión en autobús entre a cidade de Lugo e un centro comercial situado na Coruña, unha proposta que, segundo Valcárcel, “afecta directamente ao pequeno comercio de Lugo, especialmente ao ubicado no centro da cidade”.

A deputada nacionalista reafirmou a súa defensa do comercio local lucense, cualificando esta iniciativa como “un dos maiores ataques que se lle pode facer ao comercio local” e unha medida “totalmente surrealista”.

Desde o BNG tamén se criticou que, mentres se impulsa unha conexión cun centro comercial externo, a Xunta estea recortando outros servizos esenciais,

como o transporte a demanda para persoas con mobilidade reducida, “un servizo que fora implantado cando o BNG gobernaba na Xunta de Galicia”.

Valcárcel acusou ademais ao goberno autonómico de ter só dous tipos de medidas para Lugo: “os conselleiros do PP veñen á nosa cidade ou ben para presentar propostas surrealistas como este autobús a un centro comercial, ou para vender como grandes novidades proxectos paralizados desde que o PP chegou ao goberno no ano 2009”.

Neste sentido, referiuse á recente visita da conselleira de Vivenda, que anunciou un novo concurso de ideas para o Pazo de Dona Urraca. Segundo a deputada do BNG, este concurso “xa se celebrara durante o mandato do BNG na Xunta, pero foi paralizado polo PP ao chegar ao goberno, malgastando diñeiro público en indemnizacións á empresa adjudicataria do proxecto”.

HAMBURGUESAS GOURMET
(Cachena, Porco Celta...)

Rafael de Vega, 10 bajo
Tel. 982 59 38 92 LUGO

ABRIMOS TODOS LOS DÍAS

- DESAYUNOS
- RACIONES
- PLATOS COMBINADOS
- COMIDAS A LA CARTA

NUEVA CARTA ¡Visítanos!

MENÚ DEL DÍA 14 €

TODOS LOS PARTIDOS de FÚTBOL y

Pilates en grupos reducidos • Pilates preparto • Pilates postparto
Abdominales hipopresivos • Yoga

Calle Perpétuo Socorro 10-12, bajo. 27003 Lugo
Telf: 699 519 141 / erikapilates@hotmail.es
www.erikapilates.es

O PP recollerá opinións da cativada nunha actividade nos barrios

O Partido Popular de Lugo presenta unha nova iniciativa, o Espazo Infantil, unha actividade lúdica e participativa na que os nenos e nenas de Lugo poderán expresar as súas inquedanzas e expectativas sobre a cidade.

O presidente local do PP, Ramón Carballo, e a voceira do Grupo Municipal, Elena Candia, destacaron a importancia de dar voz aos máis pequenos, subliñando que tamén forman parte activa da cidade e teñen dereito a ser escoitados.

Durante esta actividade, os participantes recibirán unha cartolina ilustrada cunha caricatura de Elena Candia que lles preguntará: “¿Que botas de menos en Lugo?”. O obxectivo do Partido Popular é recoller as respostas dos nenos e nenas para coñecer de primeira man as súas expectativas e ideas sobre a cidade.

“Elaboramos esta actividade coa colaboración dun ilustrador lucense, Joaquín París, porque cremos no potencial de Lugo e apostamos polos nosos artistas locais, así como polos nenos e nenas que mañá serán os protagonistas desta cidade”, afirmou Elena Candia. Na parte traseira da cartolina tamén se inclúe unha actividade de pintura divertida, na que os nenos poderán pintar bonecos caracterizados de romanos e castrexos, en homenaxe á historia de Lugo.

O Espazo Infantil contará cunha serie de actividades para os máis pequenos, como xogos tradicionais,



un obradoiro de maquillaxe facial, inchables e sorteos con agasallos adquiridos en comercios do barrio onde se celebre a actividade.

Para facilitar que esta actividade chegue ao maior número de familias posibles, o Partido Popular tamén ofrece ás ANPAS a oportunidade de colaborar na difusión do evento. “Sabemos que as ANPAS son un motor fundamental na educación e dinamización das actividades das nosas escolas. Por iso, queremos poñernos á súa disposición para que este Espazo Infantil chegue a todas as familias que queiran participar”, explicou Elena Candia. O Espazo Infantil arrancará na Praza de Alicante e percorrerá diferentes puntos da cidade, creando un espazo de interacción e participación para as familias.

Con esta iniciativa, o Partido Popular reafirma o seu compromiso cun Lugo pensado para todos, no que o talento local e as novas xeracións teñan un papel protagonista.

Abre a mostra ‘Ritos e rituais de inverno’

Abriu a exposición *Ritos e rituais de inverno*, instalada no Vello Cárcere, onde poderá visitarse ata o próximo 15 de maio. A mostra reúne unha selección de oitenta e tres máscaras tramontanas, creadas por vinte e seis artesáns diferentes. As obras están vinculadas a trinta e catro celebracións ancestrais do Entroido tradicional, pertencentes á colección privada recompilada ao longo dos anos por Nuno Jorge Rodrigues Gonçalves.

As máscaras expostas proceden de diversas aldeas e localidades do Distrito de Bragança, en Portugal, unha zona que conserva un rico legado cultural de raíz antiga, que segue

vivo grazas á súa ampla aceptación social na actualidade. A colección destaca polo seu valor artístico, histórico, formativo e antropológico. Durante o acto inaugural, Maite Freire animou á cidadanía “a achegarse a esta exposición e descubrir os rituais do Entroido Tradicional Portugués”.

O evento de apertura contou coa participación da profesora Pilar Panero García, directora da Cátedra de Estudos sobre a Tradición da Universidade de Valladolid e do proxecto europeo MASK, así como da profesora de Antropoloxía da Facultade de Humanidades do Campus de Lugo da USC, Elena Freire Paz.

Presentado o FaCeLa Fest, o festival de música independente

Representantes da asociación cultural FaCeLa presentaron a novena edición do FaCeLa Fest, un festival de música independente que conta co apoio do Concello de Lugo, a Deputación de Lugo e a Xunta de Galicia.

O FACELA Fest volverá este ano co Auditorio Municipal Gustavo Freire como escenario principal. O seu cartel mantén a aposta por bandas icónicas da escena independente, con nomes como The Undertones (procedentes de Irlanda do Norte), Christina Rosenvinge e os xaponeses Stompin’ Riffraffs, que compartirán escenario con formacións lucenses e galegas como Jade 4, Grande Amore, Lorahacepam, Los Revelators ou Moloch.

“Seguimos apoiando un festival xa consolidado no calendario cultural de Lugo, que realiza unha importante aposta pola presenza de agrupacións lideradas por mulleres e polos grupos de Lugo”, explicou a concelleira de Cultura, Maite Ferreiro.

Pola súa banda, a deputada de Cultura, Iria Castro, destacou “o traballo da organización para incluír cada ano no cartel bandas emerxentes



que nos sorprenden” e enmarcou o respaldo da Vicepresidencia da Deputación de Lugo dentro da colaboración co tecido cultural e asociativo da provincia. “Contribuímos a unha axenda ampla e variada de música en directo, que ofrece opcións ao público e tamén oportunidades ás bandas e artistas galegas e locais”, engadiu.

O delegado territorial, Javier Arias, Arias felicitou aos promotores “polo nivel das actuacións das que poderemos desfrutar en directo en Lugo no marco deste festival” e valorou que sigan apostando “por darlle espazo á música de calidade feita en Galicia”.

Subliñou así mesmo o impulso que está a coller o Facela Fest dentro do circuito de festivais de música galegos, “que teñen un notable impacto económico e turístico nos lugares que os acollen”.

O FaCeLa Fest consolidouse como un festival de autor no que prima a calidade das bandas participantes. A súa proposta distínguese doutros festivais do país polo seu cartel coidadosamente seleccionado e arriscado. “Non é outro festival clónico, senón unha clara aposta pola diferenciación, coa cultura como eixo fundamental”, afirmou Maite Ferreiro.



A Candeloria ofrecerá 14 concertos, cantos de taberna e gastronomía

Xa queda menos para o Festival A Candeloria que se celebrará no Pazo de Feiras e Congresos o 4 e 5 de abril. Este ano, o evento contará con 14 cabezas de cartel que animarán a fin de semana en Lugo: o venres, estarán Boikot, Koma, Sons of Aguirre & Scila, Sara Socas, Hugo Guezeta, Pigs Parlament, Jordi Panico; mentres que o sábado será a quenda de Narco, Dakidarría, Lendakaris Muertos, Kaos Urbano, Crim, Flow Toxo, Abaixo cu Sistema e Jordi Panico.

A organización tamén confirmou que, a diferenza de edicións anteriores, este ano non se habilitarán espazos para acampada, polo que se recomenda aos asistentes planificar

o seu aloxamento con antelación. Ademais, o sábado 5 de abril ao mediodía terá lugar o evento Cantos de Taberna, onde grupos de músicos percorreren distintos puntos da cidade interpretando cancións tradicionais. Os participantes deberán presentarse na calzada da Ponte Romana durante a mañá para a recepción dos grupos.

O regreso de A Candeloria promete ser unha festa inolvidable para os amantes da música, a cultura e a diversión. Co cartel tan impresionante, as expectativas están moi altas para esta icónica celebración que pon a Lugo no mapa dos grandes festivais do ano.

A Fapacel denuncia a falta de prazas no IES Sanxillao

A deputada do BNG no Parlamento, Olalla Rodil, e a concelleira de Educación en Lugo, Iria Buíde, mantiveron recentemente unha xuntanza coa Fapacel para analizar a necesidade de actualizar o mapa escolar na cidade de Lugo, tendo en conta a situación actual dos centros educativos e a crecente demanda de prazas.

A Fapacel denunciou a falta de prazas suficientes no IES Sanxillao para atender á demanda de alumnado procedente dos centros de primaria adscritos á zona, como o CEIP As Mercedes, CEIP Sagrado Corazón, CEIP As Gándaras, CEIP Illa Verde, IES San Xillao e O Corgo. A Asociación subliña que as tres liñas coas que foi orixinalmente concibido este instituto non son suficientes para dar resposta ás necesidades actuais.

A falta de prazas no IES Sanxillao quedou patente cando, no curso 2023/2024, se tivo que incrementar unha liña máis no curso de 1º de ESO para atender á demanda, e no seguinte se ofreceron cinco liñas. A situación complica aínda máis debido a que o IES Sanxillao é un dos tres centros da provincia que imparte Bacharelato de Artes, o que incrementa o número de estudantes.

Camiño ás Aulas planifica varias rutas seguras para escolares

A concelleira de Educación e Difusión do Coñecemento de Lugo, Iria Buide, anunciou a apertura da licitación para o proxecto Camiño ás Aulas, que incluíra os Vieiros Escolares Seguros nos CEIP Albeiros, Casás, Luís Pimentel, Paradai e Rosalía de Castro.

Esta iniciativa busca facilitar a conciliación familiar, promover hábitos de vida saudables e reducir o tráfico rodado nas inmediacións dos centros educativos, tal e como explicou a edil.

O Goberno de Lugo aprobou a licitación do contrato para o proxecto, que contará cun orzamento máximo anual de 21.032,55 euros e terá unha duración dun ano, prorrogable

ata un máximo de tres anos.

A empresa adxudicataria será a encargada de contactar coas ANPAS para xestionar as inscricións e deseñar as rutas de cada centro, adaptándoas no caso de que se apunten novos nenos para asegurar distintos puntos de recollida.

O proxecto 'Camiño ás Aulas' consistirá en acompañar ao alumnado nos seus percorridos cara á escola coa axuda de monitores, todos os días do curso escolar. A ruta realizarase antes do inicio da xornada escolar, garantindo que os nenos e nenas cheguen como mínimo cinco minutos antes da hora de entrada.

Iria Buide destacou que, nos últimos anos, esta actividade realizouse

de forma piloto no CEIP Albeiros, obtendo unha excelente acollida. "Agora damos un paso adiante e estendemos esta actividade a máis centros escolares, achegando esta iniciativa a máis familias", afirmou a concelleira.

A implementación destes vieiros escolares tamén implica un cambio nas tendencias de mobilidade, contribuíndo á redución do uso do vehículo privado.

"As diferentes iniciativas de calmado de tráfico levadas a cabo pola área de Mobilidade nos últimos anos permítenos ofrecer estes vieiros escolares, garantindo a seguridade viaria e desfrutando dun tráfico calmado", explicou Buide.

O fotógrafo Álvaro Lamas expón ata maio no Vello Cárcere

A exposición *Capturando a Natureza*, do fotógrafo Álvaro Lamas xa está exposta no Vello Cárcere de Lugo despois de percorrer distintas localizacións das comarcas de Ferrolterra e Ortegal, e ofrece aos visitantes a oportunidade de adentrarse na fermosura dos paisaxes de Galicia e outras comunidades do norte de España.

O fotógrafo mugardés transporta ao espectador a algúns dos lugares máis emblemáticos e fermosos de Galiza, como Ferrolterra, Ortegal e a Mariña Lucense, así como a outras rexións como Asturias, Cantabria e Navarra. Cada paisaxe é retratada cunha visión única, que reflicte a súa conexión persoal coa natureza.

A concelleira Maite Ferreiro destacou que esta mostra é "unha oportunidade única para mergullarse no mundo natural a través da mirada de Lost in Woodlands Photography, o proxecto de Álvaro Lamas, co que pretende facernos redescubrir a beleza e o encanto do noso entorno natural desde unha nova perspectiva".

O propio autor da mostra, Álvaro Lamas, explicou que *Capturando a Natureza* pode parecer un título xenérico, pero "representa a esencia mesma do meu proxecto: capturar aqueles lugares e paisaxes que me sorprenden pola súa beleza, esplendor, maxia ou encanto. Ás veces son grandes paisaxes: fervenzas ruxentes, xélicos lagos de montaña ou solpores vertixinosos sobre acantilados. Outras, un pequeno cogumelo agochado entre follas pode representar un mundo enteiro e levarme a pasar media mañá no chan para capturalo".

A exposición estará aberta ao público no Vello Cárcere ata o 16 de maio.

EN BREVE



DEBATES. O equipo de debate de 4º de ESO do colexio Maristas A Inmaculada clasificouse para a final do Parlamento Xove, tras gañar os tres debates. "Con esta destacada actuación, o grupo asegurou a súa presenza na fase decisiva deste prestixioso torneo autonómico", sostiveron dende o centro educativo.



CEMITERIO. O Cemiterio Municipal de San Froilán foi o escenario dunha nova edición dos Paseos Teatralizados. A actividade centrouse en reivindicar a memoria das mulleres máis destacadas da historia lucense que descansan neste camposanto a cargo do grupo de teatro Achádego



LUGOXA. O noso xornal foi o protagonista dunha actividade educativa celebrada no Colexio Salesianos de Lugo con motivo da Semana da Prensa. Durante a xornada, os estudantes de Educación Infantil, Primaria e Secundaria tiveron a oportunidade de traballar con diversos exemplares do xornal, pertencentes a diferentes meses, para afondar no seu contido e aprender sobre xornalismo.

Celebran no Museo as xornadas polo 25 aniversario da Muralla

O Museo Provincial conmemorará o 25 aniversario da inscrición da Muralla Romana na listaxe de Patrimonio da Humanidade coa celebración das VIII Xornadas de Divulgación Científica do Patrimonio Arqueolóxico Lucense, os días 4 e 5 de abril no Pazo de Marcos.

Baixo o título *Muralla Romana de Lugo. Ann XXV in Tabula Mirabilium*, o encontro converterase nun espazo de reflexión, debate e intercambio de coñecementos para analizar a transcendencia desta emblemática construción romana dende distintas perspectivas: histórica, arqueolóxica, restauradora e tamén comunicativa e divulgativa. O programa inclúe conferencias, mesas redondas, visitas técnicas

e encontros con especialistas de referencia. Entre eles estará o equipo redactor da proposta que fixo posible a declaración da Muralla como Patrimonio da Humanidade, composto por Bieito Pérez Outeiriño, Enrique Alcorta Irastorza, Felipe Arias Vilas, Covadonga Carreño Gascón e Ignacio López de Rego Uriarte.

As persoas interesadas en asistir deberán inscribirse previamente a través do formulario dispoñible na páxina web da Rede Museística Provincial ou escaneando o código QR incluído no cartel das xornadas. A participación é totalmente gratuíta, e poderá facerse de forma presencial, cun aforo limitado a 130 prazas, ou en liña



Arte Corporal convoca os festivais We Tattoo e Oktoberink en maio

A Asociación Galega de Arte Corporal confirmou as datas para novas edicións dos seus emblemáticos festivais, We Tattoo e Oktoberink, que se celebrarán en Lugo nos meses de maio e outubro, respectivamente. Estes festivais converteronse en citas imprescindibles para os amantes do arte corporal, e a Xunta de Galicia continuará brindando o seu apoio a estes eventos.

O delegado territorial da Xunta en Lugo, Xavier Arias, reuniuse con Iván López e Nuria Carballido, presidente e secretaria da Asociación Galega de Arte Corporal, para renovar o respaldo do Goberno galego a estes festivais. Na reunión abordáronse os detalles de ambas as citas e destacou a súa importancia na promoción do arte do tatuaxe na rexión.

A primeira destas citas, o festival We Tattoo, xa ten data confirmada. Celebrarase do 23 ao 25 de maio no Muhl de Lugo, e os organizadores esperan reunir máis dunha vintena de estu-

dos de tatuaxes e piercings de Lugo, así como doutros lugares como Ourense, Madrid e incluso Italia. Os asistentes terán a oportunidade de coñecer de cerca o traballo destes artistas e desfrutar dunha variada oferta de arte corporal.

Ademais dos tatuaxes e piercings, o evento contará cunha zona gastronómica onde os asistentes poderán gozar dunha oferta culinaria variada, e música en vivo a cargo dos grupos Mad Martin Trío e Gin Toni's, que poñerán o toque musical ao festival. Como peche desta segunda edición de We Tattoo, o cómico galego Miguel Lago ofrecerá a súa actuación no auditorio Gustavo Freire durante a última xornada do evento, garantindo risas e diversión para todos os asistentes.

A celebración de We Tattoo e Oktoberink en Lugo preséntase como unha oportunidade única para os apaixonados do tatuaxe, ademais de contribuir á dinamización da cultura e o ocio na cidade.

“O Club de Lectura é un espazo aberto para expresarse e escoitar”

María Fernández, coordinadora deste grupo cultural de Lugo, pon en valor as xuntanzas sobre diferentes propostas como “terapia” para a sociedade

Jessica Fernández

“Crear comunidade nun espazo acolledor, fomentar o diálogo e xerar unha actividade de ocio gratuíta e aberta a toda a cidade” son os obxectivos que persegue o Clube de Lectura de Lugo, que xorde hai oito anos da man da súa coordinadora, María Fernández, que volve a Lugo despois de varios anos vivindo fóra e “votaba de menos asistir a actividades culturais que se adaptaran ao meu horario”.

Fernández, autónoma, traballa de luns a venres ata as 21.00 horas, polo que as iniciativas culturais da cidade amurallada non encaixaban, moitas veces, coa súa dispoñibilidade; e, ademais, como amante dos libros, viu a necesidade de promover un club de lectura que puidera ter lugar os sábados. Así, naceu o Clube de Lectura de Lugo, que xa conta na actualidade con arredor de 60 integrantes, dos que participan, asiduamente, entre 15 e 20 persoas.

“Ao principio, xuntabamos de maneira bohemia e informal en bares, onde falabamos dos libros que liamos, pero tivemos que parar de xuntarnos na pandemia. Logo desta, decidimos retomalo e atopamos moito interese e demanda para participar

nos nosos encontros, xa que moita xente mostraba un gran interese pola literatura e por poder falar nun espazo seguro de diversas temáticas, polo que contactamos coa Área de Cultura do Concello de Lugo para ver se podíamos reunirnos nalgún lugar público e xuntarnos todos. Así, cedéronnos unha cela do segundo andar do Vello Cárcere, un espazo que valoramos moitísimo”, explica María. Concretamente, valora “a súa posición céntrica, pero sobre todo a historia do edificio, xa que é bonito reivindicar a historia da xente que sufriu alí e que agora ese espazo sirva como un espazo de comunidade para compartir e reunirnos. Ademais, gústanos porque, ás veces, coincide co noso club de lectura algunha exposición ou concerto e iso tamén nos nutre como persoas, porque podemos sorprendernos con algo interesante”, destaca.

FALAR E ESCOITAR. No Vello Cárcere, María Fernández tamén destaca a acústica, xa que a cela recolle ben o son e poden falar nunha mesa redonda escoitándose unhas a outras. “Este espazo permítenos estar máis cómodas para falar e escoitarnos sen ter que alzar a voz. É algo importante

para cada unha de nós pero tamén para a sociedade, xa que fai falta escoitarse con calma”, explica.

Ademais de crear comunidade, o diálogo interxeracional “é unha das nosas inxerencias, polo que o fomentamos a través de diversos temas que nos preocupan. Eliximos un libro, lémosto e xuntámonos para compartir o que nos transmitiu esa lectura, reflexionando e compartindo as nosas perspectivas, así como escoitando ás outras persoas para comprender a súa perspectiva e poder facer unha instrospección, para así chegar a outras conclusións que, sos, non chegaríamos. É unha terapia para as participantes, porque comparten vivencias persoais a través das historias dos libros, xa que hai xente que se pode sentir identificada cunha situación ou personaxe e poñerlle voz, expresalo e abrirse é un exercicio de honestidade contigo e tamén dos demais por escoitarte e empatizar”, pon en valor María.

Por iso, desde o Clube de Lectura de Lugo cren que estas actividades promoven un cambio na sociedade. “Achegamos ideas novas ás persoas participantes para que poidan cambiar a súa visión, abran a súa mente e sexan máis acolledoras e compren-



dan outras realidades. Por exemplo, hai meses limos ‘A mala educación’, que fala da infancia dunha nena trans e había persoas que non se sentían abertas e este tema, pero despois do encontro tivemos unha charla tamén cunha persoa de Arelas e xurdiron novas perspectivas. Ao final, cambiou a nosa forma de ver as cousas, un cambio interno de expoñerse a ideas novas”. Ademais, a coordinadora do grupo sostivo que tamén se abren a novas ideas literarias, como a poesía: “Eu sempre intento facer un encontro de poesía porque é un xénero complicado”.

O FUTURO. O Clube de Lectura de Lugo ten como proxecto máis urxente constituírse como asociación, xa que agora son un grupo de xente que se reúnen sen outro fin que compartir lecturas, pero María Fernández considera que se poderían facer máis actividades de ter apoio. “Intentamos facer cada poucos me-

ses encontros con autores de libros e gustárame contar con apoio económico para formalizar estes eventos, porque cae o peso nos propios membros, xa que se lles fai un agasallo. É responsabilidade nosa ter que constituírnos e poder solicitar esas axudas, polo que é algo no que temos que proceder, porque ademais hai interese, asiste xente, fálannos polo correo electrónico e polo tanto deberíamos darlle forma e seguir crescendo”.

Ademais, comenta que xa fixeron rutas por Lugo, participaron dunha maridaxe para probar viños... “Estamos abertas a facer algunha ruta literaria ou desprazarnos a algún lugar da provincia con importancia literaria para coñecer ese lugar e poñelo en valor desde a perspectiva dun Clube de Lectura... en definitiva, mellorar e seguir crescendo, ofrecéndolle á sociedade lucense un espazo para compartir reflexións e experiencias”, conclúe.

O Concello inicia a organización da IV edición do Lucus Music Festival

O director artístico Cristóbal Soler reuniuse con Rubén Arroxó e Maite Ferreiro para comezar a organización da cuarta edición do Lucus Music Festival, que volverá converter a cidade nun punto de encontro musical e formativo de referencia.

O evento, consolidado como unha das citas máis destacadas do verán lucense, reúne en cada edición centos de asistentes nos seus concertos e actividades formativas.

Segundo destacou Maite Ferreiro, o festival manterá o seu carácter multidisciplinar, combinando actuacións abertas ao público con formación especializada para futuras directoras e directores de orquestra.

“A cita consolidouse como un referente imprescindible dentro da oferta cultural da cidade, favorecendo a participación cidadá e enriquecendo o verán lucense a través da música”, explicou a concelleira. Tamén puxo en valor a proxección internacional do festival, que atrae a Lugo a músicos, intérpretes e profesionais do sector



de diferentes partes do mundo. Cristóbal Soler, que volverá asumir o papel de director artístico e profesor de dirección, destacou a importancia de xerar novas oportunidades formativas para talentos emerxentes, que poderán aplicar os seus coñecementos nas actuacións abertas ao público durante o festival.

A programación da IV edición incluírá concertos gratuítos en espazos emblemáticos da cidade, como a Praza Anxo Fernández Gómez,

a Casa do Saber, a Praza Maior, o Vello Cárcere e a Igrexa de San Pedro, reforzando así o vínculo entre a música e o patrimonio urbano de Lugo.

Desde a Área de Cultura, o Concello reafirma o seu compromiso coa difusión e promoción da música, consolidando o Lucus Music Festival como un evento de referencia tanto a nivel nacional como internacional, que combina excelencia artística, formación e participación cidadá.

Arranca o XXXI Festival de Teatro Universitario

Continúa en Lugo unha nova edición do Festival de Teatro Universitario, que neste 2025 celebra a súa trixésima primeira edición.

Organizado no marco do programa Lugo Cultural, este evento encherá a cidade de arte escénica do 2 ao 11 de abril, cunha programación diversa e de acceso gratuíto para toda a cidadanía.

O festival contará con funcións teatrais a cargo de compañías universitarias, principalmente do Campus de Lugo da USC, así como doutras universidades galegas.

As representacións celebraranse no Auditorio Gustavo Freire, no Teatro El Magual (ULE), na Aula de Teatro do Campus de Ourense e na Casa do Saber.

Así, o 3 de abril comezarán as representacións das obras teatrais con *Voilà*, da Compañía de Teatro USC-Lugo, que terá lugar ás 20:30 horas no Auditorio Gustavo Freire. Pola súa banda, o día 4 de abril será a quenda de *Danza da vida breve*,

de Antonella Sturla, Teatro El Magual - ULE, ás 20:00 horas en O Vello Cárcere.

Xa o día 7, o Auditorio Gustavo Freire acollerá a obra *Agamenón, volvin do supermercado e deille unha mallada ao meu fillo*, de Rodrigo García, da Compañía de Teatro da USC, ás 20:30 horas.

O día 9, tamén no Gustavo Freire, representarase *Ludovico 2.5*, da Aula de Teatro do Campus de Ourense, Grupo Maricastaña, ás 20:30 horas.

Finalmente, o 11 de abril, a Casa do Saber de Lugo acollerá a obra *Cara de Leopolda*, da Compañía Vaites USC de Lugo, ás 20:00 horas. Ademais das funcións teatrais, o festival ofrece propostas participativas para artistas e público. O 5 de abril será escaparArte: accións escénicas nos escaparates, e ao día seguinte haberá un obradoiro de creación con Nuria Sotelo, en horario de mañá e tarde (11:00-14:00 h e 16:00-18:00 h).

Comezan os cursos de educación viaria no Parque Infantil de Tráfico

Comezan os cursos de educación viaria para escolares nas instalacións do Parque Infantil de Tráfico (PIT) no Parque da Milagrosa, onde comezaron os cursos de educación viaria para escolares.

Estes cursos foron postos en marcha pola Tenencia de Alcaldía do Concello de Lugo en colaboración coa Dirección Xeral de Tráfico (DXT), polo que o tenente alcalde do Concello de Lugo, Rubén Arroxo, e a concelleira de Educación e Difusión do Concello de Lugo, Iria Buide, foron de visita.

Arroxo anunciou que durante o curso escolar 2024-25, "as e os estudantes dos colexios de Lugo recibirán formación en seguridade viaria no PIT, unha instalación de referencia que permite simular diferentes situacións sobre mobilidade e tráfico". A través desta formación, o Concello busca sensibilizar aos máis novos sobre a importancia de respectar as normas de tráfico e fomentar boas prácticas desde idades temperás.

Pola súa parte, Iria Buide subliñou que, coa posta en marcha destes cursos, "recuperamos o funcionamento do PIT e traballamos na formación



das nenas e nenos, que é o obxectivo principal desta instalación". A Concelleira tamén destacou a accesibilidade deste programa, apuntando que a formación está dispoñible para todos os centros de ensino que desexen participar, co fin de que o maior número posible de estudantes poidan beneficiarse desta valiosa experiencia educativa.

Ademais, o Goberno de Lugo levou a cabo este ano unha "mellora estética" nas instalacións do PIT, renovando a sinalización da pista. Arroxo explicou que estas melloras permitirán ofrecer "unha boa calidade nas acti-

vidades, que xa están programadas ata final de abril".

A colaboración entre a Tenencia de Alcaldía e a DXT ten como obxectivo "achegar coñecemento e boas prácticas sobre seguridade vial a todas as nenas e nenos do concello, a través de accións que tamén se farán chegar aos centros de ensino", concluíu Arroxo. Os cursos de educación viaria no Parque Infantil de Tráfico supoñen un paso adiante na formación dos escolares sobre a importancia da seguridade vial, preparando as futuras xeracións para un comportamento responsable nas vías públicas.

Xa se pode votar polo cartel que representará a festa do Arde Lucus

A Concellería de Xuventude abriu a votación popular nas redes sociais do Arde Lucus para seleccionar, nunha primeira fase, entre os 64 deseños presentados.

Deste total, a metade dos traballos que obteñan maior respaldo popular, é dicir, 32, pasarán a unha seguinte e última fase, na que un xurado de expertos elixirá o deseño gañador.

Os lucenses poderán votar polo seu cartel favorito ata o vindeiro 14 de abril ás 12:00 horas, xa que a Casa da Xuventude acollerá o 16 de abril, a partir das 11:00 horas, o acto no que se descubrirá a obra escollida para representar o evento de recreación histórica.

Estas instalacións municipais tamén exhibirán durante un mes os 64 deseños aceptados para o concurso deste ano, ao que se presentaron 67 propostas, pero tres foron eliminadas por infrinxir as bases, xa que eran copias de portadas de libros, carteis doutras festividades nacionais ou foran creadas con intelixencia artificial. O deseño gañador recibirá un premio de 1.900 euros.

O cartel seleccionado converterase na imaxe oficial do Arde Lucus 2025, cumprindo con criterios de deseño, composición estética, orixinalidade, creatividade e calidade artística.



Encarna Lago, membro ordinario do Comité para a Museoloxía Social

A xerente da Rede Museística Provincial de Lugo, Encarna Lago, foi nomeada membro ordinario do Comité Internacional para a Museoloxía Social (CIMS) do ICOM, un foro internacional que reúne responsables de museos de Europa e América. A súa incorporación, a proposta da xunta directiva, será válida para o período 2025-2027.

Este recoñecemento internacional chega como unha nova validación do traballo realizado polos museos de Lugo para achegar a museoloxía á comunidade local e ao territorio no que se atopan.

Encarna Lago, ao unirse ao CIMS, participará activamente na reflexión global sobre a museoloxía social, un ámbito que busca re-

cuperar a memoria de grupos sociais historicamente relegados ou discriminados. A súa participación na organización tamén permitirá visibilizar o modelo de traballo que desenvolve a Rede Museística Provincial no campo da integración social a través dos museos.

Lago expresou a súa satisfacción e responsabilidade diante desta oportunidade: "Este nomeamento permite continuar visibilizando o traballo da Rede Museística de Lugo, ao tempo que me permite asumir a responsabilidade de colaborar con profesionais de todo o mundo na promoción dunha museoloxía social que defenda os Dereitos Humanos fronte ás ameazas que os poñen en risco."

O festival Primavera de Voces Xoves será o día 6

O domingo 6 de abril, a Delegación Territorial da Xunta será o escenario do festival Primavera de Voces Xoves, no que actuarán os coros xuvenís de Lugo, O Rosal e Campo Lameiro.

O evento, que terá lugar no salón de actos do edificio administrativo a partir das 19.00 horas, promete unha xornada cargada de música coral e moita enerxía xuvenil.

O delegado territorial, Javier Arias, reuniuse con Pablo Rico, presidente do Coro Xuvenil Lucense e impulsor deste festival, para avanzar na organización do evento e explorar posibles colaboracións futuras. Durante a reunión, tamén se destacou a importancia deste tipo de

festivais como ferramentas de divulgación da música coral en Lugo e a súa contribución á promoción da cidade entre os participantes das agrupacións visitantes.

Desde a entidade organizadora resaltan que este tipo de actividades favorecen a implicación dos máis novos en espazos de formación artística e socialización, ao tempo que contribúen á difusión e preservación da cultura galega.

O Primavera de Voces Xoves convida a todos os amantes da música a gozar dunha tarde de coros xuvenís chea de talento e arte, que ao mesmo tempo servirá para reforzar os vínculos culturais entre as diferentes localidades galegas.



Claudio Rodríguez Fer recibe o Premio Babel de Literatura do ano 2025

O escritor lugués e profesor da Universidade de Santiago de Compostela na Facultade de Humanidades e responsable da Cátedra José Ángel Valente de Poesía e Estética, ademais de poeta, narrador, ensaísta e tradutor, Claudio Rodríguez Fer, vén de ser distinguido co Premio Babel de Literatura 2025, outorgado pola Universidade de Texas, en recoñecemento á "extraordinaria calidade e á relevante achega da súa obra" no ámbito literario.

Este galardón, de carácter anual, está destinado a recoñecer figuras que fomentan o diálogo entre linguas e culturas a través da literatura. A entidade Mundus Artium Press, con sede na Universidade de Texas en Dallas, foi a encargada de conceder esta honra a Rodríguez Fer, quen foi tamén profesor visitante en múltiples universidades de Europa e América do Norte.

Ao longo da súa carreira, o autor xa foi recoñecido con prestixiosos premios como o Nacional da Crítica en España, así como co doutoramento honoris causa pola Universidade da Alta Bretaña, en Rennes. Entre outras distincións, conta tamén coa

Medalla Eminescu en Romanía e co nomeamento como Cunqueiriano de Honra en Galicia.

O comité internacional que outorga o premio salientou que Rodríguez Fer é un referente do pensamento pacifista e da defensa dos dereitos humanos, e que a súa produción poética, os seus ensaios e obras multilingües tiveron un impacto significativo no panorama literario internacional.

Descrito como unha das voces máis influentes da literatura de vangarda, Rodríguez Fer é autor traducido a multitude de idiomas, entre eles castelán, portugués, inglés, francés, alemán, italiano, grego, romanés, árabe, ruso, bretón ou esperanto. O seu célebre poema 'A cabeleira' foi traducido a máis de oitenta linguas dos cinco continentes, converténdose así no texto con máis versións da historia da literatura galega.

O Premio Babel representa unha aposta pola tradución como ferramenta para superar as barreiras lingüísticas e culturais, en contraste co mito da Torre de Babel, símbolo de separación e incomunicación.

AO NOSO CARÓN

O BNG pide a utilidade pública dos tratamentos das bandas dos piñeiros

A deputada do BNG no Parlamento, Montse Valcárcel, denuncia mediante unha batería de preguntas no Parlamento Galego a situación que se vive nos montes de Pol, A Fonsagrada, Baleira, Castroverde ou a comarca de Meira, incluso A Mariña ou A Terra Chá coa chamada enfermidade de bandas das acículas dos piñeiros (banda marrón e banda vermella).

As bandas son enfermidades fúxicas que causan a defoliación das coníferas e o seu debilitamento, polo que é aconsellable aplicar tratamentos para reducir o seu impacto. Nas masas de piñeiros galegas está a rexistrarse non só a afección da banda marrón e vermella senón que tamén se producen danos por outras enfermidades, como a diplodia e a cyclaneusma, causadas por fungos e cuxos danos a simple vista resultan moi parecidos ós das bandas. Resultando, que no monte está habendo un conglomerado de fungos cuxos efectos e síntomas

sobre os piñeiros son semellantes e que se coñecen como os vermellos criptogámicos.

Nesta visita aos montes de Valonga e Lúa en Pol púidose constatar a afectación que os piñeiros teñen da enfermidade das bandas. “Os piñeiros afectados comezan a poñerse marróns pola parte baixa e logo o problema vai subindo e estendéndose, ata o punto de que algunhas árbores rematan por secar”, explica a deputada nacionalista.

Hai montes con repoboacións novas, que se volveron ver afectadas pola banda marrón, e por recomendación de expertos tiveron que talar ás árbores, “pero a Xunta de Galiza a pesares destes graves prexuízos non ten nada previsto para controlar esta praga” insiste Valcárcel. O BNG reclámalle ao Executivo de Afonso Rueda declarar a utilidade pública dos tratamentos en áreas estratéxicas de piñeirais de Pinus radiata afectados polas enfermidades das bandas.

Socialistas da contorna esixen a cobertura da praza de pediatria

Os grupos municipais socialistas de Castro de Rei, Cospeito e Outeiro de Rei denuncian con contundencia a grave situación que atravesa a atención pediátrica nestes concellos tras a decisión da Xunta de Galicia de non repoñer a praza da especialista que atendía aos nenos e nenas da zona ata setembro de 2024. Os seus voceiros, Alba Sinde, Daniel Irimia e Carmen Acacio, amosan unidade nun “problema grave” que atravesa a súa comarca.

O problema arrincou coa baixa da pediatra que, ata ese momento, pasaba consulta en Castro de Rei dous días á semana, en Cospeito outros dous e en Outeiro de Rei un. Ante a falta de resposta por parte da Consellería de Sanidade, as familias destes tres municipios organizaron mobilizacións tanto nos seus concellos como en Lugo, esixindo a reposición inmediata da praza. Pediron unha reunión cos responsables sanitarios da área lucense, pero o único que obtiveron foi unha solución insuficiente e discriminatoria: un reparto improvisado dos días de consulta que relega a Castro de Rei e Cospei-



to a só unha mañá de atención pediátrica á semana, mentres que en Outeiro de Rei pasan consulta dúas mañás e unha tarde.

Ademais, a Xunta derivou a Castro de Rei e Cospeito un médico de atención primaria cun curso de puericultura, “un profesional que, aínda que pode asesorar sobre coidados infantís e prevención de enfermidades, non pode substituír a atención dun pediatra”, explican. Só Outeiro de Rei conta cun especialista unha tarde á semana. Este recorte supón un duro golpe para a infancia do rural, que queda sen unha atención estable, especializada e próxima ás familias.

Ante esta realidade, os tres grupos socialistas tomaron a iniciativa e levaron o problema aos plenos municipais. En Castro de Rei e Outeiro de Rei, as mocións esixindo a reposición da praza foron aprobadas por unanimidade, deixando claro que se trata dunha demanda unánime da veciñanza. Días despois foi a quenda de Cospeito, onde o PSOE levará ao pleno unha moción para reclamar o mesmo. “A pregunta agora é clara: vai o goberno municipal apoiar á súa xente ou seguirá dobrando o lombo ante a Xunta e o seu desmantelamento da sanidade pública?”, preguntanse.

portomarín

Cortapezas celebra as súas festas

A parroquia de Cortapezas en Portomarín prepárase para celebrar as súas festas os días 26 e 27 de abril, e 3 de maio. O 26 de abril, o grupo musical Fusión dará inicio aos festexos cunha actuación que promete ser intensa e vibrante. O evento levarase a cabo no campo da Nona a Santa Mariña, un espazo acolledor onde todos están convidados a participar. O día seguinte, 27 de abril, comezará cunha Misa solemne ás 13:00 horas, seguida dunha procesión que reflexionará a tradición relixiosa da parroquia. Esta xornada complementarase cunha sesión vermú animada por Pedriñas, quen animará o ambiente coa súa música.

Pola noite, a festa continuará coa orquestra Acordes. Ademais, a noite estará musicalmente complementada co DJ Nico, garantindo que a pista de baile se manteña ocupada ata altas horas da madrugada.

Finalmente, o día 3 de maio, haberá unha última sesión que completará as festividades, aínda que os detalles específicos están aínda por confirmar.

Crítica á convocatoria da comisión de contas

O grupo municipal socialista de Portomarín lanza unha dura crítica á xestión do alcalde, Pablo Rivas, ao que acusan de abandono nas súas funcións, despois de que o Concello viñese de ratificar as Contas do exercicio 2023, “incumprindo prazos fundamentais para un funcionamento institucional responsable”.

“Estamos ante unha situación insostible. Levamos meses de demora, e agora o alcalde convoca unha comisión con carácter de ‘urxencia’ para aprobar unhas contas que debían estar pechadas antes do 1 de xuño de 2024. Iso non é urxencia, é negligencia manifesta”, asegurou o voceiro socialista, Sergio Vázquez.

Desde o grupo socialista tamén censuran que o rexedor pretenda deslizar a súa culpa sobre o persoal funcionario. “Non pode escudarse nos empregados municipais para xustificar a súa propia inoperan-

cia. A presión indebida que está a exercer sobre eles é totalmente reprochable”, engade Vázquez, quen reclama que o alcalde asuma de inmediato as súas obrigas como responsable máximo da administración local.

Os socialistas lembran que, desde a chegada de Pablo Rivas á Alcaldía no ano 2021, non se aprobaron uns novos orzamentos, funcionando sempre con contas prorrogadas e sen unha planificación financeira real. Ademais, denuncian que cada ano se repiten anomalías na tramitación das contas, con erros na documentación, expedientes incompletos e continuos atrasos, chegando ao extremo de convocar plenos extraordinarios sen motivo xustificado.

O PSOE reclama que Pablo Rivas asuma a súa responsabilidade institucional e poña fin “ao colapso administrativo que está lastrando ao municipio”.



Mellorada a rotonda que une Lugo e Portomarín

A Xunta de Galicia levou a cabo unha mellora na rotonda situada ao inicio da estrada autonómica LU-612, que conecta Lugo con Portomarín, nas proximidades do barrio da Ponte. A actuación tamén favorece a conexión desta zona da cidade coa Ponte Branca.

O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, supervisou o resultado dos traballos, que foron executados pola Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas

cun investimento de 48.300 euros. Arias lembrou que esta actuación responde a unha demanda veciñal, que solicitaba unha intervención para mellorar a integración paisaxística da rotonda na contorna.

Ademais de mellorar a estética da infraestrutura, incorporáronse letras co nome de Lugo en cor branca, situadas de maneira que sexan claramente visibles para os condutores que acceden á cidade desde a estrada de Portomarín.

A Xunta investirá en obras de mellora na residencia de maiores

A Xunta de Galicia anunciou a próxima licitación das obras de mellora e mantemento da residencia de maiores Castro de Ribeiras de Lea, situada no municipio de Castro de Rei. O Executivo autonómico destinará preto de 312.000 euros para renovar o sistema de canalización de auga quente sanitaria e retorno deste edificio, que conta cun total de 172 prazas públicas.

Ademais da renovación das tubaxes de auga, a intervención incluírá outras actuacións de mellora, como a substitución dos desaugadoiros da cociña, a colocación dunha segunda bomba de achique, a suxeición de parte do muro cortina na segunda planta e o arranxo de danos no revestimento de tres zonas do edificio. O prazo de execución previsto para estas actuacións será de catro me-



ses.

Para minimizar o impacto no funcionamento habitual do centro, os traballos planificaranse en coordinación coa Dirección da residencia e levaranse a cabo en zonas ocupadas e de uso continuo, realizando as obras en horarios limitados para non interferir no día a día do centro.

Estas melloras están financiadas a

través do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea e forman parte do Programa de melloras dos centros de maiores da rede pública autonómica. En febreiro, a Xunta xa licitou obras similares na residencia de maiores Volta do Castro, en Santiago de Compostela, cun investimento de máis de 200.000 euros.

O alcalde reúnense con Arias para falar de novos investimentos

O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, mantivo unha reunión de traballo co alcalde de Castro de Rei, Francisco Balado, que serviu para analizar as principais necesidades do municipio naqueles ámbitos que son competencia da Administración autonómica e para avanzar en posibles colaboracións.

Na xuntanza referíronse ademais a recentes investimentos do Goberno galego no concello chairego, como os máis de 107.000 euros que se destinaron o pasado ano a acometer diferentes melloras nos centros educativos CEIP Veleiro Do Campo, CEIP Ramón Falcón e IES Terra Chá; os máis de 27.000 euros para mellorar e ampliar o parque infantil da



Praza Maior da localidade; ou os preto de 80.000 euros ao abeiro do Plan Marco 2023-2024 da Consellería de Medio Rural, que permitiron acondicionar vías municipais de acceso aos lugares de Vacariza, Barxa e Carballosa.

Arias trasladoulle ao rexedor de Castro de Rei a vontade da Xunta de seguir traballando de xeito conxunto co Concello no desenvolvemento de iniciativas que permitan seguir mellorando o benestar dos veciños e veciñas do municipio.

Os premios Moncho Valcarce distinguirán a Margarita Ledo Andiñón

Como todos os anos, despois de 22 edicións, o próximo 10 de maio se vai celebrar na cidade da Coruña a entrega dos Premios Moncho Valcarce.

Xa é unha tradición a súa celebración por estas datas. Un premio que co paso dos anos son unha cita obrigada para homenaxear a aquelas persoas, colectivos ou entidades cunha traxectoria contrastada que destacaran na defensa dos máis desfavorecidos, na defensa do idioma, da cultura e da identidade galega.

Este ano a entidade promotora – Irmandade Moncho Valcarce – vén de concederlle o Premio Moncho Valcarce na categoría Pola Promoción da Terra a Margarita Ledo Andiñón, escritora, xornalista, decana da facultade de Ciencias da Información onde exerce na actualidade como catedrática de comunicación audiovisual, académica numeraria da Real Academia Galega, Premio Nacional de cine e audiovisual, Premio Nacional da Cultura Galega, fundadora e directora do semanario A Nosa Terra, directora de cine e activista social e cultural.

En canto o Premio Moncho Valcarce na categoría Pola Defensa da Terra recaeu na Plataforma veciñal mina Touro-O Pino NON, entidade que leva dende o ano 2017 liderando a loita contra a reapertura da mina a ceo aberto para a extracción de cobre.

Ao igual que no seu día os veciños das Encrobas, Baldaio, Xove, Cuota



Empresarial e na actualidade os organizados contra Altri ou os eólicos, a Plataforma de Touro lidera a loita para que non lles quiten as terras, a auga, o aire, os mananciais, contra os efectos prexudiciais en sectores produtivos como o agro, o gandeiro ou o marisqueiro, ou os riscos para a saúde e a degradación do medio ambiente.

Deste xeito únense a un grupo de 40 Premiados, entre os que podemos mencionar a Asociación Socio-Pedagóxica Galega, asociacións anti-encoros, Preescolar na casa, Museo do Pobo Galego, Isaac Díaz Pardo, Avelino Pousa Antelo, Chao Rego, Real Academia Galega, Manuel Caamaño, Mesa pola Normalización Lingüística, Camilo Nogueira, Xosé Manuel Beiras, A Quenlla, Asociación Cultural Alexandre Bóveda ou Manuel Monge.

Os premios serán entregados nun acto programado para o vindeiro 10 de maio nun xantar a celebrar en Alvedro (A Coruña).

A Deputación aproba obras en varias estradas

A Xunta de Goberno da Deputación aprobou diferentes acordos que permitirán á institución provincial continuar avanzando na contratación de obras e actuacións para mellorar a súa rede de estradas. Así o informou a Voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, quen avanzou que a Deputación mobiliza 700.000 euros para licitar e adxudicar traballos que afectarán a nove estradas ao seu paso polos concellos de Castro de Rei, Cospeito, Foz e Antas de Ulla.

Nese sentido, apuntou que a Xunta de Goberno vén de licitar, cun investimento de 153.534,49 euros, as obras de mellora da estrada LU-P-

1104, que é a que conecta os concellos de Castro de Rei e Cospeito desde Portomuiño a Momán.

García Porto explicou que as obras afectarán á totalidade da estrada -desde o inicio da vía ao punto quilométrico 7,624- e consistirán na reapertura de cunetas, reparación dos desperfectos no firme e repavimentación. O prazo para a execución destes traballos será dun máximo de tres meses desde o inicio das obras. “Trátase dunha actuación importante porque esta vía articula o norte do concello de Castro, dando servizo directo á veciñanza de varias parroquias e diferentes explotacións agrogandeiras”, valorou.

GRANXA GOYOSO CASTRO

A Granxa Gayoso Castro, xestionada pola Deputación de Lugo, recibiu a visita dun equipo de avaliadores da Asociación Europea de Establecementos de Formación Veterinaria (EAEVE). A súa visita forma parte do proceso de avaliación da Facultade de Veterinaria do Campus de Lugo da Universidade de Santiago de Compostela, co obxectivo de renovar o selo europeo de calidade que recoñece os centros que cumpren os estándares de formación veterinaria.





Reunión para avanzar na concentración parcelaria

A directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Paz Rodríguez, reuniuse co alcalde de Outeiro de Rei, José Pardo, na casa consistorial. Nesta xuntanza abordaron os avances realizados nas concentracións parcelarias deste municipio, que corresponden aos lugares de Outeiro de Rei, San Lorenzo, Arcos, San Fiz e Sobrada, e que permitirán reorganizar a estrutura territorial de 2.451 hectáreas de superficie, beneficiando 833 titulares. Así, Rodríguez lembrou a importancia destes instrumentos, que procuran acadar unha ordenación da superficie agraria que permita un uso adaptado ás necesidades agrícolas e forestais de cada zona.

Repartidos 2.000 euros en premios no Entroido

Un ano máis, a praza da vila de Outeiro de Rei encheuse de cor e alegría coa celebración do XXVI Concurso de Disfraces, que tivo lugar o pasado domingo. O evento contou cunha gran afluencia de público e estivo amenizado polo dúo D’Caché Music e unha batucada, que puxeron ritmo a unha xornada festiva. O concurso premiou a creatividade e orixinalidade dos participantes en varias categorías. Na modalidade de comparsas, o primeiro premio foi para Cazabichos, seguido de Dando as Notas e Priscinetes. Na categoría de parellas, Alto ao Ratón Glotón levou o primeiro posto, mentres que La Patrulla Canina quedou en segundo lugar. En disfraces individuais, o primeiro premio foi para Iron Man, e o segundo para Ave del Paraíso. Na categoría infantil, os galardóns foron para La Cobra Carnavallera e A Sirenita. O premio especial á mellor comparsa de Outeiro de Rei foi para Circo de Outeiro, mentres que o xurado outorgou premios especiais a Un Bosque Animado, El Tren de los Amigos e Explosión de Colores. O certame volveu ser un éxito de participación.



Alumnado de cuarto de Primaria do CEIP Laverde Ruiz de Outeiro de Rei participou no terceiro almorzo saudable organizado polo Concello en colaboración coa Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal), dependente da Consellería do Medio Rural, co fin de promover bos hábitos alimentarios entre os nenos e nenas.

O Concello e o colexio organizan este mes a primeira Feira do Libro

O Concello de Outeiro de Rei e o CEIP Laverde Ruiz organizan a primeira edición da Feira do Libro do municipio o martes, 22 de abril. A iniciativa, que terá lugar en horario de 10.00 a 14.30 horas e de 15.30 a 19.00 horas nunha carpa instalada diante da Casa do Concello, acollerá diferentes actividades arredor do Día do Libro, que se celebra o 23 de abril. A finalidade é achegar aos nenos e nenas de Outeiro de Rei o ambiente dunha feira do libro, valorando deste xeito o gusto pola lectura, os libros e os escritores. Ademais, convidan a todas as persoas interesadas na lectura a achegarse, xa que será unha xornada con variedade de propostas que integran todos os públicos e de todos os concellos para que desfruten das diferentes actividades que se organizan en familia. O cartel da Feira foi froito dun concurso que organizou o Departamento de Biblioteca do CEIP Laverde



Ruiz, que convocou ás familias para que deseñaran póster que incluíra a esencia do que será o evento.

PROGRAMA DA FEIRA. As actividades do evento desenvolveranse pola mañá, máis dedicadas ao público infantil, xa que destacará a presenza e participación dos nenos e nenas do colexio de Outeiro de Rei; e pola tarde, momento no que as iniciativas serán máis para público xeral e adulto.

Contarase con diversos escritores e escritoras, como Ana Meilán e María Canosa que impartirán un contacontos para os máis pequenos, Toño Núñez, que estará coas súas obras infantís pola mañá e co seu último libro pola tarde; Anxo Moure e Sabela Núñez. Pola súa parte, con obras para público adulto estarán Rocío López, Marisol Bravos, Jordi Cicely, Fernanda Arroxo e Abril Camino. Ademais, haberá máis iniciativas, como un obradoiro de pintacaras, un espectáculo de maxia da man do mago David, estará Guido Guía, un orador e unha debuxante; así como terá lugar unha doazón de libros á Biblioteca Pedriática do HULA. No evento, participarán tamén tres librerías: a Ardelos de Rábade, a Amorín de Castro de Rei e a Aguirre de Lugo, así como estará algunha persoa vendendo produtos relacionados cos libros. Ademais, durante toda a xornada farase entrega duns tickets para realizar un sorteo de tres bonos de 50 euros e un libro.



Entregados os premios do Recitado de Poesía Rosalía Sempre Viva

Foron entregados os premios do Certame de Recitado de Poesía Rosalía Sempre Viva, convocado pola Casa Museo Manuel María. O evento tivo lugar na fase final do certame, celebrada no centro cultural de Outeiro, no que máis de medio cento de alumnos e alumnas de diferentes centros de ensino de toda Galicia participaron recitando poesía. As obras recitadas foron escollidas libremente entre a produción poética de Rosalía de Castro ou de Manuel María. Durante a cerimonia de entrega de galardóns, a deputada de Cultura felicitou a todos os partici-

pantes, destacando o seu talento e a súa implicación no certame. Tamén agradeceu ao profesorado e ás familias o seu compromiso, sen o cal, dixo, non sería posible levar adiante esta iniciativa. A responsable de Cultura tamén tivo palabras de recoñecemento para a Casa Museo Manuel María, salientando o seu labor na dinamización cultural da comarca e o seu esforzo por achegar a obra de Manuel María e a literatura galega ás novas xeracións, asegurando que este tipo de iniciativas son fundamentais para manter viva a nosa tradición literaria e cultural.

As comisións de festas poden solicitar unha actuación

O Concello de Outeiro de Rei, a través da Escola de Música Asociación Músico Crisanto de Outeiro de Rei, Rábade, Begonte e Friol pon á disposición das parroquias, asociacións e comisións de festas deste municipio que o soliciten, catro actuacións anuais de carácter gratuíto; as actuacións poderanse programar en horario comprendido entre as 11.00 e as 21.00 horas e terán unha duración aproximada de 45 minutos. Pódense solicitar as agrupacións Banda de Música Sons e Soños e a Coral. O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o 10 de abril.

Abre o prazo para solicitar a admisión na escola infantil

Ata o 30 de abril estará aberto o prazo de solicitudes de admisión para o curso escolar 2025/2026 na Escola Infantil Municipal. Durante este período de tempo, os pais/nais ou titores dos menores que estean na actualidade matriculados na escola infantil deberán presentar a solicitude de reserva de praza así como aqueles que desexen acceder a este servizo no próximo curso escolar.

O Concello acada os 5,3 millóns de euros de orzamento para este ano

O equipo de goberno de Friol, liderado polo alcalde José Ángel Santos, presentou uns orzamentos ambiciosos para o presente ano, destacando especialmente a partida destinada a investimentos en beneficio da veciñanza. Nos últimos anos, o orzamento inicial do Concello mantén unha tendencia ascendente. Así o reflicten os datos económicos xa que este ano, por segundo exercicio consecutivo, supéranse os cinco millóns de euros, alcanzando 5.315.000 euros, un incremento de máis dun millón de euros respecto a 2023.

O proxecto orzamentario está deseñado para garantir os mellores servizos á cidadanía, impulsar proxectos de investimento, dinamizar o tecido produtivo local e favorecer as transaccións comerciais entre particulares. O capítulo de gasto corrente en bens e servizos representa o 46,24% do total (2.457.731,35 euros), incluíndo o mantemento das vías municipais cunha partida específica de

738.626,49 euros en infraestruturas. Tamén se prevé o mantemento da rede de abastecemento de auga, a xestión de residuos, a limpeza viaria e a modernización do alumado.

En canto á promoción da educación, cultura e deporte, destínanse 1.040.983,28 euros, un incremento de máis de 400.000 euros con respecto ao exercicio anterior. Esta partida cobre necesidades do Centro Público Integrado Doctor López Suárez, o Punto de Atención Infantil, o servizo de Madrugadores, así como diversas actividades culturais e deportivas, entre elas a Festa dos Maiores, a excursión para maiores, a Feira do Queixo e do Pan de Ousá, o Friulio e outras iniciativas que fomentan a participación social.

En política social, destínanse 1.053.646,87 euros ao servizo de axuda no fogar, incluíndo atención a persoas dependentes e non dependentes, supoñendo preto do 20% do orzamento.

O Concello tamén fai un importante esforzo en transferencias correntes, cunha partida superior aos 130.000 euros, destinada a axudas como subvencións para o consumo eléctrico en vivendas illadas, axudas á natalidade, apoio a persoas en risco de exclusión social, prevención de condutas aditivas, subvencións a asociacións culturais e deportivas, así como o mantemento das festas populares nas parroquias.

En canto a investimentos, o orzamento inicial ascende a 1.282.858,41 euros, un incremento de 403.332,25 euros respecto ao ano anterior, con previsión de ampliación grazas á colaboración con outras administracións. Entre os proxectos máis destacados inclúense a construción dun local social en Narla (Eirexe), a mellora da rede viaria municipal, o aforro enerxético no alumado público e a renovación dos parques infantís Rosalía de Castro e Félix Rodríguez de la Fuente.

San Paio de Narla abre a mostra sobre a vida das mulleres no inicio do século XX

Abriu en San Paio de Narla a mostra *Soterradas: vidas e historias. As mulleres: Walter Ebeling*, que recrea algunhas das fotografías realizadas polo lingüista alemán na provincia de Lugo entre 1928 e 1933.

Do amplo arquivo do investigador, a mostra céntrase na reconstrución de escenas protagonizadas por mulleres, poñendo en relevo o seu traballo no campo e nas tarefas domésticas. A recreación presta especial atención á vestimenta, empregando prendas orixinais de distintos puntos da xeografía lucense recollidas ou recreadas pola asociación Sete Espadelas, que reflicten a evolución da vestimenta tradicional coa incorporación dos primeiros tecidos industriais ou as diferenzas no vestir segundo as clases sociais.

No acto de inauguración, cunha visita guiada por José Luis Rodríguez e David Quiñones, de Sete Espadelas, a deputada de Cultura Iria Castro valorou “a continuidade do traballo da Rede Museística por visibilizar e contar a nosa historia poñendo o foco nas vidas das mulleres”.

A mostra complétase con intervencións no Museo Provincial de Lugo e no Pazo de Tor, que tamén contan con escenas recreadas con vestimenta tradicional. Pódense ver ata o 30 de maio.

Santos reúnese coa conselleira de Vivenda



O Concello de Friol, por medio do seu alcalde, José Ángel Santos, vén de manter unha importante reunión coa Conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María Martínez Allegue, co obxectivo de avanzar en diversos proxectos que “marcarán un antes e un despois para o municipio”.

Durante o encontro, abordáronse distintas alternativas de desenvolvemento que, segundo se anunciou, converterán a Friol en protagonista de novas iniciativas “que impulsarán a súa modernización e mellorarán a calidade de vida da veciñanza”.

Dende o Concello, Santos subliñou a importancia de manter este tipo de diálogo institucional para garantir que Friol continúe avanzando no

ámbito urbanístico, social e económico.

Os proxectos previstos inclúen a mellora de infraestruturas viarias, actuacións en materia de vivenda e novas alternativas para favorecer o asentamento de poboación e o crecemento económico local. Esta iniciativa forma parte dun plan estratéxico “que pretende dinamizar a vida municipal e xerar oportunidades para todos os habitantes”.

As autoridades locais destacaron o seu compromiso en seguir traballando para que Friol se converta nun referente en desenvolvemento sostible e modernización, agradecendo á Xunta de Galicia a súa colaboración activa e o seu apoio a este tipo de proxectos estratéxicos.

Éxito na XXXI Feira do Queixo e Pan de Ousá



Friol acolleu unha nova edición da Feira do Queixo de Friol e Pan de Ousá, unha das citas gastronómicas máis emblemáticas de Galicia, recoñecida como Festa de Interese Turístico desde 2022.

O evento contou coa participación de preto de 50 queixerías e cinco panadarías, ademais de numerosos postos de artesanía, téxtil e alimentación, así como actividades complementarias como demostracións culinarias, obradoiros infantís e actuacións musicais.

A feira converteuse nun punto de encontro destacado para representantes institucionais, produtores e veciñanza.

Entre os asistentes estivo o secretario xeral do PSdeG, José Tomé Roca, acompañado pola secretaria de Organización, Pilar García Porto, o alcalde de Lugo, Miguel Fernández, deputadas e deputados provinciais, así como representantes das agrupacións socialistas da comarca. Durante o percorrido polo recinto, acompañaron á agrupación socialista de Friol, encabezada pola

súa voceira, Ana Pardo.

José Tomé puxo en valor o traballo dos produtores locais e reafirmou o compromiso do PSdeG co desenvolvemento do rural galego, destacando a importancia de apoiar os produtos de proximidade como motor económico e garante da identidade cultural da provincia.

Estivo tamén a conselleira do Medio Rural, María José Gómez, acompañada pola directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Paz Rodríguez, e o delegado da Xunta en Lugo, Javier Arias. Durante a súa visita, Gómez destacou o papel dinamizador deste tipo de feiras, que favorecen o comercio de proximidade e as canles curtas de comercialización, permitindo unha conexión directa entre produtores e consumidores. Un ano máis, a Feira demostrou ser moito máis que unha celebración gastronómica: un símbolo do potencial do rural galego, da súa capacidade de transformación e do compromiso das súas xentes coa terra.

Convocan a nova edición da Festa do Porco Celta

Este sábado, 5 de abril, celebrarase no pavillón municipal de Friol a VII Festa do Porco Celta, unha cita gastronómica e cultural que destaca a tradición e os produtos locais desta vila lucense. O evento incluírá unha ampla programación que dará comezo ás 16:00 horas co tradicional Campionato de Tute, no que os participantes competirán por premios como xamóns, lacóns, cacheiras e chourizos de porco celta, ademais dun porco celta cebado para o primeiro premio.

A partir das 20:00 horas abrírase a exposición e venda de produtos de porco celta, seguida dunha demostración profesional de corte de xamón ás 20:30 horas. Para dar a benvinda aos asistentes, ha-

berá un picoteo especial ás 21:30 horas.

O punto culminante da festa será a cea ás 22:00 horas, que ofrecerá un delicioso menú a base de caldo de ósos e cocido de porco celta. O prezo da cea é de 25 euros e inclúe a participación no campionato de tute para aqueles que asistan.

A xornada finalizará cun animado baile con música en directo a partir das 23:45 horas, de entrada libre para todos os asistentes.

As persoas interesadas poden contactar cos organizadores nos teléfonos indicados na programación. Esta festa promete ser unha excelente oportunidade para gozar da gastronomía local e compartir unha xornada festiva en comunidade.

o corgo



A Deputación avanza nas obras do cinto comarcal

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, inspeccionou a evolución das obras na estrada comarcal LU-P-1611, ao seu paso polo municipio do Corgo, unha actuación que conta cun orzamento que supera os 500.000 euros.

O responsable provincial destacou que os traballos avanza “a bo ritmo” coa pavimentación do firme en dous treitos, e estimou que estarán finalizados a comezos do mes de maio. Na visita estivo acompañado polo alcalde de Láncara, Darío Piñeiro, e polo deputado de Promoción Económica, Pablo Rivera Capón.

“Estamos facendo un gran esforzo económico na mellora da rede viaria, destinando este ano o 21% dos nosos recursos a este ámbito, porque a accesibilidade é un dos eixos fundamentais do noso labor institucional. Esta intervención é un exemplo máis desa aposta”, subliñou Tomé Roca.

Ademais, explicou que, xunto aos traballos en marcha no Corgo, a Deputación tamén ten contratadas melloras na vía entre os concellos de Begonte e Castro de Rei, e está

desenvolvendo outro proxecto no termo municipal de Castroverde.

A obra, executada pola empresa Francisco Gómez y Cía, comprende o treito entre o Alto de Gomeán e a parroquia de Marei —do quilómetro 0,1 ao 5,6, e outro tramo na zona de Maceda, entre os puntos 6,6 e 7,5.

Os labores inclúen a limpeza das marxes, rehabilitación do firme, asfaltado con aglomerado quente, renovación da sinalización vertical e repintado da calzada. Esta actuación completárase cunha intervención recentemente adxudicada pola Deputación entre Begonte e Castro de Rei, cun investimento próximo aos 350.000 euros, que permitirá mellorar 4,6 quilómetros da vía, afectando á parroquia begontesa de Felmil e á castrense de San Xiao de Mos.

Tomé Roca indicou que estas obras se integran no Plan de mellora da rede provincial de estradas, co que se prevé acondicionar 280 quilómetros ao longo deste ano cun investimento global de máis de 12 millóns de euros.

boración para a nova edición deste evento.

O Mercado de Oficios do Corgo destaca pola presenza de numerosos postos de venda, con especial protagonismo para a artesanía e as antigüidades, ademais de contar cunha variada programación cultural que complementa a oferta comercial e artesanal.

Con este apoio, a Xunta reitera o seu compromiso coa posta en valor das tradicións e o desenvolvemento económico da zona, promovendo iniciativas que favorecen o turismo e a actividade empresarial local.

guntín

O alcalde presenta un proxecto de mellora da rede de abastecemento

A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, e o alcalde de Guntín, Ángel Pérez, estudaron hoxe a mellora da rede de abastecemento da localidade durante unha reunión que mantiveron en Santiago de Compostela.

En concreto, o rexedor informou á conselleira do proxecto municipal para mellorar a rede de abastecemento de auga potable no núcleo de Guntín de Pallares. Segundo a documentación presentada polo alcalde, a actuación, cun orzamento inicial estimado de 400.000 euros, consistiría na construción dun depósito de auga potable que garanta unha maior capacidade de subministro, así como a instalación da rede de tubaxes, pozos, arquetas e válvulas correspondentes.

Ángeles Vázquez explicou ao alcalde que o persoal de Augas de Galicia estudará o proxecto de cara a establecer vías de colaboración para acometelo. Nesa liña, reiterou que a Xunta continuará prestando o seu apoio técnico e económico aos concellos para que poidan exercer as súas competencias de saneamento e abastecemento de xeito máis eficiente e prestar servizos de calidade á súa veciñanza.



De feito, o orzamento de Augas de Galicia sobe este ano 2025 preto dun 5%, ata os 144 M€, para seguir optimizando o saneamento e o abastecemento coa mellora de infraestruturas, a formación e divulgación e a execución de políticas activas de resposta ao cambio climático.

O obxectivo principal será facer un uso eficiente da auga e reducir a pegada hídrica na comunidade mediante investimentos nas redes de saneamento, depuración e abastecemento así como no apoio aos

concellos, o deseño de mapas de riscos climáticos ou a creación de corredores verdes para reducir os asolagamentos.

N-540. Os venres 4 e 11 de abril, no punto quilométrico 51, á altura da subestación de Soilán (Vilela de Merlán), está convocado un corte da estrada ás 11.00 horas para protestar polo mal estado da vía. Os cortes durarán 15 minutos e tentarán chamar a atención sobre as fochancas, falta de sinalización e pouca iluminación da estrada. Nesta concentración estarán representantes do PP.

Interior Galego Vivo denuncia o mal estado das estradas estatais

Interior Galego Vivo, a través dunha misiva asinada por Antom Fente Parada, Coordinador Xeral da formación, dirixiuse esta semana ao Ministro de Transportes e Mobilidade Sostible, Óscar Puente, denunciando o “lamentable” estado das estradas de titularidade estatal do interior galego. Un problema que, sinalan, “cronificouse sen que o Goberno adoptara solucións duradeiras”.

Concretamente, Interior Galego Vivo sinala o “estado actual da N-540 entre Lugo e Ourense, que representa un serio perigo para a seguridade viaria”. De feito, sinalan, “son crecentes os contratempos na mecánica dos vehículos que repercute moi negativamente na veciñanza e supón crecentes custos entre a desesperación dos traballadores e traballadoras que, diariamente, han de usar esta estrada” “Somos coñecedores de que se dotou con fondos a reparación desta estrada pero, a día de hoxe,

estes traballos foron non só lentos, senon ineficaces e pouco duradeiros”, sinalou Antom Fente. Dende Interior Galego Vivo advirten de que “o orzamento non é suficiente” e urxen a unha actuación e mellora integral do principal nexo de unión entre as cidades do interior galego.

Por outra parte, IGV denuncia tamén o “deplorable estado da N-120 entre Monforte de Lemos e Os Peares”, especialmente nos tramos da vila do Cabe e arredores. Así, urxe a que se adopten medidas con celeridade, que “deben ter en conta de igual modo o estado da N-120A en Os Peares, permanente quebradeiro de cabeza para a veciñanza desa poboación”.

Asemade, denuncian que a N-525, de Benavente a Santiago de Compostela, precisa atención ao seu paso polas comarcas de Monterrei e A Limia, en Ourense, antes de que “o seu estado sexa análogo ao calamitoso estado da N-540”.

O Ladairo acollerá unha xornada de tecnificación

O 14 de abril, o campo de fútbol O Ladairo en Guntín será o escenario da Xornada de Tecnificación, dirixida a nenos e nenas de entre 5 e 15 anos ofrecerá unha oportunidade para mellorar as súas habilidades futbolísticas nun ambiente divertido e educativo.

A xornada desenvolverase de 09.30 a 14.30 horas, proporcionando un espazo para que os máis pequenos desenvolvan as súas destrezas coa axuda de adestradores especializados. Ademais das actividades formativas, todos os participantes recibirán un agasallo conmemorativo.

A organización tamén pon a disposición rutas de bus gratuítas desde Lugo e A Ulloa, facilitando o acceso aos participantes de diferentes zonas. Con prazas limitadas, é recomendable realizar a inscrición o antes posible.

Esta xornada promete ser unha experiencia enriquecedora para os mozos deportistas, combinando a aprendizaxe cos valores do deporte e fomentando a convivencia entre nenos e nenas de toda a provincia.

A Xunta reafirma o seu apoio total ao Mercado de Oficios do Corgo

O delegado territorial de Lugo, Javier Arias, confirmou que a Xunta de Galicia manterá o seu respaldo ao Mercado de Oficios que se celebra no Corgo a principios de agosto.

Segundo destacou, o Goberno galego “apostou desde a súa orixe por este proxecto, que encara a cuarta edición consolidándose xa como un dos principais reclamos turísticos e de dinamización económica do municipio e da comarca”.

Arias mantivo unha reunión con José Chousa, representante da entidade organizadora Os Cinco Ríos, na que analizaron as posibilidades de cola-

castroverde



A Asociación Miranda xa conta cun local renovado

A Asociación Cultural e Veciñal de Miranda, situada en Castroverde, inaugurou o seu local social reformado logo das obras de mellora realizadas grazas a unha axuda de 10.000 euros da Xunta de Galicia.

O acto de inauguración contou coa presenza do delegado territorial de Lugo, Javier Arias, quen explicou que os traballos financiados polo Goberno galego permitiron mellorar a comodidade, seguridade e accesibilidade da sede, que se atopa na antiga escola da localidade.

A axuda foi concedida a través do plan específico de acción comunitaria da Dirección Xeral de Administración Local, e as obras incluíron a instalación de sistemas de climatización nas dúas plantas do edificio, a pintu-

ra das estancias, o cambio da porta principal por unha máis segura, a incorporación dunha rampa de acceso e melloras nas instalacións eléctricas e de fontanería.

Javier Arias subliñou o “papel fundamental do movemento veciñal para dinamizar a vida social e cultural no rural” e destacou como exemplo o traballo da Asociación de Miranda, que promoveu a rehabilitación da antiga escola para crear un espazo de encontro onde se poderán seguir organizando actividades que enriquezan a comunidade.

A xornada tamén incluíu unha mesa de traballo para avanzar nos obxectivos da asociación, que busca difundir a importancia histórica e o potencial turístico da Vía XIX e recuperar a feira tradicional de Miranda.

Castroverde celebra a XXV Festa Homenaxe aos nosos avós o día 6



O Concello de Castroverde organiza a XXV Festa Homenaxe ós nosos avós o domingo 6 de abril, unha xornada especial dedicada a recoñecer e celebrar a importancia dos maiores na comunidade.

Os actos darán comezo ás 12.45 horas coa recepción dos asistentes na praza do concello. Ás 13.00 horas oficiarase unha misa na igrexa parroquial en lembranza e honra dos nosos maiores. Posteriormente, ás 14.00 horas, terá lugar un xantar de convivencia no pavillón municipal A Ferreira, onde os asistentes poderán compartir un mo-

mento de alegría e unidade.

A xornada continuará pola tarde cunha sesión de música e baile, creando un ambiente de festa e confraternidade. O evento, que xa cumpre vinte e cinco edicións, constitúese como unha cita ineludible no calendario cultural de Castroverde, fortalecendo os lazos entre xeracións e recoñecendo o legado dos nosos avós.

O Concello convida a toda a veciñanza a participar nesta emotiva homenaxe, promovendo as tradicións e valores que unen á comunidade.

Adxudican obras en estradas ao seu paso polo concello

A Conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas adxudicou por un importe de 3.249.074,38 euros as obras de reforzo do firme nas estradas autonómicas LU-113, no seu percorrido polos municipios de Cospeito e Abadín, e na LU-530, ao seu paso por Lugo e Castroverde.

Este contrato, adxudicado á empresa Construcciones Isidro Otero, S.L., arrancará coas obras ao longo do mes de abril. O prazo de execución das obras estímase en 6 meses.

Na LU-530, intervívase nunha lonxitude total de 16,4 quilómetros. Neste caso actuarase no treito que vai desde o quilómetro 3+600 ao 12+640, no seu percorrido pola municipio de Lugo; e no treito que continúa desde o punto 12+640 ao 20, no concello de Castroverde.

As actuacións teñen como obxecto a rehabilitación localizada do firme mediante o fresado e a reposición da capa de rodaxe, coa finalidade de mellorar as condicións de circulación nos distintos treitos destas dúas estradas, completado as obras co repintado das marcas viarias.

As intervencións non implican a realización de expropiación algunha, xa que todas están incluídas dentro da franxa de dominio público.

EN BREVE



ESTRADA. Os deputados do Grupo Provincial Popular revisaron o estado de abandono da rede viaria en Castroverde, onde denunciaron que o Goberno provincial “deixou o traballo a medias nas obras da LU-P-1201, sen reasfaltar a totalidade da vía e sen instalar os elementos de seguridade necesarios”.



MURAL. A Asociación de Nais e Pais do CEIP de Castroverde impulsou a creación dun mural arredor do concepto de igualdade. A obra, de estilo Concepto Circo, busca transmitir mensaxes de igualdade de xénero e fomentar a reflexión sobre este importante tema

pol

Nace a Fundación Terras de Pol, declarada de interese galego

A Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes vén de declarar de interese galego a Fundación Terras de Pol e ordenou a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

A Fundación Terras de Pol foi promovida polo Concello de Pol e formalizada mediante escritura pública o 24 de xullo de 2024. O alcalde presidente, Lino Rodríguez Ónega, presentou a solicitude de inscrición o 1 de agosto do mesmo ano. Trala revisión do expediente e o cumprimento dos requisitos legais, a entidade obtivo o recoñecemento oficial como fundación de interese galego.

A Fundación Terras de Pol nace coa finalidade de impulsar o desenvolvemento rural e territorial do municipio e da súa contorna, promovendo iniciativas en distintos ámbitos. Unha das primeiras é o aproveitamento de terras en desuso co acondicionamento e posta en valor de terreos abandonados

ou infrautilizados para a produción agrícola e gandeira, incluíndo prácticas ecolóxicas.

Tamén se busca unha integración social e servizos sociais co deseño e execución de programas dirixidos á mocidade, á terceira idade e a colectivos desfavorecidos, garantindo prestacións sociais e fomentando a inclusión.

A promoción do deporte é outro dos seus fins co fomento da práctica deportiva entre toda a poboación, con especial atención ás disciplinas de fútbol e baloncesto, así como ao deporte adaptado para persoas con discapacidade. Ademais, apoiarase a formación e cualificación profesional no ámbito deportivo.

Complétase co impulso da cultura coa organización e apoio a eventos culturais en Pol, con especial énfase na conservación e difusión da cultura e tradicións locais, colaborando con asociacións veciñais; e a protección do medio ambiente coa

promoción de proxectos vinculados ás enerxías renovables e á sustentabilidade ambiental.

Finalmente subliña unha mellora da xestión municipal co apoio ao Concello de Pol na análise e execución de novas estratexias para a prestación de servizos públicos; ou a creación, mantemento e xestión de instalacións e servizos que contribúan aos fins fundacionais, incluíndo a adquisición ou cesión de bens. Neste último caso englobaríase a compra do supermercado, unha acción que se levou a cabo xa que cando este anunciou o peche a localidade quedou sen ningún. Tamén o Concello tramitará baixo esta Fundación a recuperación da fábrica de embutidos Moncira e a área deportiva.

A clasificación da Fundación como entidade mixta, debido á diversidade dos seus fins, foi aprobada pola Comisión de secretarios xerais técnicos das consellerías da Xunta de Galicia.

COLABORACIÓNS

O meu fillo nunca minte

O PUPITRE



Julio Díaz

Levo días dándolle voltas a unha noticia que saíu referente a uns panfletos colgados no entorno dun instituto de Ourense en forma de “esquelas” contra unha profesora do centro pola súa maneira de impartir docencia. —Como estes días leva chovido moito e a min gústame pisar charcos vou comezar relatando unha historia real que ocorreu fai pouco”-

Todo comezou un día calquera, cando un docente do corpo de mestres dun colexio público comezou a recibir insultos e ameazas por parte dalgún dos seus alumnos, en particular dun en concreto. O docente comunicou o incidente á dirección do centro, que se puxo en contacto

cos pais. Estes, lonxe de reprender ao seu pupilo, desculpáronse polo ocorrido e plantexáronse educar correctamente ao seu fillo responderon con ameazas e faltas de respecto, onde o proxenitor do alumno chegou a espetar “onde está que o vou matar”. Os comentarios ían subindo de ton e os pais encoraxáronse ambos os dous.-

Tal foi a situación que o docente decidiu interpor denuncia ante a policía e como resultado o xuíz ditaminou unha orde de afastamento dos pais, así como o pago dunha multa e indemnización ao docente. Xusto despois disto, a nai chegou a dicir a outro membro do persoal do centro educativo que era preferible que o docente non regresara polo colexio e manifestou as súas violentas intencións: “Cando o vexa vouno pinchar” en clara referencia a unha hipotética agresión cunha arma branca. O docente que estaba de

baixa médica, incorporouse e ante novas faltas de respecto, insultos e ameazas o profesor precisou dunha nova baixa laboral.

Como vedes este relato real debuxa un perfil de proxenitor acusador que mantén problemas co profesorado. Son persoas que creen cegamente na inocencia do seu fillo/a “xamais minte”, alegan. Non aceptan a realidade, desculpan e xustifican calquera acción do seu fillo. Non confían no docente e desautorízanlo na súa presenza. Acusan ao profesor de terlles manía, maltrátalos psicolóxicamente e non facer ben o seu traballo.- A maioría das queixas están relacionadas co intento de presións para que se modifiquen as notas dos seus fillos e especialmente nos dous cursos de bacharelato que supoñen o acceso a unha ou outra carreira ou mesmo poder presentarse ás probas de acceso á universidade.- O normal é que estas falsas acu-

sacións, seguidas das denuncias ante os servizos de inspección, saltándose as canles normais de falar co titor do seu fillo e a continuación co equipo directivo do centro van directamente aos servizos de inspección, que por certo debería esixirles as canles previas antes de acadar accedendo ao seu servizo en lugar de aclarar o problema directamente co docente ou co titor de seu fillo. Adoitan ademais buscar o apoio doutras familias estendendo infundios e esaxerando calquera actuación. Buscan unha “camarilla” ao seu redor para sementar dúbidas da profesionalidade do docente e desacreditala.-

Seguramente me tachen de corporativismo, e pode que sexa certo, pero tamén digo que nun colectivo tan amplo como o noso ten que existir todo tipo de docentes e seguro hai quen se mereza que non o defenda, pero tamén temos cada vez un maior número de proxenitores que están criando nenos de cristal en burbullas, que se cren todo o que os seus fillos contan e antepón a súa palabra á nosa. Isto da docencia vai doutra cousa vai de colaboración e non de enfrontamentos, vai de axudarse e non de criticar, vai de participar en vez de obstaculizar... Pais e docentes temos un ben común, Os seus fillos.-

De galegos, do tempo e demais

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Semella que alén do Cebreiro, da Meseta cara abaixo, cargan no lombo aos oriúndos deste territorio certos sambenitos que non hai maneira humana de sacudilos de enriba. Desde chistes de mal gusto, ofensivos incluso nalgúns casos, ata reiterados estereotipos que proxectan unha imaxe non sempre amable —todo hai que dicilo- sobre os galegos.

Recentemente, foi público e notorio a expresión dunha parlamentaria no Congreso dos deputados, na cal se sorprendía do “gracejo” que lle causaba un que ocupou múltiples e variadas responsabilidades institucionais, chegando a ser presidente do goberno de España. Á señora

en cuestión parecíalle estraño que puidese ser simpático, gracioso, ... -iso significa o citado cualificativo en lingua castelá- alguén que procede dunha zona onde, segundo ela, a xente caracterízase por todo o contrario. A resposta a tal comentario non se fixo agardar e a boa da deputada, exministra, tivo que escoitar e ler de todo, poñéndoa fina pola súa afirmación, moi fóra de lugar e totalmente inapropiada.

Outra arroutada máis —permítaseme a expresión- que se expandiu coma o lume a través das redes sociais, foi a dun coñecido humorista andaluz, na que para amosar a súa incredulidade polos varios días nos que a choiva estaba a facer acto de presenza por eses lares do sur peninsular, algo ao que non están afeitos, manifestaba que xa se lle pegara o acento galego, que a Praza do Obradoiro se trasladara a Sevilla e que no Guadalquivir

acabarían por darse os percebes e os mexillóns —xa lles gustaría-. A verdade é que neste caso, o cómico foi ocorrente.

E que se lle contestamos a ámbolos dous?. Non vale o dito que o mellor desprezo ... Pero aínda así, non nolas coce o corpo, como por aquí dicimos. Á primeira, que veña máis habitualmente por aquí. Seguro que cambiaba de opinión. Nada máis. Sobre o segundo, recoñecendo que lle saíu un carallo ben pronunciado, tamén o convidaríamos a visitarnos. Comprobaría, en primeiro termo, que cando falamos en lingua española, non o facemos dese xeito; e en segundo lugar, evidenciando que maioritariamente temos un clima oceánico, dentro da xeografía galega existen unhas considerables variacións e así, non é o mesmo a zona costeira atlántica, por onde entran as borrascas, que bisbarras como a de Valdeorras ou a Ribeira Sacra,

O RECUNCHO DE CANELINA



onde as xornadas con precipitacións e as cantidades das mesmas resultan moi inferiores. Se decide vir no verán poderá comprobar a temperatura que marca o termómetro. En fin, por un lado, que a simpatía non é un dos nosos dons, e polo outro, que non sabemos as pintas que ten o sol. Ideas preconcebidas, reduccionistas, tópicos e simplistas

para con nosoutros, un pobo traballador e esforzado como o que máis, pero que tamén sabe desfrutar. E por suposto, claro que chove máis que en Córdoba, menos mal. Pero no verán temos praias, de mar e de río, e bañámonos nelas. Que en Galicia non somos feos, senón riquiños, a ver cando se decatan.

LUGOXA

Para calquera suxestión,
información ou comentario
non dubide en poñerse en
contacto con nós.

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.
Dirección: Diego E. García Puente
Teléfono: 661 464 323
E-mail: redaccion@lugoxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.
Dep. Legal: LU 56-2021

DEPUTACIÓN

O Pleno aproba o reparto dos cartos do Plan de Cooperación cos concellos

O Pleno aprobou por unanimidade a relación de actuacións e proxectos que os 67 concellos da provincia propuxeron para executar con cargo ao Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2025, que nesta anualidade conta con 22 millóns de euros de fondos da institución provincial. Deste xeito, o Goberno provincial sacou adiante a súa proposta a favor deste programa de investimentos, que inxecta 25 millóns de fondos públicos no tecido socioeconómico da provincia, tendo en conta as achegas dos concellos, que suman case 3 millóns.

Destacou o presidente da Deputación, José Tomé Roca, que é o quinto ano consecutivo que esta ferramenta se aproba no primeiro trimestre do ano, permitindo así aos concellos planificar as súas accións, traballar con máis previsión, aproveitar mellor os recursos e dar unha resposta máis áxil aos veciños e veciñas. Incidiu á entrada do Pleno que é un instrumento de cooperación que garante a distribución dos recursos públicos entre os 67 concellos con “criterios obxectivos e equitativos”.

A Deputada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Carmela López Moreno, explicou que os concellos presentaron as súas propostas para investir estes fondos da institución provincial aos diferentes programas: investimentos; Servizo de Axuda no Fogar (SAF); reforzo do emprego; actividades culturais; actividades deporti-



vas; actuacións e eventos turísticos; feiras e mercados; administración electrónica e protección de datos; e protección civil.

Nas peticións das entidades locais teñen prioridade os investimentos, aos que deciden dedicar máis de 16,5 millóns -case o 70% do total dos fondos-, para acometer 324 obras e subministracións; seguido da creación de emprego, á que destinan algo máis de 3,6 millóns cos que crearán 282 postos de traballo; e do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), para o que os concellos de menos de 20.000 habitantes reciben 3,3 para atender a unhas 2.000 persoas.

ORZAMENTO. Na sesión tamén se lle deu o visto bo a unha modificación do Orzamento da Deputación de Lugo para este ano 2025, mediante Transferencia de Crédito e Suplemento de Crédito, precisamente para poder materializar o

Plan Deputación. A Deputada de Economía, Recadación e Facenda, Carmela López, detallou que coa Transferencia de Crédito, se modifican as partidas orzamentarias que estaban consignadas inicialmente no Presuposto para adaptalas ás necesidades manifestadas polos concellos. E, por outra banda, co Suplemento de Crédito, incorpóranse aos Orzamentos algo máis de 10,4 millóns de euros, o que permite que a dotación económica do Plan Deputación deste ano acade os 22 millóns.

Así mesmo, acordouse a incorporación de máis 19 millóns de remanentes ao orzamento deste ano 2025 para “a amortización da débeda con 6 millóns de euros e lograr a débeda cero, algo moi importante, pero tamén para seguir reforzando a cooperación da Deputación cos concellos, e o apoio ao tecido social e económico da nosa provincia, para que poidan manter ou impul-

sar novas accións que contribúan a mellorar a calidade de vida e o benestar dos veciños e veciñas, así como á dinamización da actividade económica e do emprego”, detallou López, ao tempo que concretou a que estes fondos “irán destinados a distintos eidos que consideramos fundamentais para o noso territorio, como son as estradas, a cultura, a mocidade, o deporte, o medio rural, o turismo, a atención á cidadanía e as transferencias ós concellos”. O voceiro popular, Antonio Ameijide, denunciou que con este Plan Deputación PSOE e BNG “poñen a dieta a máis da metade dos veciños da provincia xa que a realidade é que o plan baixa os recursos a 32 concellos da provincia e conxélaos para case todos excepto 4”.

CONDONACIÓN DA DÉBEDA. Ademais, na sesión plenaria tamén saíu adiante unha moción do Grupo Provincial Socialista instando á Xunta de Galicia a aceptar a oferta de condonación da débeda feita polo Goberno de España, cos votos a favor de socialistas e nacionalistas e cos votos en contra dos populares. Esta medida permitiría reducir a débeda pública galega en 570 millóns de euros, liberando recursos que poderían destinarse á mellora dos servizos públicos, incluída a sanidade. Tamén se aprobou unha moción do BNG en apoio á mobilización nacional convocada pola Plataforma SOS Sanidade Pública do 6 de abril en Compostela.

Uns 132 colectivos foron aceptados para participar no programa Coñece a túa provincia

A Deputación de Lugo vén de publicar no Boletín Oficial da Provincia (BOP) a listaxe definitiva de entidades admitidas na quinta edición do programa Coñece a túa provincia. Un total de 132 colectivos foron aceptados para participar nesta iniciativa de viaxes gratuítas e destinada a entidades sen ánimo de lucro con sede en algún dos 67 concellos da provincia.

Desde a súa posta en marcha no 2021, esta iniciativa permitiu que preto de 10.000 persoas viaxasen pola provincia, pertencentes a 438 colectivos. Ademais, xerou un impacto económico superior aos 600.000 euros. Nesta quinta convocatoria, o programa ofrece un total de 3.036 prazas, mentres que outras 201 entidades quedaron en lista de agarda. Pola contra, 37 solicitudes foron excluídas por non cumprir cos requisitos da convocatoria.

O programa Coñece a túa provincia, impulsado pola Deputación de Lugo, ten como obxectivo fomentar o coñecemento da riqueza patrimonial entre os propios veciños e veciñas da provincia. Ademais, busca incentivar o turismo de proximidade e apoiar aos sectores hostaleiro, turístico e comercial.

Este programa supón unha importante oportunidade para que os veciños da provincia coñezan mellor o seu propio territorio e poidan contribuír á dinamización do turismo e da economía local.

Abre o prazo do programa Da Escola á Granxa

O BOP publicou a convocatoria de subvencións de concorrencia competitiva do programa Da Escola á Granxa da área de Rural da Vicepresidencia, que financia actividades educativas en granxas, producións agrarias e proxectos de emprendemento no rural.

A convocatoria, que conta cun orzamento de 200.000 euros, está aberta a asociacións de nais e pais de centros de educación infantil e primaria, que recibirán achegas de ata 1000 euros -100 máis que o ano pasado- para financiar o custo da actividade e o desprazamento ata as granxas e producións agroalimentarias que elixan entre as 45 participantes.

O programa ampliou e diversificou un ano máis a súa proposta educativa coa incorporación de 13 granxas novas respecto á última edición, a maioría delas proxectos familiares, que teñen en común a aposta pola diversificación produtiva e pola produción ecolóxica.

O deputado de Rural Daniel García agradeceu “as granxas participantes a súa implicación en deseñar as actividades para os nenos e as nenas que as visitan, mostrándolles a importancia do sector primario na produción de alimentos e na conservación do territorio”.

O prazo para presentar as solicitudes está aberto ata o luns 21 de abril.

FORMACIÓN



O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, xunto á deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, entregou no salón de actos do Pazo de San Marcos os diplomas a 133 empregados e empregadas públicos da propia institución e de 38 concellos que completaron os cursos do Plan de Formación Continua 2024. A Deputación organizou 20 accións, con máis 800 diplomas expedidos. O Plan Agrupado de Formación Continua 2024 incluíu accións centradas nos recursos humanos, transparencia e bo goberno, novas tecnoloxías, políticas de igualdade, procedementos xurídicos, atención ao cidadán, saúde laboral ou urbanismo e medio ambiente.

DEPORTES



Turismo de Galicia formaliza un patrocinio anual co Club Breogán

Turismo de Galicia formalizou un patrocinio anual co Club Baloncesto Breogán, cunha achega institucional de 242.000 euros. Este patrocinio non só respalda a un club histórico do baloncesto galego, senón que tamén contribúe á promoción do turismo deportivo como ferramenta desestacionalizadora do destino. Segundo Merelles, esta colaboración reafirma o compromiso da Xunta coa promoción turística do municipio de Lugo, unha aposta que se estende a diversas áreas como eventos, festivais, o impulso do Camiño Primitivo e o desenvolvemento do Plan de Sostibilidade Turística no ámbito da enogastronomía. Merelles destacou que o departamento de Turismo de Galicia investiu máis de un millón de euros nestas actuacións durante o ano 2024. Ademais, subliñou que o patrocinio do equipo de baloncesto vai máis

alá da simple difusión da marca en eventos deportivos. O obxectivo é aproveitar o calendario de competicións, que se desenvolve de setembro a maio/xuño, para atraer a un público en tempadas de menor densidade turística, favorecendo a desestacionalización. A Estratexia de Turismo de Galicia 2030 establece como unha das súas principais misións a desestacionalización da oferta turística, destinando medidas concretas para promover eventos e actividades que contribúan a este obxectivo. Segundo os datos do Instituto Nacional de Estatística, o turismo deportivo representou un 1,4% do total en 2023, con 108.623 persoas que visitaron Galicia por este motivo. Ademais, o gasto medio diario dos turistas deportivos é de 125,6 euros, o que o converte nun sector de alto impacto económico.

Récord galego para o relevo mixto 4x100 estilos do PortaMiñá

O Club Natación PortaMiñá de Lugo asinou unha destacada actuación no Gran Campionato de España Open e Junior celebrado en Sabadell, cun total de catro medallas. Sofía Mourenza colleitou tres medallas de bronce na categoría Júnior: nos 100 metros braza, 200 metros braza e 200 estilos. Ademais, foi quinta nos 400 estilos Junior e sétima nos 50 metros braza. Tamén destacou Inés Mourenza, que conseguiu a medalla de prata nos 200 metros bolboreta e acadou unha meritoria sétima posición na categoría Absoluta desta mesma proba. Así mesmo, foi quinta nos

1500 metros libres e nos 800 metros libres en categoría Junior, ademais de ocupar o posto 14 na clasificación Absoluta dos 800 libres. Outro dos fitos do campionato foi o récord galego absoluto conseguido no relevo mixto 4x100 estilos, integrado por Martín Vázquez, Sofía Mourenza, Inés Mourenza e Brais Novo. Na categoría Absoluta, Martín Vázquez finalizou décimo nos 50 metros bolboreta e ocupou a décimo cuarta posición nos 100 metros costas. Brais Novo nos 100 metros braza quedou a tan só unha décima do récord galego absoluto, rematando en undécima posición.

A Copa Deputación escolleu aos oito finalistas de cuartos de final

A fase de oitavos de final da Copa Deputación para Segunda e Terceira Futgal estivo marcada por resultados contundentes e moitos goles. Entre os equipos da categoría máis baixa, só Cazás e Goiriz lograron avanzar á seguinte rolda. O Cazás, representante de Xermade, impúxose por 3-2 ao Castroverde, conseguindo unha pequena vinganza deportiva tras quedar relegado ao play-off no campionato de liga, mentres o seu rival lograba o ascenso directo. O encontro comezou de xeito inmillorable para os locais, que abriron o marcador nos primeiros minutos. Xa na segunda metade, co 3-1 a favor, parecía que tiñan o control, pero un gol visitante no tramo final puxo emoción ao partido. O Goiriz, pola súa banda, segue coa súa tempada impecable. Tras conquistar o título e o ascenso, despatchou ao Pontenova cun claro 3-0. Menos sorte tivo o Corgo, o outro equipo

de Terceira en competición, que caeu con contundencia ante o Paradela (0-3). O primeiro tanto chegou antes do descanso e os visitantes sentenciaron na segunda metade, co último gol chegando case sobre o asubío final, tras un desafortunado tanto en propia porta. O Brollón tamén logrou o pase con comodidade tras un sólido 4-0 ante o Páramo. Con dous goles na primeira metade, os locais puxeron o partido costa arriba para o seu rival. Outro triunfo claro foi o do Riotorto, que se adiantou axiña no marcador e venceu á Piringalla por 4-1. Na primeira media hora, os locais anotaron dous tantos pero antes do descanso, cada equipo sumou un gol máis. O local asegurou a súa vitoria cun último tanto que completou o marcador. O enfrontamento entre Becerreá e Santa Comba estivo moi igualado, pero os locais acabaron impoñendo-

se grazas a un dobrete. O Santa Comba igualou o marcador e presionou con forza no treito final, pero non foi quen de culminar a remontada. O partido máis tolo da xornada protagonizárono Folgueiro e Cabreiros, cun vibrante 4-5. O Folgueiro levou a iniciativa durante boa parte do duelo, pero o resultado estivo apertado ata o final. Dous goles en propia porta dos locais e un penalti a favor fixeron que o marcador fose un auténtico carrusel. Por último, o San Roque tamén asegurou a súa praza en cuartos tras superar ao Lemos B por 5-3. Foi un encontro de ida e volta, cheo de erros e alternativas, que non se resolveu ata os minutos finais, cando os locais lograron os dous tantos que romperon o empate a tres. A emoción continúa na Copa Deputación, cun cadro de cuartos de final no que os equipos buscarán seguir avanzando cara ao título. Será xa na Semana Santa.



O Biosbardo brilla no torneo de Trailrunning

O Club Deportivo Biosbardo destacou no Campionato Galego de Trailrunning, unha das citas máis importantes do calendario deportivo de Galicia. Neste esixente percorrido de 28 km con máis de 1770 metros de desnivel positivo, o club tivo un rendemento sobresaínte na loita polos títulos e as prazas de selección. Na masculina, Federico Losada corrouse como Campión Galego M45, alcanzando o 8º posto na clasificación xeral, consolidando a súa posición no grupo de cabeza e asegurando o seu lugar na selección galega. Marcos Pascual proclamouse Campión Galego M40, entrando en meta no 10º posto absoluto e garantindo tamén a súa presenza na selección. Por súa parte, Emilio Montilla logrou o título de Subcampión Galego M50 e ocupou o 14º posto na xeral, men-

tres que Fran Pascual se colou no podio co bronce galego M40, rematando no 16º posto xeral. Na feminina, Tamara García rematou na 4ª posición, cunha carreira estratéxica e perfectamente xestionada, o que lle permitiu asegurarse a súa praza na selección galega. Alba Rey, a pesar de non sentirse ao 100%, conseguiu o bronce galego M35 ao terminar no 8º posto absoluto. Por súa parte, Tere Dieste fixo súa a medalla de Subcampiona Galega M45 e rematou no 10º posto, mentres que Fanny Abelenda finalizou no posto 11º. Tamén merece unha mención especial Enara Fernández, corredora local que, aínda que renunciou a competir, estivo ao fronte da carreira como peche, realizando unha labor vital para o desenvolvemento do evento.

O CD Dez Portas logra varios ascensos

O Club Deportivo de Tenis de Mesa Dez Portas celebrou grandes éxitos nas últimas xornadas de competición. Proclamouse matematicamente campión da Primeira División Galega de Tenis de Mesa tras impoñerse cun contundente 5-0 á SD Hípica da Coruña. Este resultado, acadado a falta dunha xornada para o final da liga, certificou o ascenso do equipo á Terceira División Nacional. O equipo, capitaneado por Álvaro, Samuel e José Luis, pechou unha tempada inmaculada, con só unha derrota nas 15 xornadas disputadas ata a data, o que lle permitiu conseguir o ascenso de maneira holgada. O CD Dez Portas Contafis Todoxestión tamén se proclamou campión da Terceira División Nacional, tras impoñerse na última xornada ao Club do Mar de San Amaro, o seu máis inmediato perseguidor, por un axustado 3-2. Despois do ascenso conseguido a semana anterior polos seus compañeiros de Primeira Galega, o equipo de Terceira, integrado por Morufo Ahmed, Adrián Expósito, Manuel Penalonga e Xabier Carricoba, logrou tamén subir de categoría e competirá a próxima tempada en Segunda División Nacional. O ascenso confirmouse tras unha campaña case perfecta, na que o equipo sumou 17 vitorias nas 18 xornadas de liga, cedendo unicamente na xornada 11 fronte a Narón.



LaLiga Genuine en Lugo: Un labor deportivo, social e transformador

Míchel Trashorras, Álvaro Fernández, Pablo Valiño e Nerea Darriba son os encargados desde o inicio do equipo Genuine do Club Deportivo Lugo

Jessica Fernández

“O que facemos co equipo Genuine é un labor deportivo e social, no que os integrantes son persoas con discapacidade que se senten recoñecidas como deportistas nun grupo de xente, o que lles xera un sentimento de pertenza que mellora a súa autoestima”. Con esta reflexión, Míchel Trashorras, Álvaro Fernández, Pablo Valiño e Nerea Darriba explican claramente que o proxecto de LaLiga Genuine é moito máis ca unha actividade deportiva.

O seu lema, Compartir antes que competir, exemplifica que o máis importante non é o resultado, senón “as ganas” e, sobre todo, “o benestar que lles reporta aos rapaces e, indirectamente, ás familias, participar nos torneos e facer deporte. Saen, viaxan e, queiras ou non, se un fin de semana os levas, as familias tamén teñen ese espazo de respiro e normalizan unha situación á que moitos, se non fose grazas ao club, nunca chegarían. Para eles é unha oportunidade de facer algo diferente. Hai moitos rapaces que nunca viviron esas experiencias: que é a primeira vez que soben a un avión, a primeira vez que saen da casa, a primeira vez que fan moitas cousas”, explican.

O Genuine é un proxecto que inicia LaLiga para xuntar persoas con discapacidade intelectual que poden practicar deporte na tempada 17-18. Ao principio, formábano 17 equipos, e o Club Deportivo Lugo decidiu unirse na tempada 18-19. “A partir de aí, falamos coas distintas asociacións de Lugo e créase o equipo, sendo o primeiro adestramento en maio de 2018”, comentan. Así, nace como un proxecto provincial ao que se suman Down Lugo, Aspnais, Prodeme de Monforte, Aspanane de Viveiro e Eu Son de Burela. Este ano, ademais, contan con rapaces de San Vicente de Paúl e Adace, que non poden competir pero veñen adestrar, e tamén algún rapaz de COGAMI.

Os profesores e a terapeuta ocupacional que se ocupan do equipo co-

mentan que “o papel das familias foi moi escaso, porque foi un tema que se fixo a través das asociacións, que se implicaron moito desde o primeiro momento, así como o club, que puxo moitas facilidades para que os rapaces puidesen vir. Tiñamos un autobús que viña desde a costa; se iamos adestrar a Friol ou a Pol, tamén tiñamos autobús...”. Por iso, din que foi un proxecto que se puxo en marcha grazas á vontade da Presidencia do Club Deportivo Lugo, que “se empeñou en que saíse e puxo os medios necesarios, estando desde o principio moi involucrado”.

ADESTRAMENTOS E TORNEOS. O equipo Genuine de Lugo, conformado por 37 rapaces, adestra un venres cada 15 días, cunha duración de hora e media. “Durante ese tempo, preocupámonos, principalmente, de que o pasen ben, que lles guste o fútbol e enganchalos. Seguimos as normas do fútbol oito. A diferenza principal? O resultado”, destacan. Estes encontros deportivos son torneos que se celebran 4 veces ao ano: dous de venres, sábado e domingo; e dous de sábado e domingo, repartidos de novembro a xuño. “Nos partidos de competición non se contan os goles. Contamos quen gaña cada un dos tempos, que son 4, polo que o resultado máximo pode ser 4-0. E o que realmente importa é a experiencia. Ás veces rematan os partidos e nin sabemos como quedamos. Porque non nos preocupa. O importante é que os rapaces o pasen ben e gocen, porque eses son os valores: xogar en equipo, respectar os compañeiros, o árbitro e entre eles, e que sexa equitativo, é dicir, que xoguen exactamente os mesmos minutos todos”, explican. Ademais, o árbitro tamén puntúa o comportamento dos xogadores, cunha clasificación de deportividade. “Dependendo de como manexan a súa autonomía, teñen unha valoración de 1 a 3”.

“A min o que máis me gusta, o que máis me enorgullece, é que teñen moi claro que hai cousas que están

por diante de gañar. Non hai ningunha máxima máis alá da ilusión do momento”. En definitiva, reiteran que “o máis importante, ademais de practicar fútbol, son os valores do fútbol, xa que é un deporte moi social enfocado ao seu benestar. Ademais, teñen grupos de WhatsApp entre eles e quedan, como calquera outra persoa. Encántalles ir tomar un chocolate con churros, ir ver unha película, dar un paseo... todo o que implica socializar”.

Por iso, comentan que, ademais dos torneos nos que participan, tamén organizaron xornadas de convivencia con outros equipos, como o Dépor ou o Sporting, e tamén foron a Ferrol varias veces; así como a PortAventura. Destacan o torneo do ano pasado en Baiona, “no que nos levaron en barco dar unha volta polas illas Cíes”. “É o que se move arredor do fútbol o que realmente engancha”.

A DISCAPACIDADE E O ESTIGMA.

Con respecto á acollida deste equipo por parte da sociedade en xeral, sosteñen que “todo o mundo, cando o ve, coñéceo, gústalle e valóao; pero para iso hai que velo. Non es capaz de saber o que é se non o ves”. E poñen en valor o papel das familias, que os apoian en desfrutar desta actividade, pero non demasiado, “xa que son familias moi envellecidas. Temos rapaces de entre 19 e ata 60 e pico anos”.

“Valoramos moito os rapaces e teñen un gran mérito, porque erguerse todos os días e ver que a sociedade che pon barreiras, e ser capaz de demostrarlles que non teñen razón... é difícil. Por iso, o noso traballo, o das familias e, sobre todo, o das asociacións, é tan importante, xa que nós o que facemos é facilitarlles as ferramentas que necesitan, a través do club ou do noso traballo, para demostrar ao mundo que son capaces de facer, na súa medida, o que todo o mundo fai: enfrontarse ao deporte, pasalo ben, ter amigos, viaxar, tomar algo. En resumo, normalizar unha vida”.

EN BREVE



KARATE. A nova deportista Iria Enríquez Cortón, pertencente á Escola Deportiva Shihan de Lugo, vén de ser distinguida co recoñecemento de Deportista Galega de Base. Iria vén de proclamarse unha vez máis Campioa Galega de Kata e Kumite na categoría Infantil, consolidándose como unha das promesas máis destacadas deste deporte en Galicia.



PÉNTATLON. A deportista lucense Mercedes Vila segue ampliando a súa brillante traxectoria e sumou un novo logro á súa carreira ao proclamarse campioa de España de péntatlon moderno. Vila acadou a medalla de ouro cunha destacada puntuación de 1.317 puntos, superando á catalá Laia Miró, que levou a prata con 1.256 puntos. O bronce foi para a balear Claudia van Boven, que rematou con 1.102 puntos.



NATACIÓN. A piscina das Pedreiras acolleu a 27ª edición dos Xogos Autonómicos de Natación organizados por Special Olympics Galicia, nun evento que reuniu a 150 deportistas pertencentes a 15 asociacións de toda Galicia, entre elas as lucenses San Vicente de Paúl e Aspnais. Ademais, máis de 50 persoas entre adestradores, voluntarios e integrantes da organización participaron activamente nesta xornada deportiva.



FÚTBOL. Con motivo da celebración do 8-M, Día Internacional da Muller, as xogadoras dos equipos femininos da Sociedade Cultural Deportiva A Milagrosa foron recoñecidas no campo de fútbol Luis López Gorgoso nun emotivo acto onde se lles entregaron petos de adestramento a favor da igualdade e contra a violencia de xénero.

DE RUTA EN RUTA

Guntín: Ruta do Miño

Esta ruta, que vai por Francos, conta con 8,5 km de percorrido de dificultade moderada e axeitada para os amantes da natureza

A Ruta do Miño en Guntín, situada na provincia de Lugo, é unha das mellores opcións para os amantes do sendeirismo e da natureza. Con 8,5 km de distancia percorridos, esta ruta discorre principalmente polas beiras do río Miño, ofrecendo unha experiencia única que permite gozar de paisaxes espectaculares e descubrir a historia e a cultura da comarca.

A ruta comeza en Leboriz, na parroquia de Francos, e remata en Tosende, na parroquia de Ferroi. O percorrido liñal alcanza os 11,1 quilómetros, cunha dificultade baixa, o que a fai accesible a sendeiristas de tódolos niveis. A ruta pode facerse en calquera dos dous sentidos, pero neste caso, o percorrido realízase comezando en Leboriz, un lugar apartado da estrada principal que conecta Lugo con Portomarín, sendo este un punto ideal para dar inicio a esta aventura.

O camiño, que discorre ao longo do río Miño, é un verdadeiro agasallo para os sentidos. Durante o percorrido, os sendeiristas teñen a oportunidade de observar as antigas pesqueiras e caneiros, estruturas tradicionais utilizadas na pesca



fluvial que aínda perduran na zona, lembrando unha época pasada de conexión máis íntima co río. O entorno natural, caracterizado por vexetación autóctona, presenta unha paisaxe verde salpicada polas meandros que o Miño vai trazando na súa curva na parroquia de Francos. En algúns tramos, o terreo volveuse rochoso, e en certos puntos o acceso pode ser dificultoso, engadindo un toque de aventura ao percorrido. É importante ter en conta que, dependendo das con-

dicións meteorolóxicas, o sendeiro pode volveirse máis complicado ou perigoso, especialmente cando hai chuvias. Un dos momentos máis destacados da ruta é o castro agochado nunha carballeira que se atopa preto de Francos. Este vestixio da época castrexa, tan característico de Galicia, ofrécelle aos sendeiristas unha oportunidade única para conectar co pasado ancestral da zona. Despois desta visita histórica, o camiño diríxese cara á pequena aldea de Santoalla, e



desde alí o sendeiro regresa a Leboriz, pechando o percorrido circular. Ao longo deste camiño, as persoas que decidan realizalo non só gozarán dunha beleza natural impresionante, senón que tamén se adentrarán nun entorno rural cheo de tranquilidade, onde se pode escoitar o son da auga fluíndo polo río e sentir a conexión coa natureza, que parece inmune ao paso do tempo. Para quen se anime a realizar a Ruta do Miño, é fundamental ter en conta as condicións meteorolóxicas. En

días de moita chuvia, algúns tramos do sendeiro poden volveirse esvaradíos ou incluso perigosos, polo que se recomenda precaución, sobre todo nos meses de maior humidade. A Ruta do Miño en Guntín é unha opción perfecta para aqueles que busquen un percorrido accesible, cheo de beleza natural, historia e unha dose de tranquilidade. Este camiño, ademais de ser unha inmersión na natureza, ofrece a posibilidade de descubrir os recunchos máis agochados e auténticos de Galicia.



DATOS



2 horas 30'



8,5 quilómetros



Dificultade Moderada



MTD

TRACTOR CUB CADET MTD MODELO RE 130H

Motor: MTD - 439 cc. Potencia: 15 HP.
Ancho de corte: 92 cm. Tracción: Hidrostático.
Capacidad recogedor: 240 l.
Ajuste altura de corte: 5 posiciones



sunseeker

ROBOT CORTACESPED POR GPS. INTELIGENCIA ARTIFICIAL HASTA 6.000M²

3.999,00 €
2.599,00 €

*Últimas unidades a este precio cómpralo ahora y págalo en 12 meses sin intereses

DESDE 1.999,00 €

FINANCIACIÓN 12 PÁGUE EN MESES SIN INTERESES

Ctra. de Santiago Km.3 (Salida Ctra. de Friol) - 27233 - Lugo
Telf.: 982 046 047 - info@millaven.com - www.millaven.com